



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 106
23 de outubro de 2024

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 13222 (12/INT-000580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a execución das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de conservación e protección do patrimonio natural e da biodiversidade

[45784](#)

I 13236 (12/INT-000581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira

[45787](#)

I 13277 (12/INT-000582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a adaptación do sistema sanitario público aos cambios que introducen as enfermidades emerxentes, como é o caso da covid

[45791](#)

I 13288 (12/INT-000583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a planificación enerxética en Galicia

[45793](#)

I 13294 (12/INT-000584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o rigor dos informes de impacto ambiental que leva a cabo a Xunta de Galicia, particularmente no caso do parque eólico Tesouro, nas Pontes

[45798](#)

I 13298 (12/INT-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre as concesións de auga para a zona de transición xusta das Pontes

[45803](#)

I 13351 (12/INT-000586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras [45807](#)

I 13354 (12/INT-000587)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a eficiencia da Xunta de Galicia na execución dos fondos europeos para a pesca [45810](#)

I 13371 (12/INT-000588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo e a organización das probas de acceso á universidade [45815](#)

I 13448 (12/INT-000589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso da economía de proximidade e do consumo do produto local no marco da loita contra o cambio climático [45818](#)

I 13491 (12/INT-000590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o impulso da economía de proximidade e do consumo do produto local no marco da loita contra o cambio climático [45821](#)

I 13501 (12/INT-000591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a atención sociosanitaria ás persoas afectadas por enfermidades irreversibles que xeran alta dependencia e gran impacto no contexto familiar, como é o caso da ELA [45825](#)

I 13505 (12/INT-000592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre o modelo de colaboración público-privada na construción das grandes infraestruturas públicas e o eventual rescate das autovías AG-55 e AG-57 [45828](#)

I 13515 (12/INT-000593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o respecto por parte do Goberno galego dos principios que deben rexer a contratación pública, singularmente nos contratos subscritos con Gallaecia Patentes y Marcas S. L. [45833](#)

I 13548 (12/INT-000594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana



Sobre a protección da costa galega e a política de prevención ante grandes episodios de contaminación provocados polo tráfico marítimo, como foi o caso do buque *Toconao* [45836](#)

I 13554 (12/INT-000595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a axilidade e a calidade asistencial dos servizos de urxencias dos hospitais públicos do Sergas, singularmente sobre a situación que se produce no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [45838](#)

I 13560 (12/INT-000596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo da televisión e da radio públicas de Galicia [45841](#)

I 13561 (12/INT-000597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre a conflitividade laboral na Corporación Radio e Televisión de Galicia e o incremento da externalización de contidos nos medios públicos galegos [45844](#)

I 13590 (12/INT-000598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o problema do desequilibrio nutricional nos menores de familias economicamente e socialmente vulnerables [45847](#)

I 13601 (12/INT-000599)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre os recursos humanos dos centros públicos de ensino e a posta en marcha do Plan de mellora educativa de Galicia (Plan Mega) [45851](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

I 13171 (12/POP-001972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada [45856](#)

I 13181 (12/POP-001978)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a nova orde de axudas destinadas a impulsar a eficiencia enerxética en infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais [45859](#)

I 13183 (12/POP-001973)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas publicada no DOG o 13 de agosto de 2024 para a promoción do viño galego en terceiros países [45861](#)

I 13193 (12/POP-001976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a previsión temporal que ten o Goberno galego para o remate da tramitación do proxecto de construción do parque empresarial da Miñata, en Coristanco [45864](#)

I 13198 (12/POP-001977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) [45867](#)

I 13226 (12/POP-001974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o papel que está tendo o Observatorio Galego da Biodiversidade nas actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa conservación do medio natural e da biodiversidade [45870](#)

I 13233 (12/POP-001979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que o Goberno galego prevé impulsar para o centro cultural vigués Teatro Cine Fraga [45873](#)

I 13238 (12/POP-001980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual posta en marcha de cambios no modelo actual de xestión do marisqueo [45877](#)

I 13253 (12/POP-001981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de realizar un estudo para a mellora da seguridade viaria da PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso [45880](#)

I 13258 (12/POP-001982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre a oferta de prazas da rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia na cidade de Vigo

[45883](#)**I 13264 (12/POP-001983)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas do IES Agra de Orzán, da Coruña, relativas ás necesidades de profesorado especializado en Pedagogía Terapéutica

[45886](#)**I 13271 (12/POP-001984)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da proposta de creación de unidades de covid persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia

[45889](#)**I 13280 (12/POP-001985)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

[45891](#)**I 13286 (12/POP-001986)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes

[45894](#)**I 13302 (12/POP-001987)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre o estado da concesión de auga á antiga central térmica das Pontes e o desenvolvemento do mecanismo nomeado como «Auga para a transición xusta»

[45897](#)**I 13304 (12/POP-001988)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre a asunción da responsabilidade por parte da Xunta de Galicia do pechamento dos centros escolares en casos de inclemencias meteorolóxicas importantes

[45901](#)**I 13338 (12/POP-001989)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello

[45904](#)**I 13349 (12/POP-001990)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar que medren as verteduras ás rías galegas [45906](#)

I 13358 (12/POP-001991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a axilización e o incremento da execución dos fondos europeos para a pesca [45909](#)

I 13372 (12/POP-001993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a proposta da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE) relativa ás probas de acceso á universidade para o curso 2025-2026 [45913](#)

I 13379 (12/POP-001994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente [45916](#)

I 13384 (12/POP-001995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o impacto que provoca a permanencia de prazas docentes vacantes na calidade educativa dun centro como o CIP O Cruce, de Cerceda [45919](#)

I 13389 (12/POP-001996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación do CPI Agra do Orzán, da Coruña, de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe [45922](#)

I 13396 (12/POP-001997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as xestións que realizou ou ten previsto realizar o Goberno galego para dotar o concello de Barbadás dun instituto de ensinanza secundaria [45924](#)

I 13443 (12/POP-001998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre o reforzamento dos recursos materiais e docentes dos centros de ensino para cubrir as necesidades do alumnado que precisa un apoio educativo específico [45927](#)

I 13449 (12/POP-001999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local

[45931](#)**I 13457 (12/POP-002000)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxerítricos

[45934](#)**I 13465 (12/POP-002001)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación no Centro de Saúde de Ribeira e no de Aguiño en relación coa súa dotación de profesionais sanitarios e non sanitarios

[45937](#)**I 13474 (12/POP-002002)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da praza médica do consultorio de Doiras, do concello de Cervantes

[45940](#)**I 13476 (12/POP-002003)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego ante a reclamación da comunidade educativa do IES Val Miñor, de Nigrán, relativa á cobertura dunha praza docente vacante de Matemáticas

[45943](#)**I 13492 (12/POP-002004)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local

[45946](#)**I 13496 (12/POP-002005)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os compromisos da Xunta de Galicia coa cidade de Lugo en materia de vivenda

[45949](#)**I 13502 (12/POP-002006)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA)

[45952](#)**I 13509 (12/POP-002007)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Vigo-O Val Miñor)

[45955](#)**I 13510 (12/POP-002008)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á revisión, tal como recomendou o Consello de Contas, das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41

[45960](#)**I 13513 (12/POP-002009)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as valoracións que fai o Goberno galego das súas contratacións coa empresa Gallaecia Patentes e Marcas S. L.

[45965](#)**I 13519 (12/POP-002010)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as promesas realizadas en 2019 pola Xunta de Galicia para impulsar Lugo como referente cultural

[45968](#)**I 13525 (12/POP-002011)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións de reforzamento no CEIP As Veigas, de Pontearreas, do cadro de profesionais especialistas no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

[45971](#)**I 13531 (12/POP-002012)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación en que está o CEIP da Pobra do Brollón coa perda dun mestre do seu cadro docente desde o inicio de curso

[45975](#)**I 13537 (12/POP-002013)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as necesidades de planificación e de dotación docente do CEIP Xosé Luís Taboada, de Carballo, para garantir a súa calidade educativa

[45977](#)**I 13546 (12/POP-002014)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o custo para a Administración autonómica e os seus organismos públicos da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo buque *Toconao*

[45979](#)

I 13552 (12/POP-002015)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de lograr unha mellor e máis áxil asistencia no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[45981](#)**I 13558 (12/POP-002016)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a eventual subscrición dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Poio, coa participación da Axencia Galega de Infraestruturas, para o proxecto de construción dun novo centro de saúde

[45983](#)**I 13563 (12/POP-002017)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación parcial e xubilación activa acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais

[45985](#)**I 13571 (12/POP-002018)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de desbotar os proxectos eólicos que ten en tramitación nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén pola súa afección ambiental, paisaxística e humana

[45988](#)**I 13588 (12/POP-002019)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a mellora da calidade e o equilibrio dos menús nos comedores escolares como garantía de que todo o alumnado reciba unha alimentación adecuada

[45993](#)**I 13595 (12/POP-002020)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a cobertura da baixa laboral da persoa titular da praza de pediatra que atende os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

[45996](#)**I 13599 (12/POP-002021)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre a adecuada dotación dos centros de ensino de profesionais especialistas en alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

[45999](#)

I 13604 (12/POP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a dotación do cadro docente do CEIP Mondariz-Balneiro de especialistas en Pedagogía Terapéutica

[46004](#)

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**Admisión a trámite e publicación****I 13221 (12/PRE-002706)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre a cobertura das necesidades docentes do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, e especialmente no referido ao profesorado que atende o alumnado con necesidades especiais

[46007](#)

I 13227 (12/PRE-002707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o papel que está tendo o Observatorio Galego da Biodiversidade nas actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia relacionadas coa conservación do medio natural e da biodiversidade

[46011](#)

I 13173 (12/PRE-002708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

[46014](#)

I 13189 (12/PRE-002709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre os recentes datos do Instituto Galego de Estatística referidos á evolución do coñecemento e do uso da lingua galega e a valoración que fai o Goberno galego da eficacia das políticas de normalización lingüística dos últimos quince anos

[46017](#)

I 13195 (12/PRE-002710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a previsión temporal que ten o Goberno galego para o remate da tramitación do proxecto de construción do parque empresarial da Miñata, en Coristanco, e o investimento que se prevé destinar á devandita infraestrutura en 2025

[46020](#)

I 13200 (12/PRE-002711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis



Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro [46023](#)

I 13202 (12/PRE-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as funcións que están realizando os auxiliares da Policía Local do Concello da Laracha e as condicións de supervisión en que as desenvolven [46026](#)

I 13234 (12/PRE-002713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que o Goberno galego prevé impulsar para o Teatro Cine Fraga, de Vigo, e a súa vía e grao de participación no deseño da actividade deste centro [46028](#)

I 13239 (12/PRE-002714)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as consideracións da Comisión Mar-industria da Confederación de Empresarios de Galicia verbo do modelo de xestión marisqueira, a valoración da Xunta de Galicia ao respecto e o eventual impulso de cambios orientados á súa mellora [46033](#)

I 13254 (12/PRE-002715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o estado en que está a PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso e a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de realizar un estudo para escoller as mellores opcións de mellora da seguridade viaria [46037](#)

I 13259 (12/PRE-002716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre a oferta de prazas da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo, a valoración que fai o Goberno galego do nivel de cobertura das necesidades da cidade e as medidas de mellora que prevé poñer en marcha [46040](#)

I 13265 (12/PRE-002717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas do IES Agra de Orzán, da Coruña, relativas ás necesidades de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica [46044](#)

I 13272 (12/PRE-002718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia



Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da proposta de creación de unidades de covid persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia [46047](#)

I 13276 (12/PRE-002719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre a valoración por parte da Consellería de Educación das decisións que tomou respecto da xornada escolar o día do paso da borrasca Kirk, as responsabilidades que lle atinxen nestes casos sobre a seguridade do alumnado e a recuperación e revisión das instalacións danadas [46049](#)

I 13282 (12/PRE-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade [46053](#)

I 13287 (12/PRE-002721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto da manifestación de interese (Mdl) aberta polo Ministerio de Transición Ecolóxica relativa aos nós de Galicia destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede [46056](#)

I 13296 (12/PRE-002722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre os efectos da instalación do parque eólico Tesouro, nos concellos da Capela e das Pontes, e o rigor do procedemento de avaliación ambiental que se levou a cabo neste caso [46061](#)

I 13303 (12/PRE-002723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes no que atinxe a usos industriais, o estado da concesión de auga á central termoeléctrica e as concesións solicitadas e concedidas no concello das Pontes [46066](#)

I 13339 (12/PRE-002724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello [46070](#)

I 13350 (12/PRE-002725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a situación relativa á calidade das augas vertidas ás rías galegas, a eficacia das medidas de inspección, vixilancia e control e as previsións que ten o Goberno galego de cara a 2025 canto a orzamentos e medidas

[46072](#)**I 13359 (12/PRE-002726)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o balance da execución dos fondos europeos para a pesca desde 2014 (FEMP), os informes do Consello de Contas nesta materia e o funcionamento das oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA

[46075](#)**I 13374 (12/PRE-002727)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a proposta da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE) relativa ás probas de acceso á universidade para o curso 2025-2026

[46080](#)**I 13381 (12/PRE-002728)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

[46083](#)**I 13386 (12/PRE-002729)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o impacto na calidade educativa dos centros escolares de Cerceda que provoca a permanencia de prazas docentes vacantes e a falta de dotación de especialistas en alumnado con necesidades especiais

[46086](#)**I 13391 (12/PRE-002730)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación dos centros de ensino, singularmente do CPI Agra do Orzán, da Coruña, de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co fin de manter un nivel axeitado na súa calidade educativa

[46089](#)**I 13397 (12/PRE-002731)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a pertinencia da creación dun instituto de ensinanza secundaria en Barbadás, as razóns de que a Xunta de Galicia desistise deste proxecto xa previsto no Goberno Bipartito e as actuais perspectivas do executivo sobre esta posibilidade

[46092](#)**I 13444 (12/PRE-002732)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos centros de ensino públicos de material específico, equipos de orientación e profesorado especialista na atención ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

[46095](#)**I 13452 (12/PRE-002733)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomenta a economía de proximidade e o consumo de produto local

[46100](#)**I 13459 (12/PRE-002734)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxeriátricos, así como os protocolos e os recursos humanos para a atención a estes pacientes

[46103](#)**I 13466 (12/PRE-002735)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación dos centros de saúde de Ribeira en canto á dimensión actual dos seus cadros médicos e de persoal non sanitario e as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas vacantes

[46106](#)**I 13469 (12/PRE-002736)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a reclamación da comunidade educativa do IES Val Miñor, de Nigrán, relativa á cobertura urgente dunha praza vacante de Matemáticas e, en xeral, sobre a dotación docente deste centro

[46110](#)**I 13475 (12/PRE-002737)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da praza médica do consultorio de Doiras, do concello de Cervantes

[46114](#)**I 13483 (12/PRE-002738)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a posta en marcha na cidade de Lugo das actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de Vivenda

[46117](#)**I 13495 (12/PRE-002739)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis



Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local [46120](#)

I 13504 (12/PRE-002740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar [46124](#)

I 13511 (12/PRE-002741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 e AG-57, os estudos realizados ao respecto e a valoración dunha posible revisión das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41 [46127](#)

I 13514 (12/PRE-002742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre os contratos realizados pola Xunta de Galicia coa empresa mercantil Gallaecia Patentes e Marcas S. L. [46132](#)

I 13520 (12/PRE-002743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as promesas realizadas en 2019 pola Xunta de Galicia para impulsar Lugo como referente cultural, como as referidas á súa implicación na creación do Museo da Romanización ou unha sede do Centro Galego de Arte Contemporánea [46135](#)

I 13526 (12/PRE-002744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da atención ás reclamacións da comunidade educativa do CEIP As Veigas, de Ponteareas, relativas ás necesidades materiais e profesionais do alumnado que precisa unha atención educativa especializada [46138](#)

I 13532 (12/PRE-002745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación que ten o CEIP da Pobra do Brollón en relación co seu cadro docente e a planificación da Xunta de Galicia para manter no futuro a calidade educativa neste centro [46142](#)

I 13538 (12/PRE-002746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina



Sobre a garantía da calidade educativa no CEIP Xosé Luís Taboada, de Carballedo, e a planificación que ten a Xunta de Galicia orientada ao futuro deste centro [46144](#)

I 13547 (12/PRE-002747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o custo para a Administración autonómica da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo *Toconao*, as accións contra o armador ou o propietario da carga e as medidas impulsadas polo Goberno galego ante outras administracións para previr novos episodios deste tipo nas costas galegas [46146](#)

I 13553 (12/PRE-002748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as condicións de funcionamento que se están a producir no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de lograr unha mellor e máis áxil asistencia [46148](#)

I 13559 (12/PRE-002749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o traballo da Xunta de Galicia co Concello de Poio na tramitación do proxecto de construción do novo centro de saúde, a partida orzamentaria que dotará para 2025 e a futura configuración da actividade asistencial neste concello [46151](#)

I 13564 (12/PRE-002750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais [46154](#)

I 13572 (12/PRE-002751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos efectos sobre o patrimonio natural, paisaxístico, cultural e humano dos proxectos eólicos que está a tramitar nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén e a súa eventual paralización [46157](#)

I 13589 (12/PRE-002752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a mellora da calidade e o equilibrio dos menús nos comedores escolares como garantía de que todo o alumnado reciba unha alimentación adecuada, a realización de estudos sobre o nivel de «fame oculta» e as políticas da Xunta de Galicia contra o aumento da pobreza [46163](#)



I 13593 (12/PRE-002753)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a cobertura da baixa laboral da persoa titular da praza de pediatra que atende os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

[46167](#)**I 13600 (12/PRE-002754)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á incorporación de profesionais especialistas en alumnado NEAE nos centros de ensino e o desenvolvemento do Plan de mellora educativa de Galicia (Plan Mega)

[46170](#)**I 13605 (12/PRE-002755)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación do cadro docente do CEIP Mondariz-Balneario de especialistas en Pedagogía Terapéutica

[46175](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 13222 (12/INT-000580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a execución das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de conservación e protección do patrimonio natural e da biodiversidade

- 13236 (12/INT-000581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira

- 13277 (12/INT-000582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a adaptación do sistema sanitario público aos cambios que introducen as enfermidades emerxentes, como é o caso da covid

- 13288 (12/INT-000583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a planificación enerxética en Galicia

- 13294 (12/INT-000584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o rigor dos informes de impacto ambiental que leva a cabo a Xunta de Galicia, particularmente no caso do parque eólico Tesouro, nas Pontes

- 13298 (12/INT-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre as concesións de auga para a zona de transición xusta das Pontes

- 13351 (12/INT-000586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras

- 13354 (12/INT-000587)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a eficiencia da Xunta de Galicia na execución dos fondos europeos para a pesca

- 13371 (12/INT-000588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo e a organización das probas de acceso á universidade

- 13448 (12/INT-000589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso da economía de proximidade e do consumo do produto local no marco da loita contra o cambio climático

- 13491 (12/INT-000590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o impulso da economía de proximidade e do consumo do produto local no marco da loita contra o cambio climático

- 13501 (12/INT-000591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a atención sociosanitaria ás persoas afectadas por enfermidades irreversibles que xeran alta dependencia e gran impacto no contexto familiar, como é o caso da ELA

- 13505 (12/INT-000592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre o modelo de colaboración público-privada na construción das grandes infraestruturas públicas e o eventual rescate das autovías AG-55 e AG-57

- 13515 (12/INT-000593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o respecto por parte do Goberno galego dos principios que deben rexer a contratación pública, singularmente nos contratos subscritos con Gallaecia Patentes y Marcas S. L.

- 13548 (12/INT-000594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana



Sobre a protección da costa galega e a política de prevención ante grandes episodios de contaminación provocados polo tráfico marítimo, como foi o caso do buque *Toconao*

- 13554 (12/INT-000595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a axilidade e a calidade asistencial dos servizos de urxencias dos hospitais públicos do Sergas, singularmente sobre a situación que se produce no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 13560 (12/INT-000596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo da televisión e da radio públicas de Galicia

- 13561 (12/INT-000597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre a conflitividade laboral na Corporación Radio e Televisión de Galicia e o incremento da externalización de contidos nos medios públicos galegos

- 13590 (12/INT-000598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o problema do desequilibrio nutricional nos menores de familias economicamente e socialmente vulnerables

- 13601 (12/INT-000599)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre os recursos humanos dos centros públicos de ensino e a posta en marcha do Plan de mellora educativa de Galicia (Plan Mega)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 13171 (12/POP-001972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

- 13181 (12/POP-001978)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a nova orde de axudas destinadas a impulsar a eficiencia enerxética en infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais

- 13183 (12/POP-001973)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas publicada no DOG o 13 de agosto de 2024 para a promoción do viño galego en terceiros países

- 13193 (12/POP-001976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a previsión temporal que ten o Goberno galego para o remate da tramitación do proxecto de construción do parque empresarial da Miñata, en Coristanco

- 13198 (12/POP-001977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo)

- 13226 (12/POP-001974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o papel que está tendo o Observatorio Galego da Biodiversidade nas actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa conservación do medio natural e da biodiversidade

- 13233 (12/POP-001979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que o Goberno galego prevé impulsar para o centro cultural vigués Teatro Cine Fraga

- 13238 (12/POP-001980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eventual posta en marcha de cambios no modelo actual de xestión do marisqueo

- 13253 (12/POP-001981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de realizar un estudo para a mellora da seguridade viaria da PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso

- 13258 (12/POP-001982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre a oferta de prazas da rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia na cidade de Vigo

- 13264 (12/POP-001983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas do IES Agra de Orzán, da Coruña, relativas ás necesidades de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica

- 13271 (12/POP-001984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da proposta de creación de unidades de covid persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia

- 13280 (12/POP-001985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

- 13286 (12/POP-001986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes

- 13302 (12/POP-001987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre o estado da concesión de auga á antiga central térmica das Pontes e o desenvolvemento do mecanismo nomeado como «Auga para a transición xusta»

- 13304 (12/POP-001988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre a asunción da responsabilidade por parte da Xunta de Galicia do pechamento dos centros escolares en casos de inclemencias meteorolóxicas importantes

- 13338 (12/POP-001989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello

- 13349 (12/POP-001990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar que medren as verteduras ás rías galegas

- 13358 (12/POP-001991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a axilización e o incremento da execución dos fondos europeos para a pesca

- 13372 (12/POP-001993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a proposta da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE) relativa ás probas de acceso á universidade para o curso 2025-2026

- 13379 (12/POP-001994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

- 13384 (12/POP-001995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o impacto que provoca a permanencia de prazas docentes vacantes na calidade educativa dun centro como o CIP O Cruce, de Cerceda

- 13389 (12/POP-001996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación do CPI Agra do Orzán, da Coruña, de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- 13396 (12/POP-001997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as xestións que realizou ou ten previsto realizar o Goberno galego para dotar o concello de Barbadás dun instituto de ensinanza secundaria

- 13443 (12/POP-001998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre o reforzamento dos recursos materiais e docentes dos centros de ensino para cubrir as necesidades do alumnado que precisa un apoio educativo específico

- 13449 (12/POP-001999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomenta a economía de proximidade e o consumo de produto local

- 13457 (12/POP-002000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxeriátricos

- 13465 (12/POP-002001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación no Centro de Saúde de Ribeira e no de Aguiño en relación coa súa dotación de profesionais sanitarios e non sanitarios

- 13474 (12/POP-002002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da praza médica do consultorio de Doiras, do concello de Cervantes

- 13476 (12/POP-002003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego ante a reclamación da comunidade educativa do IES Val Miñor, de Nigrán, relativa á cobertura dunha praza docente vacante de Matemáticas

- 13492 (12/POP-002004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomenta a economía de proximidade e o consumo de produto local

- 13496 (12/POP-002005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os compromisos da Xunta de Galicia coa cidade de Lugo en materia de vivenda

- 13502 (12/POP-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA)

- 13509 (12/POP-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Vigo-O Val Miñor)

- 13510 (12/POP-002008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á revisión, tal como recomendou o Consello de Contas, das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41

- 13513 (12/POP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as valoracións que fai o Goberno galego das súas contratacións coa empresa Gallaecia Patentes e Marcas S. L.

- 13519 (12/POP-002010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as promesas realizadas en 2019 pola Xunta de Galicia para impulsar Lugo como referente cultural

- 13525 (12/POP-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións de reforzamento no CEIP As Veigas, de Pontearreas, do cadro de profesionais especialistas no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- 13531 (12/POP-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación en que está o CEIP da Pobra do Brollón coa perda dun mestre do seu cadro docente desde o inicio de curso

- 13537 (12/POP-002013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as necesidades de planificación e de dotación docente do CEIP Xosé Luís Taboada, de Carballo, para garantir a súa calidade educativa

- 13546 (12/POP-002014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o custo para a Administración autonómica e os seus organismos públicos da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo buque *Toconao*



- 13552 (12/POP-002015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de lograr unha mellor e máis áxil asistencia no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 13558 (12/POP-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a eventual subscrición dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Poio, coa participación da Axencia Galega de Infraestruturas, para o proxecto de construción dun novo centro de saúde

- 13563 (12/POP-002017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación parcial e xubilación activa acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais

- 13571 (12/POP-002018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de desbotar os proxectos eólicos que ten en tramitación nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén pola súa afección ambiental, paisaxística e humana

- 13588 (12/POP-002019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a mellora da calidade e o equilibrio dos menús nos comedores escolares como garantía de que todo o alumnado reciba unha alimentación adecuada

- 13595 (12/POP-002020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da baixa laboral da persoa titular da praza de pediatra que atende os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

- 13599 (12/POP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a adecuada dotación dos centros de ensino de profesionais especialistas en alumnado con necesidades especiais de apoio educativo



- 13604 (12/POP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a dotación do cadro docente do CEIP Mondariz-Balneario de especialistas en Pedagogía Terapéutica

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 13221 (12/PRE-002706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre a cobertura das necesidades docentes do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, e especialmente no referido ao profesorado que atende o alumnado con necesidades especiais

- 13227 (12/PRE-002707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o papel que está tendo o Observatorio Galego da Biodiversidade nas actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia relacionadas coa conservación do medio natural e da biodiversidade

- 13173 (12/PRE-002708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

- 13189 (12/PRE-002709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre os recentes datos do Instituto Galego de Estatística referidos á evolución do coñecemento e do uso da lingua galega e a valoración que fai o Goberno galego da eficacia das políticas de normalización lingüística dos últimos quince anos

- 13195 (12/PRE-002710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a previsión temporal que ten o Goberno galego para o remate da tramitación do proxecto de construción do parque empresarial da Miñata, en Coristanco, e o investimento que se prevé destinar á devandita infraestrutura en 2025

- 13200 (12/PRE-002711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro



- 13202 (12/PRE-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as funcións que están realizando os auxiliares da Policía Local do Concello da Laracha e as condicións de supervisión en que as desenvolven

- 13234 (12/PRE-002713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o modelo de xestión que o Goberno galego prevé impulsar para o Teatro Cine Fraga, de Vigo, e a súa vía e grao de participación no deseño da actividade deste centro

- 13239 (12/PRE-002714)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as consideracións da Comisión Mar-industria da Confederación de Empresarios de Galicia verbo do modelo de xestión marisqueira, a valoración da Xunta de Galicia ao respecto e o eventual impulso de cambios orientados á súa mellora

- 13254 (12/PRE-002715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o estado en que está a PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso e a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de realizar un estudo para escoller as mellores opcións de mellora da seguridade viaria

- 13259 (12/PRE-002716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre a oferta de prazas da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo, a valoración que fai o Goberno galego do nivel de cobertura das necesidades da cidade e as medidas de mellora que prevé poñer en marcha

- 13265 (12/PRE-002717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas do IES Agra de Orzán, da Coruña, relativas ás necesidades de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica

- 13272 (12/PRE-002718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da proposta de creación de unidades de covid persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia

- 13276 (12/PRE-002719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre a valoración por parte da Consellería de Educación das decisións que tomou respecto da xornada escolar o día do paso da borrasca Kirk, as responsabilidades que lle atinxen nestes casos sobre a seguridade do alumnado e a recuperación e revisión das instalacións danadas

- 13282 (12/PRE-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

- 13287 (12/PRE-002721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto da manifestación de interese (MDI) aberta polo Ministerio de Transición Ecolóxica relativa aos nós de Galicia destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede

- 13296 (12/PRE-002722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre os efectos da instalación do parque eólico Tesouro, nos concellos da Capela e das Pontes, e o rigor do procedemento de avaliación ambiental que se levou a cabo neste caso

- 13303 (12/PRE-002723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes no que atinxe a usos industriais, o estado da concesión de auga á central termoeléctrica e as concesións solicitadas e concedidas no concello das Pontes

- 13339 (12/PRE-002724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello

- 13350 (12/PRE-002725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación relativa á calidade das augas vertidas ás rías galegas, a eficacia das medidas de inspección, vixilancia e control e as previsións que ten o Goberno galego de cara a 2025 canto a orzamentos e medidas

- 13359 (12/PRE-002726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o balance da execución dos fondos europeos para a pesca desde 2014 (FEMP), os informes do Consello de Contas nesta materia e o funcionamento das oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA

- 13374 (12/PRE-002727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a proposta da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE) relativa ás probas de acceso á universidade para o curso 2025-2026

- 13381 (12/PRE-002728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

- 13386 (12/PRE-002729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o impacto na calidade educativa dos centros escolares de Cerceda que provoca a permanencia de prazas docentes vacantes e a falta de dotación de especialistas en alumnado con necesidades especiais

- 13391 (12/PRE-002730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a dotación dos centros de ensino, singularmente do CPI Agra do Orzán, da Coruña, de especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co fin de manter un nivel axeitado na súa calidade educativa

- 13397 (12/PRE-002731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a pertinencia da creación dun instituto de ensinanza secundaria en Barbadás, as razóns de que a Xunta de Galicia desistise deste proxecto xa previsto no Goberno Bipartito e as actuais perspectivas do executivo sobre esta posibilidade

- 13444 (12/PRE-002732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos centros de ensino públicos de material específico, equipos de orientación e profesorado especialista na atención ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

- 13452 (12/PRE-002733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local

- 13459 (12/PRE-002734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxeriátricos, así como os protocolos e os recursos humanos para a atención a estes pacientes

- 13466 (12/PRE-002735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación dos centros de saúde de Ribeira en canto á dimensión actual dos seus cadros médicos e de persoal non sanitario e as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas vacantes

- 13469 (12/PRE-002736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a reclamación da comunidade educativa do IES Val Miñor, de Nigrán, relativa á cobertura urgente dunha praza vacante de Matemáticas e, en xeral, sobre a dotación docente deste centro

- 13475 (12/PRE-002737)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da praza médica do consultorio de Doiras, do concello de Cervantes

- 13483 (12/PRE-002738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a posta en marcha na cidade de Lugo das actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de Vivenda

- 13495 (12/PRE-002739)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de aprobar en 2025 unha estratexia de contratación pública que fomente a economía de proximidade e o consumo de produto local

- 13504 (12/PRE-002740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar



- 13511 (12/PRE-002741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 e AG-57, os estudos realizados ao respecto e a valoración dunha posible revisión das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41

- 13514 (12/PRE-002742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre os contratos realizados pola Xunta de Galicia coa empresa mercantil Gallaecia Patentes e Marcas S. L.

- 13520 (12/PRE-002743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as promesas realizadas en 2019 pola Xunta de Galicia para impulsar Lugo como referente cultural, como as referidas á súa implicación na creación do Museo da Romanización ou unha sede do Centro Galego de Arte Contemporánea

- 13526 (12/PRE-002744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da atención ás reclamacións da comunidade educativa do CEIP As Veigas, de Pontearreas, relativas ás necesidades materiais e profesionais do alumnado que precisa unha atención educativa especializada

- 13532 (12/PRE-002745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación que ten o CEIP da Pobra do Brollón en relación co seu cadro docente e a planificación da Xunta de Galicia para manter no futuro a calidade educativa neste centro

- 13538 (12/PRE-002746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a garantía da calidade educativa no CEIP Xosé Luís Taboada, de Carballedo, e a planificación que ten a Xunta de Galicia orientada ao futuro deste centro

- 13547 (12/PRE-002747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o custo para a Administración autonómica da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo *Toconao*, as accións contra o armador ou o propietario da carga e as medidas impulsadas polo Goberno galego ante outras administracións para previr novos episodios deste tipo nas costas galegas



- 13553 (12/PRE-002748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as condicións de funcionamento que se están a producir no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de lograr unha mellor e máis áxil asistencia

- 13559 (12/PRE-002749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o traballo da Xunta de Galicia co Concello de Poio na tramitación do proxecto de construción do novo centro de saúde, a partida orzamentaria que dotará para 2025 e a futura configuración da actividade asistencial neste concello

- 13564 (12/PRE-002750)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de aplicar ao persoal estatutario médico os acordos en materia de xubilación acadados entre o Goberno central e as organizacións patronais e sindicais

- 13572 (12/PRE-002751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos efectos sobre o patrimonio natural, paisaxístico, cultural e humano dos proxectos eólicos que está a tramitar nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén e a súa eventual paralización

- 13589 (12/PRE-002752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a mellora da calidade e o equilibrio dos menús nos comedores escolares como garantía de que todo o alumnado reciba unha alimentación adecuada, a realización de estudos sobre o nivel de «fame oculta» e as políticas da Xunta de Galicia contra o aumento da pobreza

- 13593 (12/PRE-002753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a cobertura da baixa laboral da persoa titular da praza de pediatra que atende os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

- 13600 (12/PRE-002754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á incorporación de profesionais especialistas en alumnado NEAE nos centros de ensino e o desenvolvemento do Plan de mellora educativa de Galicia (Plan Mega)



- 13605 (12/PRE-002755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación do cadro docente do CEIP Mondariz-Balneario de especialistas en Pedagogía Terapéutica

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de normas adicionais sobre protección do medio ambiente nos termos do artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

No exercicio destas competencias ditouse a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

A dita lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 9. referido á participación pública establece que a Administración autonómica garantirá a participación pública no deseño e execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos da presente lei.

Pero non fai mención explícita ao necesario papel que desenvolven as ONG dedicadas á divulgación, conservación e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade, así como das universidades e centros de investigación galegos.

Por outra banda, tampouco aparece nesta lei ningunha mención ao Observatorio Galego da Biodiversidade, un órgano que foi creado polo Decreto 260/2007, do 13 de decembro, como un órgano colexiado para o asesoramento





e consulta en materia de conservación da biodiversidade de Galicia, e nel están representados técnicos da Consellería de Medioambiente, as universidades, especialistas de recoñecido prestixio no estudo e a investigación das diferentes especies, e representantes das asociacións inscritas no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que teñan entre os seus fins a conservación da biodiversidade en Galicia.

Nosoutros, os socialistas e as socialistas entendemos que tratándose de aspectos tan relevantes para a conservación do noso medio ambiente e diversidade como pode ser declaración dos espazos naturais protexidos, aprobación, revisión ou modificación dos instrumentos de planificación de espazos, ou os procedementos de aprobación dos plans de recuperación e dos plans de conservación de especies catalogadas.

Este organismo tería que realizar de forma preceptiva un ditame previo que valorase estas decisións, pero tamén outras importantes que aparecen na lei como por exemplo: reestruturacións agrarias (art. 18); perda da categoría de ENE (art. 44); listaxe de especies silvestres (art. 90); excepcións ás prohibicións (art. 99); introdución de especies non autóctonas (art. 110)...

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica o Goberno galego que se estean a desenvolver actuacións relacionadas coa conservación do noso medio ambiente e biodiversidade sen un informe previo favorable do Observatorio Galego da Biodiversidade?
2. Por que o Goberno galego non ten en conta o Observatorio Galego da Biodiversidade?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13222
Data envío: 11/10/2024 14:11:51.580

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/10/2024 13:35:48

Carlos López Font na data 11/10/2024 13:35:58

CSV: B6P1S1R0G3H0U6004263
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45786

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á voloración do goberno galego sobre o modelo vixente de xestión marisqueira en Galiza e da introdución de cambios no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo transcendeu publicamente, no pasado mes de xullo o conselleiro de Mar asistiu a unha reunión coa Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) onde o fixeron partícipe da súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas, acentuada brutalmente no último ano, e das consecuencias que está a ter en distintas empresas da cadea mar industria.

Nesa reunión propuxeron abordar as “deficiencias” que, segundo eles, “presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías” e tamén “constituír mesas técnicas” para traballar na “mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques”.

Á vista das declaracións, resulta evidente que a Comisión Mar Industria da CEG percibe que o sistema de xestión da extracción de bivalvos actual é “deficiente” e “ineficiente” e, polo tanto, que a Consellaría de Mar, a quen corresponde establecer e regular as medidas para levar a cabo unha xestión marisqueira sostíbel dos recursos, está a conducir esa xestión de xeito deficiente e ineficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecemos cal foi a resposta do máximo representante da Consellería de Mar nesa reunión ás críticas á súa propia xestión marisqueira, mais o que está claro é que a CEG está a solicitar o que xa vén facendo en solitario dende hai anos o propio sector extractivo e tamén os grupos políticos representados no Parlamento galego, estudos profundos sobre as causas desa perda de produtividade que permitan trazar un rumbo definido e, polo tanto, facerlle fronte a unha situación crítica que non é nova e que se agrava a pasos axigantados sen que a propia Consellaría, con competencias exclusivas na materia, reaccione e sexa quen de tomar decisións e de dispoñer os recursos orzamentarios suficientes para evitar, precisamente, que continúe a perda de recursos e de postos de traballo.

O caso é que tanto a valoración da CEG, en presenza do propio conselleiro, como as previas doutros membros da cadea mar industria, poñendo en cuestión o actual modelo de xestión marisqueira, son unha manifestación máis da aguda crise que afecta ás rías galegas e que vai moito máis alá da grave incidencia que xa vén tendo dende hai tempo nos produtores e produtoras, o primeiro elo da cadea.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai o Goberno galego do actual modelo de xestión marisqueira no noso país?
- . Coincide coa Comisión Mar Industria da CEG en que é deficiente e ineficiente? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para melloralo?
- . Cal foi a resposta do conselleiro de Mar a esas consideracións na reunión nas que se fixeron e na que el mesmo estaba presente?
- . Ten previsto levar a cabo, a curto ou medio prazo, cambios no actual modelo de xestión do marisqueo? De ser así, en que sentido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten avaliado e cuantificado o Goberno galego cales son as consecuencias da grave perda de produtividade das rías no sector mar industria galego?

. Que medidas vai poñer en marcha para paliar esas consecuencias?

. Que actuacións ten realizado para implementar os acordos unánimes do Parlamento galego do 7 e 28 de maio, nomeadamente o referido á elaboración, dotación orzamentaria e execución dun plan plurianual de medidas que permita comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/10/2024 09:40:52

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 09:41:05

Daniel Castro García na data 14/10/2024 09:41:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 14/10/2024 09:41:36

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2024 09:41:54





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Somos coñecedores de que hai persoas que sufriron a infección polo virus SARS-CoV-2 e que agora teñen unha nova afección, que se denomina COVID persistente, aínda que hai expertos que lle chaman “COVID prolongado”, síndrome COVID crónico”, “long COVID” ou “síndrome de COVID postagudo”.

O último traballo publicado en *Nature Medicine* sobre o COVID persistente, propón unha definición: “a constelación de efectos sobre a saúde post-agudos e a longo prazo causados pola infección SARS-CoV-2”.

Considérase que pode afectar entre o 10 % e o 15 % das persoas que sufriron Covid-19. As últimas informacións indícanos que máis de 400 millóns de persoas no mundo padeceron ou padecen COVID persistente e este dato podíamos extrapolalo a Galicia.

Estamos ademais ante unha enfermidade emerxente, sobre a que se están realizando estudos, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero si sabemos que algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos na memoria etc. E o traballo antes sinalado indica que “afecta a todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 13:04:22
Nº Rexistro: 13277
Data envío: 14/10/2024 13:04:22.323

reprodutivo e o gastrointestinal.” E que “afecta ás persoas independentemente da súa saúde, sexo, etnia ou estado de saúde preexistente”.

Con todo, segundo a enquisa realizada pola Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia e os colectivos de afectados de COVID persistente, é máis frecuente na mulleres (79 %), na idade media da vida, aínda que se pode presentar a calquera idade.

E en Galicia non contamos con ningunha área de COVID persistente para que as persoas afectadas teñan atención sanitaria máis especializada e un tratamento completo, global e coordinado.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno nos seguintes termos:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unidades de COVID persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?

Parlamento de Galicia, 14 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2024 13:03:41

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2024 13:03:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45792

@PSdeG



CSV: B6P1S7B93-B1620DM173
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á Manifestación de Interese sobre os nós de Galiza destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede, desenvolto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), co obxectivo declarado de incrementar o coñecemento da Administración sobre as demandas de acceso e o detalle dos proxectos interesados en cada nó para acadar un maior éxito nos concursos de proxectos de renovables e almacenamento, procedeu á apertura dunha Manifestación de Interese (MdI) sobre os nós destinados a realizar concursos de capacidade de xeración de acceso á rede, trámite cuxo prazo remataba o 12 de abril.

Os nós seleccionados representaron un terzo dos totais do Estado, todos eles situados nas comunidades autónomas peninsulares, presentando Andalucía, Extremadura, Euskadi, Murcia e A Ríoxa máis da metade dos seus nós incluídos, mentres que no caso de Galiza foi o 32 %, 18 dos 57 da súa zona, cun ao 100% e outro ao 0%, cunha ocupación nodal media do 25%, lixeiramente superior á de Extremadura (22%) e moi por debaixo do 64% de Murcia, e cun capacidade total de 18,7 GW (308,3 GW do conxunto). Sinalar que no caso de Castela e León (Herrera 400 kV) e Valencia (Eliana 400 kV e La Plana 400 kV) foron incluídos na MdI 3 nodos sen capacidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concurable, situación na que está o nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, segundo REE.

A MdI procuraba información sobre a demanda de cada un dos nós, a preferencia de conexión na rede de transporte ou distribución, o tipo de tecnoloxía e a intención de hibridación dos proxectos, novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e sobre a súa tipoloxía (autoconsumo, I+D+i,...)

Por outra banda, no marco dun necesario incremento da electrificación industrial e do desenvolvemento de novas actividades como a produción de hidróxeno mediante electrolizadores e a carga de vehículos eléctricos, REE publicou a principios de setembro unha lista de 17 nós (17,2 GW) para convocar as primeiras poxas de acceso á rede para a demanda, fundamentalmente a asociada a grandes proxectos industriais. Os nós están situados en Andalucía (6; 7,2 GW), Aragón (5; 3,5 GW), Castela e León (1; 0,8 GW), Castela-A Mancha (2; 4,2 GW), Catalunya (1; 0,1 GW), Madrid (1; 0,9 GW) e Valencia (1; 0,5 GW), dos cales 6 non estaban reservados para concurso (Cristóbal Colón 220 kV en Andalucía; Ave Zaragoza 220 kV, Montetorrero 220 kV, Praza II 220 kV, Villanueva del Gállego 220 kV en Aragón; El Serrallo 220 kV en Valencia), 1 (Franco 220 kV en Catalunya) non tiña posibilidade de conexión, e outro (Barcina 400 kV en Castela e León) é un nó de Transición Xusta, segundo a información de REE, aínda que non figura no Anexo do Real Decreto 23/2020. O resto dos nós tamén apareceron na MdI do MITECO.

Dada a importancia socioeconómica dos concursos de acceso á rede da demanda asociada aos grandes proxectos industriais, ademais de asignar de forma eficiente a limitada capacidade da rede e garantir a integración de novas demandas, xunto cos da capacidade de acceso de evacuación, especialmente a derivada dos peches de centrais térmicas de carbón, para o xa avanzado no tempo e aínda sen resultados concretos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de *transición xusta*, que inclúe, entre outras, as Comarcas de Cerceda e As Pontes en Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Considera a Xunta que a información, actualizada e en tempo real, relativa á xestión e situación dos nós de acceso e conexión situados en Galiza é fulcral para desenvolver unha planificación enerxética óptima por parte da propia Administración?

2. De consideralo, dispón a Xunta da mesma? De non dispoñer da mesma, cales son os motivos e que ten feito a Xunta para demandala?

3. Coñece a Xunta os criterios que se utilizaron para a selección inicial dos nós incluídos na Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Coñece a Xunta por que non se incluíron nela todos os Nós de Transición Xusta, concretamente o de As Pontes 400 kV?

4. Ten información a Xunta sobre cales foron os resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para cada un dos nós de Galiza (Abegondo 220 kV, Frieira 220 kV, Mesón do Vento 400 kV, Parque Eólico do Sil 220 kV, Pazos de Borbén 220 kV, Portodemouros 220 kV, Ponte Bibeí 220 kV, Sabón 220 kV, San Caetano 220 kV, Santo Estevo 220 kV, San Pedro 220 kV, Santiago de Compostela 220 kV, Silleda 400 kV, Sobradelo 220 kV, Trives 220 kV, Velle 220 kV, Vilariño de Conxo 400 kV, e Xove 400 kV), referida aos obxectivos nela establecidos (demanda, preferencia de conexión na rede de transporte ou na de distribución, tipo de tecnoloxía e intención de hibridación, proxectos novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e tipoloxía dos mesmos - autoconsumo, I+D+i,...-)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Coñece a Xunta se a lista publicada por REE para convocar os primeiros concursos de acceso á rede por parte da demanda está relacionada cos resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Ten información a Xunta como se xustifica a exclusión dos nós situados en Galiza na citada lista?

6. Ten constancia a Xunta de que empresa ou empresas son concesionarias de capacidade no Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV ou afectadas por el -indíquese-, en que cantidade, para que plantas de produción de enerxía eléctrica, desde que data, e en que procedemento e normativa? ? No caso de perda do citado dereito, ten información a Xunta sobre a posibilidade de liberar para concurso a capacidade no citado nó? Ten información a Xunta sobre do cumprimento do disposto no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica? De ser así, coñece a Xunta cales foron os motivos da súa non aplicación?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Ramón Fernández Alfonso
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 13:36:42

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 13:37:11

Ramón Fernández Alfonso na data 14/10/2024 13:38:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao parque eólico Tesouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOE do 07 de febreiro de 2023, o MITECO facía pública a Resolución da súa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, segundo proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, pola que formulaba declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Tesouro, de 60 MW, e da súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos da Capela e As Pontes, na que se establecían condicións ambientais, incluídas as medidas preventivas, correctoras e compensatorias, a contemplar no desenvolvemento do proxecto “para unha adecuada protección do medio ambiente e os recursos naturais”.

Entre os departamentos da Xunta consultados que contestaron figuraban a D.X. de Gandería, Agricultura e Industria Agroalimentaria, D.X. de Saúde Pública, D.X. de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, D.X. Emerxencias e Interior, D.X. de Patrimonio Cultural, Servizo de Planificación e Innovación da Axencia Galega de Infraestruturas, D.X. de Patrimonio Natural, e Augas de Galiza; porén, os dous últimos, manifestaran inicialmente que non procedía a emisión de informe xa que parte das instalacións estaban fóra das áreas incluídas no desfasado Plan Sectorial Eólico e da lei 8/2009 que regula o aproveitamento eólico de Galiza, posición corrixida máis tarde polo Consello da Xunta ao aprobar a excepcionalidade do parque por considerar que ten “un claro impacto territorial pola súa entidade económica e social, e unha función





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertebradora e estruturante do territorio”. Entre os consultados pero que non contestaron estaban a D.X. de Calidade Ambiental e o Concello das Pontes.

O estudo ambiental presentado pola promotora, a respecto da xeoloxía dos terreos para a instalación do parque, afirmaba que “localízase principalmente sobre rochas graníticos ... e sobre ... Filitas negras e Cuarcitas e cuarzoeskistos ...”, mentres que a liña de evacuación “atravesa terreos de capas detríticas, area e arxila, pertencentes ao Cuaternario.” Mais o texto tamén fai referencia a que “cómpre salientar que boa parte do PE Tesouro atópase nunha antiga Escombeira pertencente á Central das Pontes”, pero para subliñar o seu carácter antropizado e, polo tanto, o baixo impacto do proxecto.

Pola contra, ningunha das administración públicas que participaron ou deberon participar no expediente ambiental e no posterior administrativo de autorizacións, foi quen de evidenciar a realidade do sitio elixido para o parque; toda a documentación existente sobre da Escombeira quedou agochada, dende a regulamentaria (Estudo de Impacto Ambiental da Restauración de 1983, Plan de Restauración de 1985, e posteriores documentos de seguimento e estado final) até a académica ou científica, nomeadamente da UdC e da USC, dirixidas/coordinadas polo profesor Felipe Macías Vázquez (p. ex. Procesos de Oxidación da Piritita en Medios Superficiais: Potencial Acidificante e Interese para a Recuperación de Solos Mineiros; Caracterización dos Solos da Escombeira da Mina das Pontes en Proceso de Restauración Ambiental; Composición da Disolución do Solo da Escombeira da Mina das Pontes no Proceso de Restauración Ambiental), e tamén os artigos escritos por Aníbal Gil Bueno, responsábel dos traballos de rehabilitación (A Escombeira Exterior da Mina das Pontes: Un Ecosistema Rico e Diverso en Permanente Transformación; A Escombeira e o Lago da Mina das Pontes: un Patrimonio Mineiro en Permanente Evolución Susceptíbel de Usos Sociais; Herbario da Escombeira da Mina das Pontes), pasando polos de divulgación editados por Endesa (Vida sobre Estéril. A Rehabilitación da Escombeira Exterior da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mina das Pontes; Os Moradores da Escombreira. A Fauna de Vertebrados da Escombreira Exterior da Mina de Endesa nas Pontes).

Na meritada documentación descríbese e analízase a fondo o proceso da Escombreira na que depositouse, durante anos, materiais de diverso tipo e procedencia, entre eles o estéril extraído da mina xunto co carbón e cinzas producidas na Central Térmica; ditos materiais teñen unha capacidade de acidificación ao exporse aos elementos que condicionou a planificación e execución de todo o depósito, cuns criterios de selección e da súa correcta localización na Escombreira, como primeiro e imprescindible paso no proceso de rehabilitación, ademais doutras actuacións realizadas para garantir a súa estabilidade, controlar as augas e evitar a erosión. A materia carbonosa, nomeadamente as piritas asociadas a ela, son as que dan acidez a estes materiais, polo que cando permanecen na superficie teñen que ser rapidamente confinados por outros materiais para evitar que se inicien procesos oxidativos, que afectarían moi negativamente ás augas e impediría o establecemento de vexetación ou, o que é máis habitual, elimina a xa establecido. Ademais, favorece a formación de drenaxes ácidas que contaminan tanto as augas superficiais como as subterráneas.

De levarse a cabo o proxecto do parque eólico Tesouro, con aeroxeradores de 7,2 MW, quedaría exposto aos elementos un volume moi importante de material carbonoso que agora está confinado, o que levaría á reactivación do proceso que sempre se tivo que evitar: material carbonoso en superficie e xeración de augas superácidas. Actualmente, pódese afirmar que a Escombreira é un ecosistema que tende á naturalidade pola súa dinámica evolutiva, mais esta aparente madurez é sumamente fráxil e iso maniféstase na resposta que dá ante calquera alteración, por pequena que sexa. A execución do parque provocaría impactos negativos practicamente irreversíbeis ao afectar, de xeito moi importante, a todo o ecosistema e, especialmente, ás augas, que descargan no Lago, que tamén se vería afectado no seu conxunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora a Xunta de Galiza as condicións ambientais, incluídas as medidas preventivas, correctoras e compensatorias, que deben contemplar as declaracións de impacto ambiental de proxectos como por exemplo o do parque eólico Tesouro?

2. Cal ou cales foron os motivos ou causas da non resposta da D.X. de Calidade Ambiental á consulta do MITECO no procedemento de avaliación ambiental do parque eólico Tesouro?

3. Considera a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático que o procedemento ambiental foi rigoroso e acaído á realidade da Escombeira exterior da Mina das Pontes?

4. Considera a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático que a execución na Escombeira exterior da Mina das Pontes dun parque eólico con 7 aeroxeradores de 7,2 MW de potencia individual, os de maior tamaño e potencia non instalados na actualidade no Estado, xunto co resto de infraestruturas, é compatíbel protección do medio ambiente e os recursos naturais? Considera acaídas e suficientes as medidas preventivas, correctoras e compensatorias, a contemplar no desenvolvemento do proxecto, establecidas na súa D.I.A.?

5. Cal é a opinión da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre o contido e conclusións do informe sobre do proxecto que se achega? Comparte a conclusión sobre dos impactos negativos practicamente irreversíbeis ao afectar, de xeito moi importante, a todo o ecosistema e, especialmente, ás augas, que descargan no Lago, que tamén se vería afectado no seu conxunto?

6. Coñece a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático as limitacións e afeccións que derivan da execución do parque eólico Tesouro no posíbel uso futuro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos terreos da Central Térmica de Endesa como superficie industrial? Cal é a súa valoración?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 16:04:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 16:05:08

Luis Bará Torres na data 14/10/2024 16:05:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á concesión de auga para a Transición Xusta nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da auga depende dos límites territoriais das bacías dos ríos, diferenciando entre as inter-comunitarias ou que afectan a varias Comunidades e/ou a outros Estados, xestionadas polas Confederacións Hidrolóxicas, e as intra-comunitarias ou situadas na súa totalidade dentro dunha Comunidade Autónoma e que, polo tanto, son competencia da mesma; no caso de Galiza, as bacías agrúpanse na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, xestionada por Augas de Galiza, que asume a administración hidráulica galega e desenvolve todas as súas competencias, reflectidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galiza, entre elas a xestión dos usos e aproveitamentos hidráulicos.

A Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa divídese en 19 zonas ou sistemas de explotación (SE), cada un deles cun río principal e o seu conxunto de afluentes; o SE 13 é o denominado como “Río Eume e Ría de Ares”.

Doutra banda, o Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación dos parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e que responde ao proceso de cesamento da actividade das centrais de xeración térmica, modificou o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, ao introducir a disposición adicional décimo sexta (Concesións de Auga para Transición Xusta), que establece que *“Cando se extinga unha concesión ... por peche de instalacións de carbón ou de enerxía térmica termonuclear, poderá acordarse o outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga a novas iniciativas e proxectos no ámbito xeográfico onde se atopaba a instalación ... para a que ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais ... Para estes efectos, os usos das augas previstos en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, no seu defecto, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, con excepción do aproveitamento para abastecer á poboación, que sempre será unha prioridade”*. O texto está en vigor dende o 24 de novembro de 2019, e o *“mantemento do acceso ao recurso hídrico”* en virtude da citada modificación reflíctese como unha *“Oportunidade”* no documento de *“Caracterización e Diagnóstico”* do Convenio de Transición Xusta das Pontes elaborado polo Instituto de Transición Xusta en novembro de 2021.

O 19 de agosto de 2023 publicouse no BOE a Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxía e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que autoriza a Endesa Generación S.A., ao peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes.

O informe de Augas de Galiza no procedemento ambiental da DIA do proxecto para o desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes, afirma que *“Consultado o Libro de Rexistro, e salvo erro ou omisión, figura na zona de actuación unha inscrición do código E-1262A-C, a nome do titular da instalación, resultante de cambio de titularidade da matrícula E-1262-C, a nome de EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO S.A., a favor de EMPRESA NACIONAL DE ELECTRICIDAD S.A., referíndose a un QMI de 2.560 l/s para refrixeración, alimentación de caldeiras e usos complementarios da planta térmica”*. Tamén lembra o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meritado informe que “O artigo 161.1 do RDPH establece que as concesións poderán ser declaradas caducadas polo incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos previstos nel. Ademais, segundo o artigo 162.1, as concesións extinguíranse por vencemento do prazo, por caducidade, expropiación forzosa ou renuncia do concesionario. O proxecto de desmantelamento da UPT das Pontes supón unha modificación da condicións esenciais das citadas concesións outorgadas ao promotor, polo tanto, de acordo cos citados preceptos, poderán ser iniciados, de oficio ou por instancia de parte, os correspondentes expedientes de extinción das citadas concesións que se tramitarán de conformidade cos artigos 163 e seguintes do RDPH”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

-Ten a Xunta un estudo sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das pontes, en canto aos posibles usos industriais do auga?

-Cal é o estado da concesión de auga do río Eume para a central termoeléctrica das Pontes (E-126A-C)?

-Cantas concesións de auga hai agora mesmo solicitadas, e concedidas no concello das Pontes?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Ramón Fernández Alfonzo

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 16:48:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 16:48:26

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 16:48:34

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2024 16:48:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás actuacións a levar a cabo polo Goberno galego para evitar que siga medrando o número de vertidos ás rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación produtiva das rías galegas vén sendo preocupante dende hai anos, mais nos últimos o empeoramento de todos os datos referidos á escaseza de moitos dos recursos pesqueiros e marisqueiros, á diminución alarmante de capturas e á perda importante de empregos no sector deberan ser motivo prioritario da acción política do Goberno galego, dada a magnitude económica e social que representa a actividade do mar no conxunto do país e, nomeadamente, en comarcas enteiras onde, directa e indirectamente, é a súa principal fonte de ingresos e de postos de traballo.

No entanto, a Xunta de Galiza responsabiliza habitualmente a todo tipo de factores externos desa situación, sen chegar a recoñecer que cómpren actuacións decididas que están na súa man e, o que é peor, sen levalas a cabo.

É o caso de todo o que ten a ver coa incidencia de todo tipo de vertidos na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira que se desenvolve nelas, sendo os propios datos oficiais os que certifican que apenas hai avances a este respecto e indicando que os vertidos ás rías galegas no 2023 sumaron un total de 1.915 e medraron en 194 respecto do 2022, é decir, un 11%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deses case 2.000 vertidos, 214 eran contaminantes e outros 28 estaban en investigación e, tanto nos vertidos en xeral como nos contaminantes, a ría de Arousa encabeza a clasificación.

En definitiva, despois de que distintos responsábeis do Goberno galego leven anos facendo anuncios sobre múltiples actuacións en infraestruturas de saneamento que nunca chegan ou sobre a intensificación da vixilancia e dos controis dos vertidos ás rías vemos como os vertidos non son quen de reducilos e de protexer rigorosamente a un medio especialmente sensíbel e ás persoas que viven del..

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai o Goberno galego da calidade das augas e dos datos de vertidos ás rías galegas?
- . Á vista do incremento do número de vertidos, considera que as súas actuacións de inspección, vixilancia e control son as suficientes?
- . Que medidas está a levar a cabo para reducir eses vertidos nun medio tan sensíbel e do que viven miles de persoas no noso país?
- . A que atribúe que o número de vertidos ás rías medre cada ano?
- . Que valoración fai da súa propia actuación diante das numerosas queixas e denuncias que se producen cada ano relativas a vertidos nas rías?
- . De cara ao 2025, vai acrecentar as partidas orzamentarias destinadas a completar o saneamento das rías galegas? De ser así, en que cantidade?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:37:46

Luis Bará Torres na data 15/10/2024 09:44:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para axilizar e mellorar a execución dos fondos europeos da pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Consello de Contas de finais de setembro pasado, que analiza a execución dos distintos fondos europeos no ano 2022 por parte da Xunta de Galiza vén de reiterar os nefastos datos que xa se foran facendo públicos nos últimos anos a respecto, nomeadamente do que atinxe á execución dos fondos FEMP e FEMPA.

Así, o informe anual de indicadores de 2022 de hai xa case un ano, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), reflexa que o grao de execución do FEMP no caso de Galiza foi do 46,12%, a última de todas as Comunidades na execución deses fondos para o período 2014-20, moi por detrás do resto e incluso da media do Estado (57,08%).

Agora, o Consello de Contas incrementa levemente esa porcentaxe para o mesmo ano 2022 ata o 47,73%, tamén por detrás do grao de execución doutras consellarías mais na tónica xeral do conxunto que é do 47,3%, e indica que isto provoca que as axudas non cheguen “de maneira efectiva á economía real”, que é precisamente do que se trata.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un baixo nivel de execución que non se pode considerar aceptábel e que xa dera lugar no ano 2021 á creación por parte da Consellaría de Mar dunha nova Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do FEMP, de dependencia directa do conselleiro (Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellaría de Mar, publicado no DOG do 26 de marzo do conselleiro). Ademais disto, tamén co obxecto de contribuír a aproveitar os fondos, neste mes de setembro véñense de adjudicar o contrato para a creación dunha rede de 7 oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA, que xa levan sendo anunciadas dende o ano 2022.

Tendo en conta que:

. O Programa Operativo do novo FEMPA para o período 2021-27 recolle un ‘mecanismo de flexibilidade’ que contempla que os fondos que as Comunidades Autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras.

. As inmensas necesidades que existen a día de hoxe no sector do mar no noso país, onde se está a vivir unha crise sen precedentes.

. Dentro dos fondos FEMP 2014-20 aínda se puideron continuar executando investimentos ata 2023.

. O informe do Consello de Contas encádrase no novo marco financeiro europeo 2021-27, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento.

Cómpre tomar todas as medidas necesarias para evitar que se perdan fondos europeos e non acaben chegando ao seu destinatario final, o sector, que é a quen van destinados e quen máis os necesita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, a Xunta de Galiza debe impulsar decididamente as recomendacións do Consello, sen prexuízo doutras que considere, para garantir o aproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento do sector do mar galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego da súa execución dos fondos FEMP 2014-20, incluída a dos investimentos ata o 2023?

. Do total dos máis de 371 millóns de euros que lle corresponderon a Galiza nese período, cantos se executaron?

. Que valoración fai do informe de fiscalización deses fondos correspondente ao ano 2022 realizado recentemente polo Consello de Contas e das súas conclusións? Vai adoptar as medidas necesarias para cumprir coas recomendacións do mesmo? De ser así, cales nomeadamente?

. Cal foi o grao de execución dos fondos no 2023?

. Que valoración fai do funcionamento e actuación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación? Dende a súa posta en marcha mellorou o aproveitamento dos fondos? De ser así, con que actuacións concretas? Vai dar conta de xeito inmediato no Parlamento galego da súa actividade dende a súa creación?

. Dende o seu anuncio no ano 2022, por que aínda non comezaron a funcionar as oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA? Cando van comezar a súa actividade? Cal é o plan de traballo que van desenvolver nos próximos dous anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai dar conta e informar periodicamente aos Grupos parlamentares do Parlamento galego da avaliación que fai o Goberno das dificultades na xestión dos fondos?

. Vai facilitarlles unha memoria anual dos proxectos que se financian e do grao de execución anual dos fondos e das distintas prioridades establecidas no Programa Operativo do FEMPA?

. Dada a situación crítica do sector do mar galego, vai impulsar especialmente e axilizar os proxectos destinados ao fomento da pesca sostíbel e recuperación dos recursos, nomeadamente na investigación, na aplicación de plans de xestión e en medidas a paliar a escasa remuda xeracional?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:49:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 15/10/2024 09:50:17

Daniel Castro García na data 15/10/2024 09:50:28

Daniel Pérez López na data 15/10/2024 09:50:39

Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2024 09:50:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

CRUE deu a coñecer o 1 de outubro a proposta do seu grupo de traballo sobre Acceso e Admisión á universidade que senta as bases para a harmonización das PAU na próxima convocatoria de xuño, de acceso ao curso 2025-2026. O documento suxire celebrar a PAU deste curso ao longo da primeira semana de xuño, preferentemente os días 3, 4 e 5 en todas as comunidades autónomas.

Esta proposta abre a senda de homoxeneización na que se poderá profundar en sucesivas convocatorias e dá prioridade ao criterio das comisións das probas en cada comunidade autónoma, ás que corresponde adaptar os exames aos contidos cursados polo estudante e prescritos no Real decreto 243/2022 polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos do Bacharelato.

Ademais, expón unha transición progresiva cara ao novo sistema que permita ao estudantado a súa adaptación gradual ao mesmo, modulando a posibilidade de preguntas opcionais, establecendo a porcentaxe mínima de preguntas competencias, só o 30 % poderán ser de tipo test, e fixando de maneira xeral a forma de avaliar as faltas de ortografía e redacción.

Pero CRUE sinalou que este acordo básico formúlase coa suficiente flexibilidade como para que cada comunidade autónoma poida determinar cantos días durará a proba e como se distribuirán dentro dela os distintos exames, así como establecer un calendario diferente nalgúns comunidades que teñen distintas datas de finalización do Bacharelato, como poden ser as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:22:49
Nº Rexistro: 13371
Data envío: 15/10/2024 11:22:49.611

probas de recuperación en setembro. O grupo de traballo sobre Acceso e Admisión, que realizou o documento durante os últimos catro meses, chegou aos acordos tendentes á homoxeneización da proba de acceso á Universidade en todo o territorio nacional, e realizouse nun estrito marco universitario e desde a máis absoluta independencia.

Este acordo CRUE universidades españolas é o camiño a seguir, en contraposición co acordo asinado polas comunidades gobernadas polo PP de celebrar a PAU nunha mesma data e proba única, que só afectaba a algúns territorios do estado e que a xuízo dos técnicos, e mesmo dos propios asinantes, resultaba pouco viable, difícil de aplicar e pouco conveniente para o estudantado. O mesmo Partido Popular constata que non pode facer a mesma selectividade nas comunidades onde goberna xa que para unificar a proba tería que simplificar os temarios, o que choca co seu discurso de que hai que aumentar a esixencia do exame

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Ciencias, Universidades e FP do documento do grupo de traballo sobre acceso e admisión á universidade como directrices para as PAU 2025?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:10:53

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45816

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0C3p1j8E.0Y1q3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:22:49
Nº Rexistro: 13371
Data envío: 15/10/2024 11:22:49.611

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:11:03

CSV: B0P5TRB0C3p1j8E0Y1q3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45817

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas.”.

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articulalas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a



economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (art. 1) ou da valenciana de fins de 2022 (art. 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafeterías que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego, (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), se estableza como criterio de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 16:57:27
Nº Rexistro: 13448
Data envío: 15/10/2024 16:57:27.197

adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo de “produto de proximidade”; “produto local”; ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/10/2024 16:45:19

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2024 16:45:29

Paloma Castro Rey na data 15/10/2024 16:45:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45820

@PSdeG



CSV: BGPSDTRBQj0pUPZ100W2-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga), o cerco é, ademais, a arte de pesca máis sostible medioambientalmente e que redunda directamente na economía do país.

A Organización Mundial da Saúde, que vai no mesmo sentido que os informes emitidos pola propia Axencia Española de Seguridade e Nutrición, recomenda tres ou máis racións semanais de peixe.

O Goberno galego non parece ter interese por buscar solucións de calado para promover o consumo do peixe nin para atallar a alarmante situación da caída de produción marisqueira das nosas rías.

O pulo do Goberno galego polo consumo de peixe galego, podería ser moito maior, fomentando o consumo de peixe do cerco ou de proximidade nas contratacións públicas das distintas entidades do sector público autonómico: comedores dos hospitais públicos, comedores escolares ou de residencias de maiores.

Asemade, no marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias





(páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas” .

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (artigo 1) ou da valenciana de fins de 2022 (artigo 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o Dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo





resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha Estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego, nomeadamente o consumo de peixe galego do cerco, nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico, para así contribuír a aumentar o consumo de peixe fresco e favorecer a transición enerxética, así como a redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas dos servizos de comedor dos hospitais públicos, escolares ou residencias de maiores, se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo peixe galego do cerco como “produto de proximidade”, ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 16/10/2024 11:12:02

Paloma Castro Rey na data 16/10/2024 11:12:11

Julio Abalde Alonso na data 16/10/2024 11:12:18





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 11:24:46
Nº Rexistro: 13491
Data envío: 16/10/2024 11:24:46.304

Carlos López Font na data 16/10/2024 11:12:27

CSV: BGRSTBDCx92Ia0A/Y4-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

45824

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 13:32:00
Nº Rexistro: 13501
Data envío: 16/10/2024 13:32:00,081

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Esclerose Lateral Amiotrófica é unha enfermidade neurodexenerativa e discapacitante que, salvando excepcións, ten unha esperanza de vida entre 2 e 5 anos. A medida que a enfermidade avanza, se paralizan todo tipo de movementos, excepto os oculares, así como a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas do doente.

A doenza supón unha gran dependencia e unha urxencia na toma de decisións do ámbito familiar que rodea aos afectados; xa que a velocidade do deterioro fai que a realidade presente do doente sexa cambiante e precise de coidados específicos e constantes que eviten o sufrimento e retrasen o máximo posible o falecemento. Na actualidade estímase en 4000 persoas que padecen ELA en España, e aproximadamente 350 en Galicia. Tódolos días falecen 4 persoas de ELA en España e detéctanse 4 novos casos.

O pasado 10 de outubro aprobábase por unanimidade no Congreso dos Deputados a Lei ELA, coa unanimidade de tódolos partidos políticos que apoiaron unha lei que vén a recoller non só a realidade desta enfermidade, senón tamén o traballo de investigación sobre esta doenza que se fai máis que necesario.

O texto da lei, elaborado en conxunto coas persoas afectadas de ELA, ten puntos novidosos como a ampliación de coberturas da propia norma que abarcará enfermidades doutras patoloxías que precisan de coidados sanitarios e sociais con certa complexidade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

45825

@PSdeG



CSV: B6PISJTBGCHU3DZJR473
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Recóllese tamén o procedemento para recoñecer a discapacidade das e dos afectados con axilidade; establecendo un procedemento de urxencia máximo de tres meses para adxudicar ou revisar o grado de discapacidade e dependencia.

Contempla tamén a lei unha reivindicación das asociacións de afectados pola ELA na que fan fincapé na atención docimiliaria especializada. Isto implica que haberá que levar a cabo unha mellora no sistema de coidados, reforzando os servizos de asistencia persoal e axuda no fogar; asegurándose unha atención e supervisión das 24 horas para aqueles que estean xa nunha fase avanzada da enfermidade.

Por outra parte, as persoas afectadas considéranse como “consumidoras vulnerables” co que se lles fará bonificacións como o bono social eléctrico.

O feito de ter ido da man das e dos afectados na redacción da lei, propicia que o diálogo en col das súas necesidades sexa explícito e quede enunciado que o gasto medio por paciente teña que cubrir desde a propia asistencia socio sanitaria, até a adaptación do fogar, dispositivos electrónicos, cadeiras de rodas... sendo todo isto parte dunha realidade cambiante co avance da enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como ten previsto a Consellería de Política Social e Igualdade atender á demanda de formar e estruturar a atención socio sanitaria especializada para persoas enfermas de ELA, toda vez que a casuística destes enfermos leva aparelada o manexo de técnicas e tecnoloxía específica?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 13:32:00
Nº Rexistro: 13501
Data envío: 16/10/2024 13:32:00,081

2. Que orzamento destinará a cubrir a asistencia socio sanitaria e outras prestacións que ten previsto a lei?

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/10/2024 13:28:15

Elena Espinosa Mangana na data 16/10/2024 13:28:23

CSV: B6PISJTBGCHU3DZJR473
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45827

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o rescate das autovías autonómicas AG 55 (Coruña- Carballo) e AG 57 (Vigo-Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do luns 14 de outubro tivo coñecemento dun informe sobre o rescate de catro autoestradas en réxame de peaxe en sombra. Á espera de coñecer os detalles da iniciativa, esta decisión constitúe unha rectificación e unha emenda á decisión do goberno da Xunta do PP de promover a construción de infraestruturas e equipamentos polo sistema de “colaboración” público privada e peaxe na sombra, moito máis gravoso para as arcas públicas tal como puxo de manifesto o informe do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro (que cifrou o sobrecusto en 470 millóns) e o informe do Consello de Contas do 26 de outubro de 2023 sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas, relativo á aplicación deste sistema na AG 56 Santiago-Brión; AG 41 do Salnés; AG 11 do Barbanza, AG 31 de Celanova e AG 55 da Costa da Morte.

Estes custos aumentaron dado que no ano 2014 se renegociáronse (requilibráronse) tres das concesión (O Salnés, O Barbanza e Celanova), o que tivo como consecuencia un incremento de 205 millóns nos pagamentos da Xunta ás concesionarias. Froito daquela decisión, agora a Xunta terá que incrementar a contía da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnización polo rescate das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense Celanova e Santiago Brión:

-AG 56 Santiago Brión: pagamento de 95 millóns a Dragados, Extraco e Francisco Gómez e Cia.

-AG 31 Celanova: pagamento de 85 millóns a Copasa e Extraco.

-AG 11 O Barbanza: pagamento de 72 millóns a Itinere e Abanca

-AG 41 O Salnés: pagamento de 45 millóns a Copasa, Puentes e Abanca.

A conclusión de todo este proceso, cando remate, é que o sistema de construción por colaboración público privada foi ruinoso para as arcas públicas e un lastre para os orzamentos en materia de infraestruturas.

En todo caso, á espera de coñecer os informes e estudos relativos aos custos do rescate das catro autovías citadas, temos que lembrar o que dicía o informe do Consello de Contas de outubro de 2023:

*“Na situación actual, coas renegociacións xa feitas, a nosa recomendación é que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, **existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros. (...).***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega de Infraestruturas debe analizar a revisión dos incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. En todo caso, e como consecuencia da dita revisión, a partir do ano 2032 debería deixar completamente sen efecto nas autovías do Salnés e do Barbanza os incrementos de tarifa do 38% e 35,5%, respectivamente”.

Mais a decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha discriminación para as comarcas que sofren autovías de peaxe de titularidade da Xunta, a Coruña-Bergantiños (AG 55) e Vigo-Val Miñor (AG 57), unha situación que supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competitividade destas zonas, nas que as citadas autovías constitúen eixos vitais de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta iniciar os trámites para o rescate das autovías AG 55 A Coruña-Carballo e AG 57 Vigo Val Miñor, de maneira que se poida facer efectivo no ano 2025?

Fixo a Xunta algún estudo sobre o custo económico deste rescate?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recoñece a Xunta que foi moi gravoso para as arcas públicas a utilización do sistema de colaboración público privada para a construción de infraestruturas?

Vai o goberno galego revisar os incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos, tal como recomendou o Consello de Contas?

Cal é o impacto económico da renegociación das concesión no custo do rescate das autovías AG 56, AG 31, AG 11 e AG 41?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Daniel Pérez López

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/10/2024 13:34:54

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/10/2024 13:35:02

Daniel Pérez López na data 16/10/2024 13:35:18

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 13:35:28

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 13:35:39

Iria Taibo Corsanego na data 16/10/2024 13:35:49

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 13:36:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os contratos da Xunta de Galiza coa mercantil Gallaecia Patentes y Marcas S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes constituíuse a iniciativa do grupo parlamentar do BNG a comisión de investigación sobre a contratación do executivo galego nos últimos anos, e parte do obxecto da comisión que se vai a estudar refírese aos procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.

Este día pasado, a través dunha publicación xornalística saíu á palestra que a Xunta de Galiza repartiu, en tan só sete anos, a cantidade total de 782.666 euros a través de 272 contratos menores, coa sociedade Gallaecia Patentes e Marcas SL, cuxo administrador é Joaquín Cuíña Barja, o irmán da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, Beatriz Cuíña Barja, número dous do presidente Alfonso Rueda, e persoa que leva ocupando altos cargos na Administración galega desde o primeiro goberno de Alberto Núñez Feijóo. De feito, o seu irmán leva gañando contratos “a dedo” de até 24 organismos dependentes da Xunta desde 2017, cando Feijóo aínda era presidente.

A maioría dos obxectos destes contratos fan referencia a solicitudes e renovacións de marcas e a súa tramitación na oficina española de marcas e patentes. Entre outras e gran parte dos contratos foron encargados pola Axencia Turismo de Galicia, organismo adscrito funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galiza e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orgánicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que a súa Secretaria Xeral é Beatriz Cuíña, irmá do administrador da empresa agraciada.

O Partido Popular posúe un Código ético e de conducta, no que no capítulo 3.5, que regula as pautas específicas de conductas respecto da contratación con terceiros, establece que “O Partido Popular non contratará a provedores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que coñecidamente ostenten a condición de funcionario público ou que teñan algún vínculo persoal, familiar e/ou de relación comercial con algún integrante do Partido”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

-Considera o goberno galego vulnerado o código ético do Partido Popular e que medidas vai adoptar cos cargos públicos implicados?

-Considera o goberno que respectou os principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade, de concorrência competitiva, de transparencia no procedemento, de non discriminación e igualdade de trato entre os potenciais candidatos na contratación dos servizos de tramitación de rexistro e renovacións de marcas e patentes?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/10/2024 13:37:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/10/2024 13:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o vertido do buque Toconao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro de 2023, o barco Toconao, de bandeira liberiana, perdeu seis contentores cargados con diversos materiais fronte ás costas portuguesas. Como consecuencia deste feito, as praias e as costas galegas víronse moi afectadas pola vertedura de pellets de plástico.

Logo dunha fase de inacción e de minimización do problema, con declaracións pouco acertadas e con derivación das responsabilidades cara os concellos e o goberno central, a Xunta mobilizou medios humanos e materiais para facerlle fronte á marea plástica.

A Consellaría de medio ambiente fixo avaliacións da cantidade de pellets recollidos e dos medios mobilizados pola Xunta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que medidas impulsou a Xunta diante doutras administracións para previr e evitar no futuro novos vertidos deste tipo fronte ás costas galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal foi o importe total que supuxo para a Xunta de Galiza e os seus entes e organismos públicos a retirada e tratamento de pellets plásticos do vertido do buque Toconao?

Que accións se tomaron contra o armador ou o posuidor da carga para recuperar estes gastos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 12:21:18

Rosana Pérez Fernández na data 17/10/2024 12:22:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o colapso do servizo de Urxencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis, o servizo de Urxencias do CHUS está a sufrir as consecuencias do deterioro da sanidade pública orquestado polo Partido Popular. Os colapsos neste servizo son frecuentes, con pacientes amoreadas nos corredores mentres outras agardan horas para poderen ter unha cama de hospitalización despois de que lles fose asignada.

A asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS denunciou que este luns 14 de outubro ás 19h eran 31 pacientes en padiolas e cadeiras de rodas as que estaba nos corredores de acceso e contiguos ao servizo; ao mesmo tempo 25 pacientes co ingreso asinado agardaban por unha cama en planta.

Mais durante este mesmo mes de outubro xa tiveron lugar máis colapsos. O 7 de outubro ás 18h, 11 pacientes graves en cadeiras de rodas e padiolas estaban colocadas nos corredores de acceso agardando a ser atendidas nas zonas de traballo. A esa mesma hora, 30 pacientes co ingreso asinado agardaban a ser hospitalizadas.

Esta situación, ademais da obvia vulneración de dereitos que supón para as pacientes que se atopan nesta situación, impacta sobre o persoal do servizo, traballando nunha situación de sobrecarga constante e sen poder realizar correctamente o seu traballo pola falta de medios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O colapso do servizo de Urxencias do CHUS non é un feito illado, senón que se produce de xeito sistemático e permite ver as costuras dun sistema sanitario posto contra as cordas. A mala xestión realizada coas camas hospitalarias, a inaccesibilidade da Atención Primaria ou as listas de espera dos servizos hospitalarios son algunhas das causas que explican esta situación. Ás portas dun previsible incremento das asistencias a urxencias e ingresos motivados por patoloxías respiratorias coma a gripe agudízanse as alertas acerca das consecuencias que se producirán.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego das situacións de colapso que se producen nos servizos de urxencias de xeito sistemático?
- Que valoración fai da vulneración de dereitos que supón que pacientes agarden nos corredores para poderen ser atendidas?
- Considera o goberno galego que os ingresos desde o servizo de urxencias, unha vez indicados por persoal facultativo, deben de producirse de xeito áxil? Por que motivo pacientes agardan durante horas para poderen ter a cama que lles corresponde?
- Por que non están operativas todas as camas existentes no CHUS?
- Cales son as medidas previstas para evitar que se sigan producindo estes colapsos no servizo de Urxencias?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/10/2024 12:44:26

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 12:44:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A convocatoria de folga regresa á CRTVG provocada pola externalización de un programa histórico, o *magazine* matinal “A Revista”. Despois de máis de vinte anos de emisión, un programa que a propia cadea incluía na súa *web* dentro dos informativos- para ser substituído por “O Termómetro”, un espazo de características similares que, segundo o comité, costa 16.000 euros en cada un dos seus días de emisión, de luns a venres.

O *Termómetro* está coproducido por Setemedia e Papaventos TV, filial galega da Cometa TV, unha empresa que forma parte del conglomerado Eurostar Mediagroup, cuxa directora xeral, tal e como informaba Galicia Press, é Rosa María Díez Fernández, asesora de Mariano Rajoy durante 8 anos en tres ministerios.

Algo que, a xuízo do Comité Intercentros, “afonda a estratexia de desmantelamento dos medios públicos” mentres “dilapida recursos e facilita a manipulación informativa”.

Os traballadores e traballadoras do ente público reclaman a reposición dun auténtico diálogo social na CRTVG xa que a negociación do convenio colectivo, que rexe as condicións de traballos dos traballadores e traballadoras, data de 2015 e a paralización por parte do ente da negociación sobre a xa histórica demanda de reclasificación profesional.





Este grupo parlamentario presentou unha batería de preguntas sobre os diversos problemas que afectan ao ente público, tanto sobre a externalización do programa A Revista, como pola paralización da negociación do convenio colectivo e a necesaria reclasificación profesional, por entender que estes temas están paralizados polo interese da Xunta de Galicia en aprobar unha nova lei de medios que borre dun plumazo a xa tocada independencia, pluralidade e liberdade informativa.

Esta situación ademais do rexeitamento frontal por parte deste grupo parlamentario está a provocar unha desaprobación do sector audiovisual galego, o que supón un paso atrás na independencia e función social do medio público galego.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pode explicar o Goberno galego como se ten chegado na CRTVG á situación da nova convocatoria de folga por parte do Comité Intercentros?
2. Considera o Goberno galego que o persoal da CRTVG minte nas súas críticas ao proceder da dirección da CRTVG e que finalmente desemboca nunha folga? de ser así, en que menten?
3. Considera o Goberno galego que se están externalizando os contidos informativos, de forma contraria á lei galega?
4. Estase acosando a persoal traballador da corporación por non seguir determinadas directrices da dirección?
5. En 2023 houbo outras xornadas de folga, como enfronta o Goberno galego esta decisión dos traballadores e traballadoras?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2024 12:57:52
Nº Rexistro: 13560
Data envío: 17/10/2024 12:57:52.529

6. Abrirá o Goberno galego un proceso de diálogo e reflexión coa parte sindical/traballadores para saír desta situación de colapso dos medios públicos?

7. Considera o Goberno galego que se deben establecer uns servizos mínimos xustos?

Parlamento de Galicia, 16 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/10/2024 12:48:58

Silvia Longueira Castro na data 17/10/2024 12:49:09

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45843

@PSdeG



CSV: BGRISIRBGMH0d9jnyf53
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a Mesa a seguinte **interpelación**.

A Corporación Radio Televisión de Galicia dispón dun convenio colectivo do ano 2015. O referido convenio encóntrase totalmente desactualizado e por iso foi denunciado pola parte social a finais de 2023.

Desde o inicio das negociacións ata o 1 de setembro de 2024 os representantes dos traballadores e a representación do ente público mantiveron un total de sete xuntanzas. A última, programada para mediados do mes de xullo aínda non se levou a cabo despois de recibir o comité de empresa un aviso de adiamento.

No que vai de ano, apenas se avanzou no novo texto, e a CRTVG non está disposta a asumir a maior parte das propostas que lle achega a parte social, unha delas, incluída no programa da UXT, que se comprometeu a recuperar a xornada laboral de 35 horas á semana, e que a empresa nega acolléndose a que a normativa non cambiou, e que se axustan ás medidas en vigor.

Por outra banda, están pendentes de negociar as licenzas retributivas, non retributivas e excedencias, adiado o capítulo dedicado ao cadro de persoal. Provisión das vacantes. Contratación. Período de proba. Promoción interna ou o Concurso de traslados, a mobilidade funcional ou a estrutura retributiva.

É máis, a estas alturas a parte empresarial aínda non trasladou á parte social a masa salarial para poder levar a cabo estas negociacións.





Este grupo parlamentario entende que por parte da entidade pública non existe vontade negociadora porque coa entrada en vigor da nova lei de Rueda, de medios públicos, non todo o persoal vai xogar cas mesmas regras, e a pretensión e a externalización de contidos e servizos. De feito no anteproxecto de lei que se presenta, no art. 46, que reproducimos, fala de convenios colectivos en plural.

Artigo 46. Persoal laboral

1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) Polas disposicións aplicables do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

b) Polo texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e as demais normas de dereito laboral.

c) Polos convenios colectivos.

d) Polo correspondente contrato de traballo...

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que un convenio colectivo que data do ano 2015 está desfasado e precisa de actualización inmediata?
2. Sabe o Goberno galego cando foi a última reunión da mesa negociadora do convenio colectivo da CRTVG?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2024 12:58:25
Nº Rexistro: 13561
Data envío: 17/10/2024 12:58:25.137

3. Coñece o Goberno galego cales son os puntos que impiden aos representantes do ente público chegar a un acordo co comité de empresa e asinar un novo convenio colectivo?

4. Pode explicarnos o Goberno galego por que o anteproxecto de lei no seu artigo 46 fala de convenios colectivos en plural?

5. Pode dicirnos o Goberno galego se a falta de vontade negociadora da CRTVG está orixinada pola entrada da nova lei de medios públicos?

Parlamento de Galicia, 17 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/10/2024 12:51:49

Silvia Longueira Castro na data 17/10/2024 12:52:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45846

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3-FD65ZU4K13
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos sobre o índice de risco de pobreza e exclusión social de Galiza deixan ver que o 25,8% da nosa poboación infantil se atopa en risco de pobreza, chegando a 93400 menores sufrindo esta situación no noso país. Así mesmo, a pobreza severa galega foi a que máis medrou do estado español, chegando a un 10,3% da poboación, datos que evidencian a falla de acción ou a súa insuficiencia por parte do goberno galego. En Galiza unhas 60000 persoas ao mes comen grazas aos bancos de alimentos, dependendo directamente da entrega de alimentos, unha cifra que aumenta no noso país, medrando nun ano as demandas nun 50%, de xeito que a evolución no noso país é preocupante.

A renda real sufriu unha perda evidente en Galiza, onde aumentan os fogares cun ingreso menor do 40% da renda mediana dispoñible, e o 45% das familias reconece chegar a fin de mes con dificultades. No noso país o 55,2% das familias galegas non se contabilizan como familias en risco de pobreza, sen embargo sofren privación de material severa, onde manter a casa a unha temperatura adecuada non é posible, onde non teñen capacidade para consumir carne ou peixe cada dous días ou non poden gozar de vacacións unha semana ao ano.

Nun informe actual sobre hábitos alimentarios de xente nova entre os 6 e os 18 anos conclúe que máis da metade dos nenos, nenas e adolescentes de fogares con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escasos recursos estiveron preocupados pola falla de algúns alimentos. O 75% dos nenos e nenas en situación de vulnerabilidade social sofre dificultades para acceder a alimentos que lle son beneficiosos para a súa saúde, ou simplemente para acceder a alimentos de xeito regular. Ese informe revela que un 27% deses menores foron durmir con fame e o 11% deles confesou que pasaran alomenos un día e unha noite enteira sen consumir ningún alimento. Deste xeito temos un 29% destes menores están actualmente nunha situación de inseguridade alimentaria severa, datos reveladores do estado de desatención destes menores por parte da administración.

O problema non só é o da falla de alimentos, tamén temos que ter en conta a chamada “fame oculta”, que se refire á falla de equilibrio nutricional. Os casos de obesidade derivados dunha baixa calidade alimentaria nos fogares con menos ingresos duplícase en comparación coas familias onde non existe este risco de pobreza ou carencia de material severa, de xeito que non é de estrañar que un de cada tres menores de entre 6 e 18 anos sufran obesidade. Este tipo de alimentación durante a infancia, onde os valores nutricionais son escasos, está moi relacionada cun posible desenvolvemento de enfermidades, tales como diabetes ou enfermidades cardiovasculares. Nestas idades, segundo responsables de pediatría, é moi importante darlle importancia á saúde nutricional, considerándoo un período crítico para un correcto desenvolvemento.

Recentemente, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas e Nutricionistas fixo un chamamento para ofrecer pratos máis saudables nos centros de ensino. É aí onde comen case a metade dos nenos e nenas, segundo o Ministerio de Consumo nun informe de 2023, chegando ao 40% das crianzas as que non comen nos seus fogares por motivos, entre outros, de conciliación familiar. É por iso que os comedores escolares son de vital importancia na alimentación dos menores, así coma da calidade desta alimentación. No caso de Galiza, dietistas-nutricionistas do SERGAS declararon que os menús escolares galegos teñen moito marxe de mellora, con necesidade de aumentar alimentos coma a froita, verdura, legumes e peixe, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo. A mellora destes aspectos serían de especial importancia á hora de aforrar en canto a problemas de saúde derivados dunha alimentación desequilibrada nas crianzas e garantirían a achega nutricional adecuada para todas e todos, favorecendo a calidade na alimentación de todas aquelas crianzas que se atopan en risco de pobreza e exclusión social, aqueles vítimas da pobreza severa e da pobreza de material severa, que acada porcentaxes moi elevados da poboación galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Prevé a Xunta de Galiza realizar estudos sobre a “fame oculta” nos menores de idade?

. Prevé a Xunta de Galiza modificar para o curso 2025/26 os menús das escolas infantís e centros de ensino para que todos os nenos reciban as racións recomendadas de peixe e carne semanais, priorizando os produtos de proximidade?

. Que medidas se tomarán por parte da Xunta de Galiza para garantir que os menores accedan as racións de peixe e carne recomendadas?

. Que solucións aportará a Xunta de Galiza para reverter a tendencia que declaran os bancos de alimentos que aseguran que as demandas de alimentos por parte da poboación en risco aumentan diariamente?

. Considera a Consellería de Política Social que o investimento para reverter a pobreza severa son abondos e están tendo o efecto desexado?

. A raíz dos datos de consumo de peixe por parte das familias, que revelan un decrecemento moi intenso na última década, considera a Xunta de Galiza que se están a desenvolver as medidas precisas para reverter esa situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:20:16

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:22:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a creación do PLAN MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de agochar os recortes de profesorado e especialistas nos centros educativos galegos utilizando fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP na Xunta de Galiza aprobaba no Consello de Goberno, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa PLAN MEGA con varios obxectivos, segundo o executivo galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.

O que Rueda vendía en rolda de prensa nada máis rematar o Consello sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran gran Plan para solventar todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- **Promociona** (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- **PROA+** (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero este Plan Mega da Consellaría de Educación non supón unha innovación nin un suplemento nos recursos necesarios para mellorar a atención do alumnado máis vulnerable e con necesidades específicas, xa que inclúe programas xa existentes, desbotando tamén outros que funcionaban positivamente e eran moi valorados polos centros educativos, como é o Proxecto “Acompaña” finalizado en xuño.

O PP na Xunta, acadou máis de 18 millóns de euros de fondos europeos e do Ministerio para xustificar o Plan Mega co que trata de compensar a custe 0 os recortes de profesorado e especialistas previos e serviu para asinar un acordo cos sindicatos minoritarios que a mesma Consellaría está disposta agora a incumprir. Tratan de usar estes cartos para cubrir necesidades ordinarias dos centros escolares e non como apoio e reforzo a maiores para este alumnado NEAE.

Os efectivos do Programa Proa+ acaban de ser asignados, defraudando a numerosos centros que tiñan postas moitas esperanzas neste apoio especializado e que non acadaron nin unha soa PT ou AL, mais outros programas como os reforzos en competencia matemática e lectora ou Escola 4.0 ou Benestar están aínda sen desenvolver despois de máis dun mes de iniciado o curso ou dende o 1 de setembro, data de inicio da vixencia dos fondos.

Mentres o Conselleiro de Educación e o Presidente da Xunta anunciaban por todo o alto este Plan Mega de “Mellora Educativa”, as direccións dos centros foron obrigadas a reunirse coas ANPAs e coas as familias para informarlles da situación tan precaria que terían neste curso escolar por falta do profesorado e especialistas necesarios para a atención ao alumnado, sendo o máis afectado o alumnado NEAE.

E neste contexto, utilizaron o Programa Promociona para cubrir a falta de profesorado, casos escandalosos nos centros afectados, mais cunha contratación precaria e prexudicial para este persoal. Docentes que estarían destinados a apoio e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforzo do alumnado máis vulnerable, están a realizar nos centros funcións estruturais e ordinarias, como titores/as nas aulas por exemplo.

As contratacións deste persoal docente produce unha discriminación laboral clara, por incorporarse ao curso tan só por 10 meses, ata o 30 de xuño, sen tempo a poder elaborar informes, estatísticas e a preparación de material para o seguinte curso. Cunha necesidade imperiosa de profesorado e especialistas nos centros, un porcentaxe elevado dos e das docentes son incorporadas á media xornada, tan só 4 horas sen compartir con outra escola.

Polo tanto á comunidade educativa acaba de convocar unha gran mobilización en Santiago para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta non deixan a propaganda e de gabarse de ser o curso que conta con maior número de profesorado.

Organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega /AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo o exposto fromúlase a seguinte interpelación:

- Vai a Consellaría de Educación incorporar os especialistas necesarios para garantir unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado nos centros galegos, sobre todo a aqueles que precisan PT preferentes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Porque non se contrataron os efectivos incluídos no Plan Mega con data 1 de setembro, cando se habilitaron os fondos europeos?
- Como vai a distribuír a Consellería os máis de 18 millóns de euros entre os diferentes Programas incluídos no Plan Mega?
- Porque non se teñen impulsado aínda todos os programas incluídos no Plan Mega?
- Vai a aumentar a partida orzamentaria no 2025 para poder asumir o incremento de profesorado e especialistas onde sexa preciso nos centros educativos do País para garantir os dereitos de todo o alumnado, tamén aquel con NEAE?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:41:29

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:41:33





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Concello de Trabada xunto coa Plataforma Pública da Mariña teñen manifestado a situación preocupante que está a vivir o Concello no eido sanitario chegando a manifestarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos, pedindo dúas prazas de medicina de familia cubertas todos os días e durante a quenda completa.

Trabada leva preto dun ano cun só médico dende a xubilación no ano 2023 dun dos facultativos que non foi substituído en ningún momento por parte do Sergas, situación esta previsible e, polo tanto, con capacidade de previsión.

Durante todo este tempo un só médico, dos dous que ten o cadro de persoal tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do centro de saúde. Co estrés laboral que supón para quen ten que asumir esta situación.

Un concello, como moitos de Galicia, cunha poboación moi avellentada, dispersión xeográfica acusada cunha distancia entre núcleos de poboación moi extensa. unha gran porcentaxe de maiores de 65 anos, unha poboación altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con casos de atención domiciliaria.

A isto hai que sumarlle que o concello conta cunha residencia de maiores con praza para 39 usuarios tamén atendidos polos efectivos do centro de saúde, o cal supón que o único médico teña que atender tamén ás e aos usuarios do centro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 11:22:14
Nº Rexistro: 13171
Data envío: 11/10/2024 11:22:14.132

Esta situación durante o mes de agosto supuxo en moitas ocasións un servizo deficitario, tendo en conta o período vacacional ao que ten dereito provocou que nalgunha ocasión a falta total de facultativos uníndose a carencia de enfermería quedase o centro de saúde sen persoal sanitario obrigando a terse que desprazarse a unha profesional de Ribadeo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do Centro de Saúde do Concello de Trabada?

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/10/2024 11:19:32

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45857

@PSdeG



CSV: B6P1S1R0G14gk0UW6-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 11:22:14
Nº Rexistro: 13171
Data envío: 11/10/2024 11:22:14.132

Elena Espinosa Mangana na data 11/10/2024 11:19:41

Silvia Longueira Castro na data 11/10/2024 11:19:48

CSV: B6P5TRB9G4H9K0UW6-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

45858

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O pasado mes de xaneiro publicouse no DOG unha nova convocatoria de axudas plurianual destinada a impulsar a eficiencia enerxética nas infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais.

A medida, cun orzamento de máis de cinco millóns de euros, está especialmente dirixida aos concellos de menos de 30.000 habitantes e pretende contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e á mitigación dos efectos do cambio climático, en liña coa Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 e no marco do Programa Feder Galicia 2021-2027.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego desta nova orde de axudas para impulsar a eficiencia enerxética nas dependencias destinadas á prestación de servizos municipais?

Santiago de Compostela, a 11 de outubro de 2024

Santiago de Compostela, 1 de outubro 2024.





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 11/10/2024 12:22:28

Julio García Comesaña na data 11/10/2024 12:22:44

Argimiro Marnotes Fernández na data 11/10/2024 12:22:55

Paula Mouzo Mas na data 11/10/2024 12:23:13

Pablo Prieto Perille na data 11/10/2024 12:23:24

Alberto Pazos Couñago na data 11/10/2024 12:23:34

María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/10/2024 12:23:45

Roberto Rodríguez Martínez na data 11/10/2024 12:23:57

Katherinie Varela Fernández na data 11/10/2024 12:24:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

O 13 de agosto publicábase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria para 2025 das axudas para a promoción do viño galego en terceiros países, fóra da Unión Europea, para as que a Xunta de Galicia destina 1,7 millóns de euros co obxectivo de apoiar ao sector vitivinícola da nosa comunidade. Nos últimos sete anos, promovéronse dentro desta liña preto de 150 programas de promoción e xestionáronse máis de 8 millóns de euros.

Estas achegas buscan fomentar o coñecemento das características e calidades do viño galego máis aló das fronteiras da Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade no estranxeiro mediante a apertura, diversificación ou consolidación do mercado nestes países. Nesta liña, poderán beneficiarse das axudas as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións, as organizacións interprofesionais, ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas, así como as súas asociacións.

Tamén poderán recibir axuda as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño, as cooperativas que comercialicen viños elaborados por elas ou polos seus asociados ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

Cómpre destacar que estas achegas enmárcanse na Intervención Sectorial Vitivinícola (ISV), que á súa vez se atopa incluída no Plan Estratéxico Nacional de Política Agraria Común (PAC) de España 2023 – 2027. É dicir, un contexto favorable para o sector, que repercute positivamente na comercialización e internacionalización dos viños galegos e tamén contribúe a mellorar o agro da nosa comunidade.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai a Xunta de Galicia desta convocatoria de axudas para a promoción do viño?

Santiago de Compostela, 11 de outubro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 11/10/2024 12:29:42

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 11/10/2024 12:29:56

Ángel Rodríguez Conde na data 11/10/2024 12:30:13

Juan Manuel Casares Gándara na data 11/10/2024 12:30:25

Cristina Campero Dorado na data 11/10/2024 12:30:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/10/2024 12:30:46

Enrique Barreiro Sánchez na data 11/10/2024 12:30:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Mato Díaz na data 11/10/2024 12:31:10

Nicole Grueira Fernández na data 11/10/2024 12:31:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:38:40
Nº Rexistro: 13193
Data envío: 11/10/2024 13:38:40,746

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xa van máis de 20 anos que nos medios de comunicación se escoita falar da inminente construción do polígono industrial de Coristanco, pero pese a tanto anuncio do PP a día de hoxe seguimos sen ver nin unha soa parcela construída e a disposición das iniciativas empresariais que se puideran ter instalado no concello, cun Partido Popular ao fronte do Goberno local e o Goberno galego que segue a prometer a construción do parque empresarial ano tras ano, sen iniciar a construción dunha infraestrutura indispensable para o futuro de Coristanco e que evite que moitas empresas sigan abandonando o concello por carecer dun espazo acondicionado para desenvolver a súa actividade.

Pese ás oportunidades que están a xurdir nos concellos veciños do eixe A Coruña - Arteixo – A Laracha - Carballo, onde teñen solo industrial á súa disposición e son un dos polos económicos máis importantes de toda Galicia no que podería estar Coristanco se houbera iniciativa e compromiso por parte do Goberno galego, dende o Grupo Parlamentario Socialista moito nos tememos que o PP volverá a usar o polígono industrial da Miñata como mero reclamo electoral, ao igual que leva facendo elección tras elección para condicionar a decisión dos veciños de cara ao próximo proceso de eleccións municipais.

No ano 2019, o PP de Coristanco e o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo anunciaban como proxecto estrela do seu programa electoral a posta en





marcha do dito polígono e case rematado o mandato electoral de 2019 a 2023 vemos que esta promesa quedou en fume, algo que nos tememos que volva suceder neste vindeiro 2023, xa que pese ás promesas dadas, todos puidemos observar como o PP volveu a rexeitar ás emendas do noso grupo aos orzamentos da Xunta para 2023 que pedían aumentar ata 1 millón de euros o insuficiente orzamento da Xunta de Galicia para o dito polígono, que foi de 212.302 euros, unha cantidade surrealista para que se poida tomar en serio unha promesa do PP que segue xogando coas necesidades do tecido empresarial de Coristanco, que necesita da implicación da Administración autonómica para o avance económico-social de todo o concello.

Por outra banda, neste acto propagandista do PP de Coristanco e o Goberno galego no que presentaban o Plan para construír o dito polígono, nin tan sequera foron capaces de convocar a todo o tecido empresarial de Coristanco, xa que fixeron unha convocatoria a uns poucos empresarios que deixou a moitos empresarios e autónomos do concello sen convocar, o que demostra que ao PP só lle interesan uns poucos e non todo o tecido empresarial e social de Coristanco, cunha mostra máis da falla de transparencia e consideración de cara á veciñanza do dito concello.

A Xunta de Galicia adxudicou a principios do 2024 o proxecto de expropiación do parque empresarial de Coristanco da Miñata en Coristanco a Proyectos y Estudios Técnicos de Galicia SL por un importe de 52.000 euros. E dende setembro de 2024 non coñecemos máis avances no proxecto do parque empresarial de Coristanco.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:38:40
Nº Rexistro: 13193
Data envío: 11/10/2024 13:38:40,746

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a previsión temporal do Goberno galego para rematar tramitación do proxecto construción do parque empresarial da Miñata en Coristanco?

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/10/2024 13:34:14

Lara Méndez López na data 11/10/2024 13:34:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45866

@PSdeG



CSV: B6P5T8B3g9u4qJmK1g
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:39:48
Nº Rexistro: 13198
Data envío: 11/10/2024 13:39:48,683

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o Grupo Municipal Socialista de Cervo a través da súa voceira, Luján Ramos, levan dende o ano 2020 presentando iniciativas no Pleno do Concello de Cervo, preguntas e rogos, sobre a situación da residencia e centro de día de San Ciprián.

Denuncian deficiencias en canto ás instalacións, limpeza, falta de persoal e o propio funcionamento. Tamén teñen posto de manifesto que non se realizan as actualizacións de prazas e falta da memoria de actividades entre máis cuestións.

Lonxe de solucionar os problemas estes vanse incrementando e xa son os familiares dos usuarios da residencia e centro de día de San Ciprián os que están a poñer de manifesto estas deficiencias, a través de escritos rexistrados no Concello.

As principais queixas reiteradas polas distintas persoas usuarias son:

Falta de enfermeiros/as, dúas prazas sen cubrir, nin médicos/as. O fin de semana e as tardes e noites queda totalmente descuberta a asistencia médica e de enfermería.

O persoal do centro que fai as tarefas de revisións rutinarias de control de tensión, glucosa administración de medicación son realizadas por persoas non axeitadas para realizar estas funcións. Non hai fisioterapeutas, co cal se o precisan teñen que asumir o custo a familia das persoas usuarias.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45867

@PSdeG



CSV: B6P1STB03xBq0w0uR11:39
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En canto ás instalacións os timbres das habitacións non funcionan, co cal se unha persoa precisa axuda non pode avisar no caso de que precisen ir o baño, beber un vaso de auga ou un cambio de panal. Isto provoca outros problemas engadidos que son as caídas que se producen por non ter axuda e por ter que facer estas cuestións básicas eles mesmos.

Todo isto provoca unha saturación nas traballadores do centro polo exceso da carga de traballo e a falta de material existente e cando chega xa a límites insostibles e vense obrigados a coller unha baixa estas non se cobren, o que levou en máis de unha ocasión a que dúas persoas atendan a 50 residentes en dúas quendas.

Outra das queixas manifestadas por parte das persoas usuarias con maior autonomía, son as referentes ás comidas que son pouco elaboradas escasas e pouco variadas, e se lle sumamos a falta de persoal neste eido fai que ou ben se xunte algún menú ou o que peor que pasen moitas horas sen comer nada.

As visitas aos seus familiares a parte de ter con cita previa, cada vez lle reducen máis o tempo das mesmas e en moitos casos teñen que estar esperando quince vinte minutos para poder entrar.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia desta situación?

Santiago de Compostela, 11 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:39:48
Nº Rexistro: 13198
Data envío: 11/10/2024 13:39:48,683

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/10/2024 13:31:15

Silvia Longueira Castro na data 11/10/2024 13:31:24

Elena Espinosa Mangana na data 11/10/2024 13:31:33

CSV: B6PIS7B9CXBq0w0uR1:3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

45869

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de normas adicionais sobre protección do medio ambiente nos termos do artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

No exercicio destas competencias ditouse a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

A dita lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 9. referido á participación pública establece que a Administración autonómica garantirá a participación pública no deseño e execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos da presente lei.

Pero non fai mención explícita ao necesario papel que desenvolven as ONG dedicadas á divulgación, conservación e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade, así como das universidades e centros de investigación galegos.

Por outra banda, tampouco aparece nesta lei ningunha mención ao Observatorio Galego da Biodiversidade, un órgano que foi creado polo Decreto 260/2007, do 13 de decembro, como un órgano colexiado para o asesoramento





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13226
Data envío: 11/10/2024 14:13:05,938

e consulta en materia de conservación da biodiversidade de Galicia, e nel están representados técnicos da Consellería de Medioambiente, as universidades, especialistas de recoñecido prestixio no estudo e a investigación das diferentes especies, e representantes das asociacións inscritas no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que teñan entre os seus fins a conservación da biodiversidade en Galicia.

Nosoutros, os socialistas e as socialistas entendemos que tratándose de aspectos tan relevantes para a conservación do noso medio ambiente e diversidade como pode ser declaración dos espazos naturais protexidos, aprobación, revisión ou modificación dos instrumentos de planificación de espazos, ou os procedementos de aprobación dos plans de recuperación e dos plans de conservación de especies catalogadas.

Este organismo tería que realizar de forma preceptiva un ditame previo que valorase estas decisións, pero tamén outras importantes que aparecen na lei como por exemplo: reestruturacións agrarias (art. 18); perda da categoría de ENE (art. 44); listaxe de especies silvestres (art. 90); excepcións ás prohibicións (art. 99); introdución de especies non autóctonas (art. 110)...

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como xustifica o Goberno galego que se estean a desenvolver actuacións relacionadas coa conservación do noso medio ambiente e biodiversidade sen un informe previo favorable do Observatorio Galego da Biodiversidade?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/10/2024 13:35:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45871

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13226
Data envío: 11/10/2024 14:13:05,938

Carlos López Font na data 11/10/2024 13:35:32

CSV: B6P5TRB3-FV/3x2d69-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45872

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de converter ao Teatro Cine Fraga nun espazo cultural público na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Teatro Cine Fraga forma parte da memoria cultural de todas as viguesas e vigueses. Desde o 28 de marzo de 1948, data da súa inauguración até o 28 de xuño de 2001, cando pecha as súas portas, foron moitas as xeracións que sentaron nas súas butacas.

O 30 de xuño de 2001, a antiga Caixa Galicia adquire o Teatro Cine Fraga para convertelo, dentro da súa obra social, nun edificio de uso cultural e comeza unha reforma que queda paralizada en agosto de 2011.

Vigo é, das cidades do seu tamaño do Estado Español, a única que non conta con ningún teatro público, para alén da existencia de diferentes auditorios, o que impide atender as necesidades e fana o desenvolvemento do vizoso tecido cultural vigués. Cómpre, neste sentido, destacarmos o enorme potencial das artes escénicas na cidade que é sede da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza.

Até a actualidade nin Xunta de Galiza, nin Deputación de Pontevedra, nin tampouco o Concello de Vigo, teñen despregado medidas e políticas efectivas para atender esas necesidades e permitir referenciar Vigo no ámbito escénico. De tal maneira





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que os e as profesionais da cultura, artistas e demais axentes, padecen un continuado abandono, véndose obrigados/as a procurar recursos propios ou privados ou mesmo a marchar da cidade para poderen desenvolver plenamente os seus proxectos pola ausencia de políticas culturais públicas.

En relación ao Teatro Cine Fraga, que constitúe unha peza patrimonial de valor monumental e que, como xa se sinalou, foi historicamente un grande referente cultural da cidade, desde o Bloque Nacionalista Galego xa temos demandando desde hai moito tempo poñer fin ao seu abandono para o converter nun grande teatro público, ao servizo do tecido cultural da cidade e do conxunto do noso País e para o desfrute da veciñanza. Unha iniciativa que non foi recollida por ningunha administración.

Non foi até a campaña electoral das pasadas eleccións galegas, do 28 de febreiro, cando Partido Popular, desde Deputación e Xunta, e PSOE, desde o Goberno municipal, amosaron a súa repentina disposición a adquiriren o Teatro Fraga. Vemos, pois, como unha iniciativa que debera basearse na sinerxía, na suma de esforzos, acaba encadrada primeiro nunha competencia de claro carácter electoralista e agora como un novo episodio na permanente lea partidista que alenta o confronto institucional.

A decisión da Xunta de Galiza e mais da Deputación de Pontevedra de compraren, conxuntamente, e por importe de 9,3 millóns de euros o Teatro Fraga, constitúe un claro exemplo de mala xestión que dilapida recursos de todas e todos para repagar por unha dotación cultural que xa foi financiada con inxente diñeiro público no rescate da privatizada e expatriada Abanca que, lembremos, recibiu 9 mil millóns de euros de rescate para despois ser adquirida polos seus actuais propietarios por apenas mil millóns de euros. Investimento que foi rapidamente amortizado cos lucros derivados da actividade da entidade financeira en menos de dous exercicios.

Foi, pois, o proceso de bancarización, privatización e desgaleguización da entidade resultante da fusión das caixas galegas, impulsado con entusiasmo polo Partido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular desde os gobernos galego e español ao ditado da Troika, o que privou a Vigo de poder contar co Teatro Fraga como un activo sociocultural de primeiro nivel. Un verdadeiro espolio que agora Xunta e Deputación queren recompensar co diñeiro de todas e de todos, despois de que Abanca veña de obter un beneficio de 158 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, incrementando así as súas ganancias un 50% con respecto ao exercicio anterior.

É por iso, que desde o BNG acreditamos en que o que debiera ter feito a Xunta de Galiza era liderar, en cooperación leal con outras administracións (Deputación de Pontevedra e Concello de Vigo, singularmente), o proceso para retornar a uso social e público o Teatro Fraga sen custo algún para o erario público, a través da constitución dun consorcio público-privado para a cesión da propiedade ou, no mínimo, do seu uso e xestión de maneira gratuíta. Unha oportunidade perdida que vai custar 9,3 millóns de euros de todas as galegas e galegos.

Ademais, o deseño do proxecto para a xestión, actividade e dinamización do teatro, debiera desenvolverse desde a máxima cooperación entre administracións e tamén coa participación do propio tecido cultural vigués, apostando no deseño dun espazo moderno e dinámico, que se converta nun grande centro de creación, produción e exhibición escénica da maior cidade de Galiza.

Vigo precisa e merece dun espazo que sexa motor do enorme talento que existe na cidade nas artes escénicas, nun centro cultural de referencia a nivel galego e peninsular.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións pensa adoptar o Goberno Galego para garantir a xestión pública do Teatro Cine Fraga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 09:25:06

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2024 09:25:12

Alexandra Fernández Gómez na data 14/10/2024 09:26:08

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 09:26:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración do goberno galego sobre o modelo vixente de xestión marisqueira en Galiza e da introdución de cambios no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo transcendeu publicamente, no pasado mes de xullo o conselleiro de Mar asistiu a unha reunión coa Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) onde o fixeron partícipe da súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas, acentuada brutalmente no último ano, e das consecuencias que está a ter en distintas empresas da cadea mar industria.

Nesa reunión propuxeron abordar as “deficiencias” que, segundo eles, “presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías” e tamén “constituír mesas técnicas” para traballar na “mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques”.

Á vista das declaracións, resulta evidente que a Comisión Mar Industria da CEG percibe que o sistema de xestión da extracción de bivalvos actual é “deficiente” e “ineficiente” e, polo tanto, que a Consellaría de Mar, a quen corresponde establecer e regular as medidas para levar a cabo unha xestión marisqueira sostíbel dos recursos, está a conducir esa xestión de xeito deficiente e ineficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecemos cal foi a resposta do máximo representante da Consellería de Mar nesa reunión ás críticas á súa propia xestión marisqueira, mais o que está claro é que a CEG está a solicitar o que xa vén facendo en solitario dende hai anos o propio sector extractivo e tamén os grupos políticos representados no Parlamento galego, estudos profundos sobre as causas desa perda de produtividade que permitan trazar un rumbo definido e, polo tanto, facerlle fronte a unha situación crítica que non é nova e que se agrava a pasos axigantados sen que a propia Consellaría, con competencias exclusivas na materia, reaccione e sexa quen de tomar decisións e de dispoñer os recursos orzamentarios suficientes para evitar, precisamente, que continúe a perda de recursos e de postos de traballo.

O caso é que tanto a valoración da CEG, en presenza do propio conselleiro, como as previas doutros membros da cadea mar industria, poñendo en cuestión o actual modelo de xestión marisqueira, son unha manifestación máis da aguda crise que afecta ás rías galegas e que vai moito máis alá da grave incidencia que xa vén tendo dende hai tempo nos produtores e produtoras, o primeiro elo da cadea.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego levar a cabo, a curto ou medio prazo, cambios no actual modelo de xestión do marisqueo en Galiza?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/10/2024 09:43:54

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 09:44:05

Daniel Castro García na data 14/10/2024 09:44:17

Daniel Pérez López na data 14/10/2024 09:44:31

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2024 09:44:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de mellorar o firme e dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns á estrada autonómica PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 na entidade menor de Vilasobroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-262 é unha estrada autonómica, de menos de 4 kms., que une a vila de Mondariz no seu enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120. Unha estrada de moito tráfico xa que a veciñanza usa este vial para dirixirse cara a Ponteareas e as súas parroquias ao leste do territorio ou cara á Cañiza pasando por parroquias de Mondariz e O Covelo, por traballo, compras ou servizos públicos como a Delegación de Facenda, Xulgados, Seguridade Social, etc. Tamén é un punto de encontro habitual para as persoas usuarias de instalacións deportivas como o campo de fútbol da Lagoa, con entrenos a diario de multitude de categorías ou as pistas de pádel na N-120 ou diversos restaurantes referentes da zona.

Na actualidade, a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro despois de décadas sen facer un asfaltado integral da mesma, que fai que transitar en vehículo sexa perigoso ao ir esquivando co mesmo as zonas en mal estado.

Tamén é importante ter en conta nesta estrada da Xunta, a necesidade de poder contar cunha senda peonil ou beiravía delimitada, que permita que as persoas poidan desprazarse por ela a pé con total seguridade e protección cara aos vehículos, cuestión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que xa está contemplada na contorna do campo de fútbol da Lagoa, nun pequeno tramo, pero que sería preciso ampliar na súa totalidade para achegarse ata Vilasobroso, por necesidade comercial ou persoal e incluso para aquelas persoas que saen a facer exercicio a diario ou queren visitar un dos espazos turísticos máis relevantes da nosa Comarca: o Castelo do Sobroso.

Unha zona moi desprotexida sería entre a saída de Mondariz no centro urbano, no Muiño de Luis ata o antigo Matadeiro Municipal, das máis transitadas a pé e seguridade cero. Despois entre o Matadeiro e a Ponte de Pontedornes (cara ao barrio de Escobeiro) precisa reparacións nos valados e na senda e a partir de aquí ata Vilasobroso precisa unha nova intervención partindo dun proxecto que garanta a seguridade peonil.

Hai que ter en conta que esta nova senda serviría de conexión coas existentes e moi coñecidas entre as persoas que practican o sendeirismo: a “Senda do Río Xabriña” e a “Senda da Coviña” nos puntos de Pontedornes e tamén no antigo Matadeiro. Aumentando así a extensión do percorrido das citadas sendas, dándolle maior valor natural e paisaxístico e unindo a contorna do Castelo do Sobroso.

Polo tanto, sería preciso realizar un estudo máis completo a este respecto, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona do noso rural onde hai moitas veciñas e veciños que usan esta estrada para os seus desprazamentos en vehículo e tamén a pé, para que no proxecto de mellora do asfaltado poida incluírse unha zona de seguridade para as e os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns e outras medidas de seguridade que se precisen.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo e a posterior participación cidadá que valore as opcións para mellorar a seguridade de vehículos e peóns na PO-262 entre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vila de Mondariz no enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 12:06:33

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2024 12:06:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de incrementar as prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No último procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza máis de 500 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. As máis de 500 nenas e nenos que non foron admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedaron fora nas dependentes do Concello de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibilidade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamente o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conciliación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de esperar ás portas dos centros privados desde a madrugada e de solicitar praza nas escolas públicas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa diminución salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións pensa adoptar o Goberno Galego para Incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís en Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 12:15:27

Alexandra Fernández Gómez na data 14/10/2024 12:15:39

Ariadna Fernández González na data 14/10/2024 12:15:52

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2024 12:16:02

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 12:16:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de dar resposta á demanda do IES Agra do Orzán (A Coruña) de acrecentar o profesorado de Pedagogía Terapéutica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un mes despois de ter comezado o curso escolar, segue a medrar o número de centros educativos que publicamente manifestan as deficiencias educativas que teñen que afrontar, derivadas dun goberno da Xunta que non dá resposta ás necesidades que reclaman os equipos directivos.

Un exemplo disto é o IES Agra do Orzán da Coruña que se está a ver obrigado a iniciar concentracións ante a nula resposta por parte da Consellería de Educación ás múltiples e infructuosas peticións de persoal necesario para atender a particular casuística deste centro educativo.

Estamos a falar dun instituto situado nun dos barrios máis densamente poboado non só de Galiza senón de España, multidiverso culturalmente, como se pode comprobar neste instituto que escolariza alumnado de 20 nacionalidades.

Esta diversidade cultural, que debe ser entendida como unha oportunidade de aprendizaxe para a totalidade da comunidade educativa, debe ser acompañada de recursos educativos que favorezan a integración, pois, en moitos casos, a procedencia orixinaria do alumnado non ten referencia lingüística común.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecer algunha das linguas oficiais de Galiza, en moitos casos as dúas, dificulta a integración na comunidade e impide o acceso á educación. Unha administración que desatende esta realidade está a vulnerar un dereito esencial como é o dereito á educación.

Precisamente esta situación é a que se está a dar no IES Agra do Orzán, e xa non é a primeira vez que sucede.

Tal e como traslada o equipo directivo, este curso o centro conta cunha matrícula de 75 alumnos e alumnas con informe de NEAE e un único profesional de Pedagogía Terapéutica, do que se pode tirar a conclusión de que a inmensa maioría está desatendido e desprotexido.

Desde o centro xa se ten solicitado á Xunta aumentar a dotación destes profesionais tan necesarios, nun mínimo de dous docentes, como xa se cubriron en cursos anteriores. O acrecentamento das necesidades educativas medran cada curso, mesmo ao longo do curso con matrículas novas, e os recursos educativos minguan por incomprensíbel e inxusta decisión da Xunta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dotar a Xunta no inmediato do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica que demanda o IES Agra do Orzán da Coruña?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2024 12:49:06

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 12:49:10





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Somos coñecedores de que hai persoas que sufriron a infección polo virus SARS-CoV-2 e que agora teñen unha nova afección, que se denomina COVID persistente, aínda que hai expertos que lle chaman “COVID prolongado”, síndrome COVID crónico”, “long COVID” ou “síndrome de COVID postagudo”.

O último traballo publicado en *Nature Medicine* sobre o COVID persistente, propón unha definición: “a constelación de efectos sobre a saúde post-agudos e a longo prazo causados pola infección SARS-CoV-2”.

Considérase que pode afectar entre o 10 % e o 15 % das persoas que sufriron Covid-19. As últimas informacións indícanos que máis de 400 millóns de persoas no mundo padeceron ou padecen COVID persistente e este dato podíamos extrapolalo a Galicia.

Estamos ademais ante unha enfermidade emerxente, sobre a que se están realizando estudos, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero si sabemos que algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos na memoria etc. E o traballo antes sinalado indica que “afecta a todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 12:55:36
Nº Rexistro: 13271
Data envío: 14/10/2024 12:55:36.752

reprodutivo e o gastrointestinal.” E que “afecta ás persoas independentemente da súa saúde, sexo, etnia ou estado de saúde preexistente”.

Con todo, segundo a enquisa realizada pola Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia e os colectivos de afectados de COVID persistente, é máis frecuente na mulleres (79 %), na idade media da vida, aínda que se pode presentar a calquera idade.

E en Galicia non contamos con ningunha área de COVID persistente para que as persoas afectadas teñan atención sanitaria máis especializada e un tratamento completo, global e coordinado.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unidades de COVID persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?

Parlamento de Galicia, 14 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2024 11:42:36

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2024 11:42:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45890

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBDG3fU5SZFK93
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, vén de solicitar de novo por escrito unha reunión coa conselleira de Política Social, Fabiola Martínez, despois de que non obtivese ningunha resposta á misiva enviada o pasado 10 de xuño e que lle volveu a reiterar o 3 de setembro.

O que supón que leva tres meses sen resposta a pesar de trasladarlle a urxencia da mesma. O rexedor nas distintas cartas lle trasladaba á conselleira que está a incumprir o convenio asinado co Concello de Foz, no que o Consorcio de Igualdade e Benestar se comprometía a ceder a propiedade do edificio e mobiliario da residencia e centro de día de Foz. E a día de hoxe segue sen ningún tipo de resposta.

O modelo de xestión é un modelo herdado do Partido Popular e que non foi posible cambiar en xaneiro do 2023 cando vencía o anterior convenio. A problemática das tarifas deriva dos compromisos adquiridos polo anterior alcalde, o Señor Castiñeira, en 2017 coa Xunta de Galicia. Todas e todos os veciños de Foz están a facer un esforzo moi importante con fondos enteiramente municipais para suplementar os prezos do anterior contrato e pagar as prazas das 40 persoas residentes. Estamos a falar de 370.000 euros anuais, cando se trata dunha competencia autonómica.

A obrigada xestión municipal da residencia e centro de día de Foz está provocando un sobre esforzo económico e de xestión ao Concello e un trato





discriminatorio ás persoas usuarias con respecto ás residencias que xestiona directamente a Xunta de Galicia. Tendo a Xunta de Galicia competencias exclusivas en materia de asistencia social segundo o artigo 27.23 do Estatuto de Galicia e non recibindo ningún fondo para este fin o Concello de Foz como é obrigado para unha competencia impropia, vense na obriga de dispoñer con fondos propios municipais axudas de emerxencia para o sostemento daquelas persoas que non dispoñendo de recursos económicos nin familiares que cumpran as súas obrigas de manutención necesitan deste servizo. É necesario abordar este asunto dunha maneira clara, directa e propositiva.

A conselleira non so debe escoitar ás veciñas e veciños de Foz, na figura do seu alcalde, senón que ten que atender as súas peticións para darlle resposta e solucións.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a conselleira de Política Social recibir e atender as peticións que lle ten trasladado o alcalde de Foz?

Santiago de Compostela, 14 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/10/2024 13:06:43





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 13:09:51
Nº Rexistro: 13280
Data envío: 14/10/2024 13:09:51.757

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2024 13:06:54

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2024 13:07:02

CSV: B0P5TRB9G8M4a2UJX4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

45893

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á Manifestación de Interese sobre os nós de Galiza destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede, desenvolto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), co obxectivo declarado de incrementar o coñecemento da Administración sobre as demandas de acceso e o detalle dos proxectos interesados en cada nó para acadar un maior éxito nos concursos de proxectos de renovables e almacenamento, procedeu á apertura dunha Manifestación de Interese (MdI) sobre os nós destinados a realizar concursos de capacidade de xeración de acceso á rede, trámite cuxo prazo remataba o 12 de abril.

Os nós seleccionados representaron un terzo dos totais do Estado, todos eles situados nas comunidades autónomas peninsulares, presentando Andalucía, Extremadura, Euskadi, Murcia e A Ríoxa máis da metade dos seus nós incluídos, mentres que no caso de Galiza foi o 32 %, 18 dos 57 da súa zona, cun ao 100% e outro ao 0%, cunha ocupación nodal media do 25%, lixeiramente superior á de Extremadura (22%) e moi por debaixo do 64% de Murcia, e cun capacidade total de 18,7 GW (308,3 GW do conxunto). Sinalar que no caso de Castela e León (Herrera 400 kV) e Valencia (Eliana 400 kV e La Plana 400 kV) foron incluídos na MdI 3 nodos sen capacidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concurable, situación na que está o nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, segundo REE.

A MdI procuraba información sobre a demanda de cada un dos nós, a preferencia de conexión na rede de transporte ou distribución, o tipo de tecnoloxía e a intención de hibridación dos proxectos, novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e sobre a súa tipoloxía (autoconsumo, I+D+i,...)

Por outra banda, no marco dun necesario incremento da electrificación industrial e do desenvolvemento de novas actividades como a produción de hidróxeno mediante electrolizadores e a carga de vehículos eléctricos, REE publicou a principios de setembro unha lista de 17 nós (17,2 GW) para convocar as primeiras poxas de acceso á rede para a demanda, fundamentalmente a asociada a grandes proxectos industriais. Os nós están situados en Andalucía (6; 7,2 GW), Aragón (5; 3,5 GW), Castela e León (1; 0,8 GW), Castela-A Mancha (2; 4,2 GW), Catalunya (1; 0,1 GW), Madrid (1; 0,9 GW) e Valencia (1; 0,5 GW), dos cales 6 non estaban reservados para concurso (Cristóbal Colón 220 kV en Andalucía; Ave Zaragoza 220 kV, Montetorrero 220 kV, Praza II 220 kV, Villanueva del Gállego 220 kV en Aragón; El Serrallo 220 kV en Valencia), 1 (Franco 220 kV en Catalunya) non tiña posibilidade de conexión, e outro (Barcina 400 kV en Castela e León) é un nó de Transición Xusta, segundo a información de REE, aínda que non figura no Anexo do Real Decreto 23/2020. O resto dos nós tamén apareceron na MdI do MITECO.

Dada a importancia socioeconómica dos concursos de acceso á rede da demanda asociada aos grandes proxectos industriais, ademais de asignar de forma eficiente a limitada capacidade da rede e garantir a integración de novas demandas, xunto cos da capacidade de acceso de evacuación, especialmente a derivada dos peches de centrais térmicas de carbón, para o xa avanzado no tempo e aínda sen resultados concretos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de *transición xusta*, que inclúe, entre outras, as Comarcas de Cerceda e As Pontes en Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as medidas que a Xunta de Galiza desenvolve ou vai desenvolver a respecto do nó de transición xusta das Pontes, e que información dispón do mesmo?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 13:34:07

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 13:37:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 13:38:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á concesión de auga para a Transición Xusta nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da auga depende dos límites territoriais das bacías dos ríos, diferenciando entre as inter-comunitarias ou que afectan a varias Comunidades e/ou a outros Estados, xestionadas polas Confederacións Hidrolóxicas, e as intra-comunitarias ou situadas na súa totalidade dentro dunha Comunidade Autónoma e que, polo tanto, son competencia da mesma; no caso de Galiza, as bacías agrúpanse na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, xestionada por Augas de Galiza, que asume a administración hidráulica galega e desenvolve todas as súas competencias, reflectidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galiza, entre elas a xestión dos usos e aproveitamentos hidráulicos.

A Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa divídese en 19 zonas ou sistemas de explotación (SE), cada un deles cun río principal e o seu conxunto de afluentes; o SE 13 é o denominado como “Río Eume e Ría de Ares”.

Doutra banda, o Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación dos parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e que responde ao proceso de cesamento da actividade das centrais de xeración térmica, modificou o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, ao introducir a disposición adicional décimo sexta (Concesións de Auga para Transición Xusta), que establece que *“Cando se extinga unha concesión ... por peche de instalacións de carbón ou de enerxía térmica termonuclear, poderá acordarse o outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga a novas iniciativas e proxectos no ámbito xeográfico onde se atopaba a instalación ... para a que ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais ... Para estes efectos, os usos das augas previstos en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, no seu defecto, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, con excepción do aproveitamento para abastecer á poboación, que sempre será unha prioridade”*. O texto está en vigor dende o 24 de novembro de 2019, e o *“mantemento do acceso ao recurso hídrico”* en virtude da citada modificación reflíctese como unha *“Oportunidade”* no documento de *“Caracterización e Diagnóstico”* do Convenio de Transición Xusta das Pontes elaborado polo Instituto de Transición Xusta en novembro de 2021.

O 19 de agosto de 2023 publicouse no BOE a Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxía e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que autoriza a Endesa Generación S.A., ao peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes.

O informe de Augas de Galiza no procedemento ambiental da DIA do proxecto para o desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes, afirma que *“Consultado o Libro de Rexistro, e salvo erro ou omisión, figura na zona de actuación unha inscrición do código E-1262A-C, a nome do titular da instalación, resultante de cambio de titularidade da matrícula E-1262-C, a nome de EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO S.A., a favor de EMPRESA NACIONAL DE ELECTRICIDAD S.A., referíndose a un QMI de 2.560 l/s para refrixeración, alimentación de caldeiras e usos complementarios da planta térmica”*. Tamén lembra o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meritado informe que “O artigo 161.1 do RDPH establece que as concesións poderán ser declaradas caducadas polo incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos previstos nel. Ademais, segundo o artigo 162.1, as concesións extinguíranse por vencemento do prazo, por caducidade, expropiación forzosa ou renuncia do concesionario. O proxecto de desmantelamento da UPT das Pontes supón unha modificación da condicións esenciais das citadas concesións outorgadas ao promotor, polo tanto, de acordo cos citados preceptos, poderán ser iniciados, de oficio ou por instancia de parte, os correspondentes expedientes de extinción das citadas concesións que se tramitarán de conformidade cos artigos 163 e seguintes do RDPH”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que medidas desenvolveu a Xunta a respecto da concesión de auga á antiga central térmica de Endesa e cando vai desenvolver o mecanismo nomeado “Auga para Transición Xusta”?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 16:39:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 16:39:29

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 16:39:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2024 16:39:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a responsabilidade que ten a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP na decisión de peche dos centros educativos en caso de predicións meteorolóxicas adversas de previsible gravidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de outubro, as axencias meteorolóxicas alertaban do paso dos restos dun furacán, chamado Kirk, polo noso País procedente do Atlántico, que deixaría ao seu paso intensas choivas, fortes rachas de vento así como grandes temporais nas zonas costeiras.

Dicía tamén o comunicado das axencias, que malia que Kirk non ía impactar directamente como tormenta tropical, si o faría nunha profunda borrasca que provocaría fortes choivas en Galiza, con previsión de acumulación de ata 200 l/m2 nalgúns áreas xeográficas. Estas chuvias intensificaríanse o martes e mércores con fortes rachas de vento, que poderían ser furacanadas na zona norte.

Ante esta situación, a [Xunta de Galiza](https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/) emitiu un comunicado a primeira hora da mañá do martes, anunciando a **suspensión de todas as actividades ao aire libre nos centros educativos galegos**. As medidas respondían á alerta laranxa decretada pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e Meteogalicia, pero despois de 48 horas das primeiras predicións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anuncio era o seguinte:

Aviso importante!

Este mércores suspéndense as actividades no exterior dos centros escolares debido aos fenómenos meteorolóxicos que comezarán desde primeiras horas Seguidе as recomendacións de [@112Galicia](#) e os pronósticos de [@Meteogalicia](#)

Respecto ás actividades escolares, a Comisión Escolar de Alertas subliñou que a suspensión das actividades ao aire libre **manteríase durante toda a xornada do mércores**, malia que cada centro podería adoptar medidas adicionais se as condicións meteorolóxicas o requirisen. Os transportes escolares tamén estaban baixo vixilancia para asegurar que se adaptaban ás circunstancias do temporal.

Polo tanto, recaía nas direccións a potestade de pechar os centros educativos se o miraban necesario.

Isto pon de manifesto a falta de responsabilidade da Consellaría de Educación sobre a seguridade do alumnado, que cunha predición tan concreta na que se facilitaban os horarios de maior incidencia do importante temporal, que afectaban directamente ao horario escolar e de transporte do alumnado, así como ademais os datos sobre a acumulación de auga (ata 200 l/m²) e as rachas de vento (ata máis de 200 km/h en algunhas zonas), a gran oleaxe ou o perigo de inundacións, facían desta unha ocasión clara para que dende o domingo ou como moito a mañá do luns en que esta posibilidade era cada vez máis concreta e real, se fixera o anuncio da suspensión das clases lectivas.

Un perigo que se mirou referendado coas distintas incidencias que o temporal ocasionou en distintos centros educativos da Galiza e que fixeron que nestes casos foran pechados, por inundacións das súas instalacións, desprendementos de parte das cubertas, caídas de árbores no acceso ás escolas, ou mesmo o derrube de parte das edificacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra incidencia moi común para o alumnado foron os retrasos no transporte escolar debido a todas as árbores caídas durante a noite do martes, que puido transformarse nalgunha desgraza se iso chega a acontecer no momento do paso dos autobuses escolares polas estradas e pistas do rural, sobre todo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación responsabilizarse do peche dos centros educativos en caso de predicións por inclemencias meteorolóxicas importantes, non deixando esta tarefa en mans das direccións dos centros?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 17:01:28

Daniel Castro García na data 14/10/2024 17:01:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Goberno galego leva unha década desatendendo a situación das diferentes rías que bañan o territorio, motivo polo cal foron numerosos os expedientes sancionadores iniciados pola UE.

Este desleixo faise patente na necesidade de construír infraestruturas de depuración como son as estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), que transformen as augas residuais provenientes dos núcleos urbanos nunha auga de boa calidade para devolver ás rías.

En resposta a esta inactividade algúns concellos asumiron ese custo como no caso de Vigo, a través de financiamento externo (estatal e europeo), ou solicitaron ao Estado a declaración de zona de interese xeral para que así se puiden financiar. Este é o caso de Santiago de Compostela, Ribeira mediante a asignación dun convenio con ACUAES que asumiu a maior parte do custo.

O Concello da Illa de Arousa tras anos de peticións ao Goberno galego do PP de colaboración para adaptar a súa depuradora do ano 2003 á normativa europea sen atopar resposta, viu como no ano 2018 o Estado declaraba de interese xeral a construción dunha nova depuradora no lugar de Niño do Corvo, concello da Illa de Arousa.

En consecuencia, aprobouse un proxecto de EDAR cuxo custo é de 8 millóns de €, a financiar o 80 % polo Estado e o 20 % polo Concello sen que o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 13338
Data envío: 14/10/2024 18:52:28.130

Goberno galego contribúa en nada a esta obra a pesares do compromiso que adquiriu de participar no financiamento de grandes estruturas hidráulicas executadas polo Goberno central.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que para o concello de Arousa este investimento supón un gran esforzo e dado o interese xeral desta obra o Goberno galego ten que colaborar na súa execución mediante a sinatura dun convenio co concello e con ACUAES, que inclúa non só a depuradora senón tamén un proxecto de mellora e ampliación do saneamento.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego colaborar economicamente coa execución da nova depuradora de Niño de Corvo, así como a mellora e ampliación do saneamento deste concello?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/10/2024 18:49:36

Carlos López Font na data 14/10/2024 18:49:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45905

@PSdeG



CSV: B6P1S1B1D1S1H1A101M19-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións a levar a cabo polo Goberno galego para evitar que siga medrando o número de vertidos ás rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación produtiva das rías galegas vén sendo preocupante dende hai anos, mais nos últimos o empeoramento de todos os datos referidos á escaseza de moitos dos recursos pesqueiros e marisqueiros, á diminución alarmante de capturas e á perda importante de empregos no sector deberan ser motivo prioritario da acción política do Goberno galego, dada a magnitude económica e social que representa a actividade do mar no conxunto do país e, nomeadamente, en comarcas enteiras onde, directa e indirectamente, é a súa principal fonte de ingresos e de postos de traballo.

No entanto, a Xunta de Galiza responsabiliza habitualmente a todo tipo de factores externos desa situación, sen chegar a recoñecer que cómpren actuacións decididas que están na súa man e, o que é peor, sen levalas a cabo.

É o caso de todo o que ten a ver coa incidencia de todo tipo de vertidos na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira que se desenvolve nelas, sendo os propios datos oficiais os que certifican que apenas hai avances a este respecto e indicando que os vertidos ás rías galegas no 2023 sumaron un total de 1.915 e medraron en 194 respecto do 2022, é decir, un 11%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deses case 2.000 vertidos, 214 eran contaminantes e outros 28 estaban en investigación e, tanto nos vertidos en xeral como nos contaminantes, a ría de Arousa encabeza a clasificación.

En definitiva, despois de que distintos responsábeis do Goberno galego leven anos facendo anuncios sobre múltiples actuacións en infraestruturas de saneamento que nunca chegan ou sobre a intensificación da vixilancia e dos controis dos vertidos ás rías vemos como os vertidos non son quen de reducilos e de protexer rigorosamente a un medio especialmente sensíbel e ás persoas que viven del..

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a levar a cabo o Goberno galego para evitar que siga medrando cada ano o número de vertidos ás rías galegas?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

Asdo **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:38:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 15/10/2024 09:39:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para axilizar e mellorar a execución dos fondos europeos da pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Consello de Contas de finais de setembro pasado, que analiza a execución dos distintos fondos europeos no ano 2022 por parte da Xunta de Galiza vén de reiterar os nefastos datos que xa se foran facendo públicos nos últimos anos a respecto, nomeadamente do que atinxe á execución dos fondos FEMP e FEMPA.

Así, o informe anual de indicadores de 2022 de hai xa case un ano, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), reflexa que o grao de execución do FEMP no caso de Galiza foi do 46,12%, a última de todas as Comunidades na execución deses fondos para o período 2014-20, moi por detrás do resto e incluso da media do Estado (57,08%).

Agora, o Consello de Contas incrementa levemente esa porcentaxe para o mesmo ano 2022 ata o 47,73%, tamén por detrás do grao de execución doutras consellarías mais na tónica xeral do conxunto que é do 47,3%, e indica que isto provoca que as axudas non cheguen “de maneira efectiva á economía real”, que é precisamente do que se trata.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un baixo nivel de execución que non se pode considerar aceptábel e que xa dera lugar no ano 2021 á creación por parte da Consellaría de Mar dunha nova Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do FEMP, de dependencia directa do conselleiro (Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellaría de Mar, publicado no DOG do 26 de marzo do conselleiro). Ademais disto, tamén co obxecto de contribuír a aproveitar os fondos, neste mes de setembro véñse de adxudicar o contrato para a creación dunha rede de 7 oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA, que xa levan sendo anunciadas dende o ano 2022.

Tendo en conta que:

. O Programa Operativo do novo FEMPA para o período 2021-27 recolle un ‘mecanismo de flexibilidade’ que contempla que os fondos que as Comunidades Autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras.

. As inmensas necesidades que existen a día de hoxe no sector do mar no noso país, onde se está a vivir unha crise sen precedentes.

. Dentro dos fondos FEMP 2014-20 aínda se puideron continuar executando investimentos ata 2023.

. O informe do Consello de Contas encádrase no novo marco financeiro europeo 2021-27, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento.

Cómpre tomar todas as medidas necesarias para evitar que se perdan fondos europeos e non acaben chegando ao seu destinatario final, o sector, que é a quen van destinados e quen máis os necesita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, a Xunta de Galiza debe impulsar decididamente as recomendacións do Consello, sen prexuízo doutras que considere, para garantir o aproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento do sector do mar galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas puxo, ou vai poñer en marcha o Goberno galego para axilizar e incrementar o grao de execución dos fondos europeos da pesca?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:56:15

Carmela González Iglesias na data 15/10/2024 09:56:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 15/10/2024 09:56:38

Daniel Pérez López na data 15/10/2024 09:56:53

Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2024 09:57:03





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

CRUE deu a coñecer o 1 de outubro a proposta do seu grupo de traballo sobre Acceso e Admisión á universidade que senta as bases para a harmonización das PAU na próxima convocatoria de xuño, de acceso ao curso 2025-2026. O documento suxire celebrar a PAU deste curso ao longo da primeira semana de xuño, preferentemente os días 3, 4 e 5 en todas as comunidades autónomas.

Esta proposta abre a senda de homoxeneización na que se poderá profundar en sucesivas convocatorias e dá prioridade ao criterio das comisións das probas en cada comunidade autónoma, ás que corresponde adaptar os exames aos contidos cursados polo estudante e prescritos no Real decreto 243/2022 polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos do Bacharelato.

Ademais, expón unha transición progresiva cara ao novo sistema que permita ao estudantado a súa adaptación gradual ao mesmo, modulando a posibilidade de preguntas opcionais, establecendo a porcentaxe mínima de preguntas competencias, só o 30 % poderán ser de tipo test, e fixando de maneira xeral a forma de avaliar as faltas de ortografía e redacción.

Pero CRUE sinalou que este acordo básico formúlase coa suficiente flexibilidade como para que cada comunidade autónoma poida determinar cantos días durará a proba e como se distribuirán dentro dela os distintos exames, así como establecer un calendario diferente nalgúns comunidades que teñen distintas datas de finalización do Bacharelato, como poden ser as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:23:00
Nº Rexistro: 13372
Data envío: 15/10/2024 11:23:00,455

probas de recuperación en setembro. O grupo de traballo sobre Acceso e Admisión, que realizou o documento durante os últimos catro meses, chegou aos acordos tendentes á homoxeneización da proba de acceso á Universidade en todo o territorio nacional, e realizouse nun estrito marco universitario e desde a máis absoluta independencia.

Este acordo CRUE universidades españolas é o camiño a seguir, en contraposición co acordo asinado polas comunidades gobernadas polo PP de celebrar a PAU nunha mesma data e proba única, que só afectaba a algúns territorios do estado e que a xuízo dos técnicos, e mesmo dos propios asinantes, resultaba pouco viable, difícil de aplicar e pouco conveniente para o estudantado. O mesmo Partido Popular constata que non pode facer a mesma selectividade nas comunidades onde goberna xa que para unificar a proba tería que simplificar os temarios, o que choca co seu discurso de que hai que aumentar a esixencia do exame

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Ciencias, Universidades e FP do documento do grupo de traballo sobre acceso e admisión á universidade como directrices para as PAU 2025?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:13:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45914

@PSdeG



CSV: BGR1STRD3G-6G9AQU7M-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:23:00
Nº Rexistro: 13372
Data envío: 15/10/2024 11:23:00,455

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:13:22

CSV: B6P5TRB9G6Gj9AQU7M-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45915

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No centro IES Agra de Leborís da Laracha, que dispón de tres liñas en ESO, estanse a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso, nos cursos de 1º se alcanza, en algún grupo, o numero de 33 alumnos por aula, que non se cumpre as ratios acordadas no acordo cos representantes dos traballadores.

Debería estar previsto a incorporación de novo profesorado para axustar estas ratios o curso comezou e non está previsto que se cumpra o acordo. Ademais, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con novo profesorado, afectando aos apoios educativos e as gardas, provocando a sobrecarga do profesorado.

Ante a falta de resposta da Consellería estanse a producir protestas dos pais e nais como consecuencia da masificación tanto na ESO coma de Bacharelato.

Denuncian ademais que o tamaño das clases non cumpre coa normativa, afectando á calidade da docencia. Este efecto é mais significativo no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, case cen, que este curso solo teñen un especialista en Pedagogía Terapéutica (PT), menos que o curso pasado, e ademais forma parte da Dirección.

Pero as reducións e a falta de profesorado son a causa de que materias troncais e optativas como Latín, Grego e Física son impartidas en modalidade on line dende a biblioteca, por falta de profesorado no centro. Esta situación ten





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:24:06
Nº Rexistro: 13379
Data envío: 15/10/2024 11:24:06.673

consecuencias directas na calidade da formación recibida polas alumnas e alumnos e no seu futuro académico.

Incúmprese o acordo sindical que, como manifestou o conselleiro na súa Comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e non se dota do profesorado necesario para impartir as materias das distintas opcións de ESO e Bacharelato

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no IES Agras de Leborís de Laracha do acordo sindical en todos os cursos e unidades do centro, dotar do profesorado necesario para que todas as materias sexan impartidas en formato presencial así como do profesorado PT necesario?

Santiago de Compostela, 14 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:16:04

Patricia Iglesias Rey na data 15/10/2024 11:16:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45917

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0D04S6Q4U4YEL3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:24:06
Nº Rexistro: 13379
Data envío: 15/10/2024 11:24:06.673

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:16:20

CSV: B6P5TRBQD6S6p4UXEL6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45918

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En este inicio do curso 2024-2025 nos centros de Cerceda atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa que están sendo denunciados polos representantes das ANPA, os equipos directivos e Concello e grupos municipais quen o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, se non tamén na carga do profesorado.

As deficiencias detectadas son:

No CPI O Cruce existen dúas prazas de profesorado, unha de orientador e outra de profesor de lingua española que non están cubertas por que o profesorado está neste momento en comisión de servizo noutros centros pero non enviaron outro persoal a cubrilas, a pesar de que a Consellería indicou que se cubrirían de oficio. Este curso reducíronse as dotacións de profesorado especialista AL, en concreto un a media xornada menos, mentres o número de alumnos con NEAE aumentaron respecto ao curso pasado. Tamén teñen o profesorado de Lingua Española a media xornada, o que é insuficiente.





Ademais seguen solicitando un coidador máis xa que o único que teñen é insuficiente.

O CEIP Celso Emilio Ferreiro comparten orientadora co colexio de Tordoia, no cal ten xornada completa e comparten medio AL co CPI O Cruce, sendo insuficiente nos dous colexios.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso dos centros do concello de Cerceda, unha dotación insuficiente de profesorado, e sobre todo de especialistas AL, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións. Isto é inadmisíbel xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como estima a Xunta de Galicia que pode afectar a calidade de un centro como o CIP O Cruce que non se cubran as pazas valeiras por comisións de servizos?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:25:11
Nº Rexistro: 13384
Data envío: 15/10/2024 11:25:11.547

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:18:36

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:18:45

CSV: B6PIS7B9G4WUX6&MKwz7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45921

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega, afectando na maioría dos casos a redución de efectivos de profesorado especialista en PT e AL e de coidadores para os alumnos con NEAE, ademais da non realización dos desdobres necesarios outro non dotación de profesorado. Esta incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da Consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Este é o caso do IES Agra do Orzan de A Coruña que está reclamando insistentemente a dotación de dúas prazas de especialista en Pedagogía Terapéutica, imprescindible para a tendes ao alumnado con NEAE escolarizado no centro. A negativa da Consellería a dotar a este profesorado está a causar malestar na comunidade educativa que iniciou un calendario de mobilizacións e protestas públicas denunciando a situación do centro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:26:16
Nº Rexistro: 13389
Data envío: 15/10/2024 11:26:16.296

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo casos como IES Agra do Orzan da Coruña onde existe unha dotación insuficiente de profesorado especialista PT, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar e asinar os recursos en función das matrículas dos centros. Isto é inadmisíble xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia que mentres aumenta o número de alumnos con NEAE non se doten suficientemente os especialistas PT e AL nos centros, como sucede no CPI Agra do Orzan da Coruña?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:21:05

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:21:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45923

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQ&Huzo@pvc-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso á construción dun instituto de educación secundaria en Barbadás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Barbadás é un dos concellos de Galiza que máis incremento a súa poboación nos últimos anos, sendo dos poucos da provincia de Ourense nos que a poboación lonxe de diminuír aumentou notablemente. Así, afastándose da tendencia da meirande parte dos concellos ourensáns, Barbadás pasou dos 6.862 habitantes do ano 2000 aos máis de 11.140 do 2023, atopándose boa parte deles en idade de cursas estudos e educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Máis de 1.000 persoas empadroadas no concello de Barbadás están na franxa de idade correspondente aos estudos de ESO e bacharelato.

O certo é que a día de hoxe o concello de Barbadás non conta con instituto, nin tampouco existe proxecto que permita intuír a súa próxima construción. Isto malia as numerosas promesas que comprometían a construción, nalgúns casos de xeito inminente, de tan demandada infraestrutura educativa.

No ano 2009 o daquela Conselleiro de Educación do Partido Popular, D. Jesús Vázquez, co alcalde, tamén do PP, Sr. Freire Couto, e visita realizada ao concello de Barbadás, manifestou que as obras de construción do IES de Barbadás comezarían ese mesmo ano e que no primeiro semestre tería lugar o acto de colación da primeira pedra. Malia o tempo transcorrido non se produciu a construción do instituto, nin sequera a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colocación primeira pedra ou a manifestación de intencións que sería a inclusión do proxecto nos orzamentos da Xunta. Unicamente en exercicios da VII lexislatura a Xunta de Galiza incluíu nos seus orzamentos partidas destinadas á creación do IES de Barbadás, ficando nunha mera previsión por mor do cambio de goberno e malia as promesas e anuncios antes referidos realizados polo responsable do goberno entrante.

En sentido contrario ao seguido pola Xunta de Galiza, tanto os Plenos da Deputación como o do Concello de Barbadás aprobaron por unanimidade sendas iniciativas do BNG en demanda da construción do referido centro educativo.

A carencia de tan necesaria, demandada e comprometida infraestrutura educativa limita as posibilidades formativas da mocidade de Barbadás obrigando a moitas familias a trasladar ao seus fillos ao concello de Ourense para poder continuar cos seus estudos obrigatorios ou de bacharelato.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestión realizou ou ten previsto realizar o goberno galego para dotar o concello de Barbadás dun instituto de educación secundaria?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2024 12:19:10

Cristina Fernández Davila na data 15/10/2024 12:20:36

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2024 12:20:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de reforzar a plantilla de especialistas nos Equipos de Orientación para cubrir as necesidades do alumnado NEAE que precisan os centros galegos que o están a demandar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación está a provocar que este inicio de curso sexa aínda máis duro que calquera dos últimos quince. A precarización laboral e os recortes no ensino volven caír como unha maza no alumnado, pero sobre todo naquel máis vulnerable e necesitado de apoios e reforzos, o alumnado NEAE.

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Polo tanto é un dereito que ten o alumnado NEAE que a administración educativa garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de profesorado de reforzo e especialistas concretos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiras/os da súa clase.

Son alumnas e alumnos matriculados en distintos centros, etapas e niveis que teñen un denominador común: todas elas e eles están diagnosticados, con informes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

médicos e tamén con informes do Orientador/a do propio Centro escolar que permiten deducir que este alumnado, máis vulnerable, precisa duns apoios concretos e cuantificados de especialistas en Pedagogía Terapéutica (algúns deles/as de xeito preferente), Audición e Linguaxe, ou inclusive necesidade de apoios por parte de Auxiliares Coidadoras/es, para poder avanzar tanto a nivel persoal como educativo.

Hai alumnado cunha gran discapacidade (superior a un 65%), ou que por sí mesmos non son quen de comunicarse e precisan axuda a través de dispositivos electrónicos comunicadores, e as direccións dos centros están a solicitar un PT preferente para cada un deles, pero estes recursos imprescindibles para eles/as son denegados.

Este alumnado, segundo o acordo de hai un ano asinado pola Consellería, debera estar computando por dúas ou tres prazas na súa aula, para controlar así a ratio e dar a posibilidade de que o titor/a poida manexar o grupo e teña tempo para todas e todos. Pero a realidade é que coa súa implantación “progresiva” só se tivo en conta nas aulas de 4º Infantil. O resto de alumnos/as noutros cursos e etapas están sendo discriminados por cuestión de idade a non ter esa mínima ventaxe que foi mal negociada por parte dos asinantes dese vergoñento acordo.

As familias están preocupadas e desesperanzadas xa que miran como as súas fillas e fillos van estar “aparcados” nun centro educativo que non pon os medios materiais nin os recursos de persoal especialista preciso para procurar que avancen este curso escolar.

O BNG xa viña denunciando nos últimos anos a provisionalidade destes postos nos equipos de orientación con contratos interinos, que producían o cambio da persoa de referencia para este alumnado de ano a ano, cos problemas de inseguridade, adaptación, confianza... que tiñan que voltar a xestionar con cada novo curso. Na actualidade aínda é peor esta situación, xa que o alumnado regresa ás súas casas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

frustrados, enfadados e xestionando moi mal estas emocións por non estar ao nivel dos seus compañeiros/as.

Toda a comunidade educativa, que está a manifestarse solidariamente contra esta sabotaxe en todas as comarcas galegas, entende perfectamente que será un ano perdido que, nestas primeiras etapas do ensino, non se volve a recuperar.

Neste contexto, o goberno da Xunta de Galiza, e máis en concreto o Conselleiro de Educación, leva todo o verán neste comezo de curso, como fixo na súa comparecencia no Pleno do Parlamento galego, alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos e máis datos que segundo el, respalda a mellor situación do ensino público nas últimas décadas.

Pero a realidade, segundo demostran todos os casos que levamos defendendo neste Parlamento nos últimos meses, é outra ben diferente. Aulas con ratios máximas e alumnado NEAE entre eles, sen reforzos nas mesmas e sabendo as directivas que o persoal especialista que perden nas súas plantillas merma a calidade educativa do seu centro.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión, se ésta non é efectiva, se non se teñen os recursos precisos para que a atención ao alumnado NEAE non sexa a que cada un e cada unha delas precisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos da comunidade educativa galega completando o cadro de persoal docente e especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe ou Auxiliar Coidador/a para así poder garantir un curso que sexa produtivo para todo o alumnado e sobre todo aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/10/2024 16:40:52

Ariadna Fernández González na data 15/10/2024 16:42:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas.”.

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto),





cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (art. 1) ou da valenciana de fins de 2022 (art. 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e redución do uso de combustibles fósiles?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 16:57:38
Nº Rexistro: 13449
Data envío: 15/10/2024 16:57:38,291

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/10/2024 16:48:56

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2024 16:49:07

Paloma Castro Rey na data 15/10/2024 16:49:14

CSV: BGPSIBR9GCHB0005J-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45933

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Sergas está a derivar pacientes psiquiátricos menores de 65 anos ás residencias de maiores da Xunta de Galicia, a pesar de que estes centros carecen de persoal especializado, nin médicos nin enfermaría, en enfermidades mentais. Tampouco existen protocolos específicos. A situación é, segundo alertan traballadoras do sector, explosiva.

A convivencia resulta difícil, as instalacións non están adaptadas e carecen de profesionais adecuados para o labor xa que unha residencia de maiores non pode ser alternativa a un hospital psiquiátrico.

Esta situación estalou finalmente na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, unha das maiores residencias de xestión pública da Xunta de Galicia con 284 prazas. O persoal denuncia a situación sustentable pola deterioración das instalacións e o ingreso sen protocolos claros de pacientes psiquiátricos en plantas con anciáns dependentes. A situación, segundo denuncian os traballadores e traballadoras, xa está a provocar conflitos entre residentes e traballadores.

De ningún modo estamos a estigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental, pero debe de ser compatible cos pacientes xeriátricos, que teñen tamén unhas características, necesidades e dependencias diferentes. A chegada de pacientes psiquiátricos ás mesmas plantas, corredores ou





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 18:26:28
Nº Rexistro: 13457
Data envío: 15/10/2024 18:26:28.754

habitacións que anciáns e anciás dependentes con patoloxías propias da idade complica o día a día do centro.

Por tanto, para que esa convivencia sexa posible é necesario que as instalacións sexan adecuadas, pero sobre todo hai que ter protocolos adecuados, débense de impartir aos persoal cursos de aprendizaxe para tratar cos pacientes psiquiátricos e dispor de persoal suficiente para facer fronte á carga de traballo resultante, que non é a mesma para todos os graos de dependencia e debería ser máis alta para os perfís psiquiátricos.

Por contra a Consellería de Política Social límtase a dicir que compaxina a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios remitíndose á creación de unidades psicoxeriátricas especializadas, pero que non existen en todas as residencias onde hai enfermos de saúde mental.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros con respecto aos residentes xeriátricos e psicoxeriátricos?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 18:24:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45935

@PSdeG



CSV: B6PIS7BDB3xHUVZnKw66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 18:26:28
Nº Rexistro: 13457
Data envío: 15/10/2024 18:26:28.754

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 18:24:59

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2024 18:25:08

CSV: B6PIS7B93xH7Uz7nKw66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

45936

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Monserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación de falla de profesionais sanitarios e non sanitarios nos centros de saúde de Ribeira e da parroquia de Aguiño, no mesmo concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 15 anos de Goberno, o Partido Popular na Xunta de Galiza dista moito de estar poñendo os medios necesarios para solucionar a situación da Atención Primaria en Galiza, nomeadamente en aspectos como a forte presión que viven os seus profesionais por mor da carga asistencial, a precariedade laboral ou a falla de medios, que continúan a ser impedimento para garantir unha boa atención aos usuarios e usuarias.

Nesta liña, a atención sanitaria que se presta nos centros de saúde do concello de Ribeira non é a acaída dende hai anos, precisamente pola falta de persoal, tanto sanitario como non sanitario.

As reiteradas iniciativas presentadas por este Grupo, tanto no Parlamento como no propio Concello, así como as moitas mobilizacións da cidadanía de Ribeira dan boa conta de anos de precariedade, de queixas e malestar das persoas usuarias pola falta de persoal e, como consecuencia, de agardas inxustificábeis e, en definitiva, dun empeoramento continuado da calidade da atención que xa se ten convertido en crónico.

O centro de saúde de Ribeira atende a unha poboación superior ás 20.000 persoas e debería contar cun total de 14 facultativos, pero na actualidade tan só traballan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10, quedando 4 prazas sen cubrir. Destas catro, dúas non teñen médico/a asignado/a, o que significa que unha persoa cada vez que asiste ao centro de saúde pode ser atendida por un profesional distinto. As outras dúas prazas son vacantes de longa duración -unha delas xubilación- que levan anos sen cubrirse facendo que a atención sanitaria se demore e sobrecargando a outros profesionais.

Tamén existe no Punto de Atención Continuada a falta dun profesional sanitario. A todo isto tamén se lle suma a falta de persoal administrativo e é habitual ver ringleiras de persoas agardando a ser atendidas no posto de administración. Unha situación que non lle é descoñecida á Consellaría e da que o Grupo Parlamentario do BNG xa se fixo eco no Parlamento en diversas iniciativas presentadas dende o ano 2021.

Mais a situación de deterioro que vive a Atención Primaria por mor das políticas aplicadas polo Partido Popular non só afecta ao centro de saúde de Ribeira nese concello. Os recortes e o abandono que sofre a sanidade pública tamén se repiten no caso do centro médico da parroquia de Aguiño onde das dúas prazas de facultativo que existen unha está de baixa e a outra está a piques de se xubilar, sen que a día de hoxe se coñeza se a Consellaría de Sanidade vai cubrir esa praza.

As consecuencias de non cubrir o persoal médico nos centros de saúde provoca demoras na atención de días e mesmo semanas, facendo que as patoloxías dos doentes poidan verse agravadas. E todos estes despropósitos só están a ser paliados pola extraordinaria voluntariedade e dedicación do persoal, que trata de garantir unha atención sanitaria digna á poboación aínda sen o apoio nin a colaboración das autoridades sanitarias nas que recaen as competencias da sanidade pública galega.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai poñer fin de inmediato á falta de profesionais sanitarios e non sanitarios que padece o centro de saúde de Ribeira e o centro médico da parroquia de Aguiño, no mesmo concello?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Monserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/10/2024 09:30:22

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2024 09:30:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a asistencia sanitaria no consultorio de Doiras, no Concello de Cervantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2024 desde o Bloque Nacionalista Galego denunciámos o peche do consultorio de Doiras, no Concello de Cervantes. Este centro, que presta asistencia sanitaria a 240 persoas, ficou sen médico logo de que a persoa titular da praza asumise outras responsabilidades.

Ao longo do verán tanto a Xunta de Galiza como o Partido Popular en Cervantes aseguraron que atención médica volvería a Doiras ao rematar o verán, porén, isto non aconteceu.

Ao rematar o mes de setembro o Partido Popular de Cervantes aseguraron que o consultorio reabriría desde o sete de outubro cunha médica ou médico e con servizo de enfermería. Sen embargo isto non aconteceu. Despois a Consellaría de Sanidade anunciou a apertura os martes e venres na segunda semana de outubro, mais o venres desa semana xa non houbo atención médica. A isto súmaselle que a atención dunha médica o martes foi en detrimento do centro de saúde de San Román que contou cunha facultativa menos. Unha situación que parece que a Xunta de Galiza ten intención de repetir. Desta forma non só non se cubre a vacante de Doiras, senón que se reduce a atención médica en San Román.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que a Xunta de Galiza e o PP incumpriron as promesas feitas á veciñanza de Doiras e, en xeral, do Concello de Cervantes. Unha poboación tremendamente prexudicada pola falta de asistencia médica no seu centro de referencia ao verse na obriga de percorrer máis de 20 quilómetros até o lugar de San Román para poder ser atendida por unha persoa facultativa.

Desde o BNG insistimos no dereito da poboación de Doiras e do conxunto da montaña de Lugo a contar cunha asistencia sanitaria digna, próxima e da máxima calidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai cubrir a Xunta de Galiza a praza de médico no consultorio de Doiras?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 10:13:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 10:13:21

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2024 10:14:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de atender a demanda de profesorado que fai a comunidade educativa do IES Val Miñor en Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Val Miñor de Nigrán ven de mobilizarse para esixir á Consellería de Educación a cobertura dunha praza de un profesor de matemáticas.

A finais de xullo, a piques de rematar o prazo para cargar a petición de profesorado para o curso 2024/2025, a dirección do IES Val Miñor detecta na aplicación unha praza a máis das que figuraban na relación provisional. Ante a dúbida a dirección solicitou información sobre a mesma aos Servizos de Inspección Educativa de Pontevedra e de Vigo, unha solicitude que non foi respondida.

O último día do prazo, ante a dúbida, a dirección do centro carga todas as prazas outorgadas.

Os problemas xorden cando a mediados de agosto comunícase a xubilación dun profesor de inglés, da que non se tivera coñecemento no centro con anterioridade e que como consecuencia non fora solicitada no prazo establecido, e cando non se cubre a praza dun profesor que na actualidade está nunha praza de asesor da consellería e que en anos anteriores fora substituído de oficio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de ter comezado o curso, nun primeiro momento Inspección Educativa comunica que non se van cubrir estas prazas e, logo da oportuna xustificación por parte da dirección do centro, a praza de inglés é cuberta cando o alumnado xa leva perdida máis de unha semana de clases.

Non ocorre o mesmo coa praza do profesor que está desempeñando funcións de asesor na consellería que a día de hoxe segue sen ser cuberta, cando en anos anteriores este profesor fora sempre substituído de oficio.

Indicar que no inicio do curso a Inspectora do centro non mostra ningunha dúbida e tranquiliza á dirección do centro ante o argumento do equipo directivo respecto da adxudicación das prazas. Despois desta conversación o centro confeccionou os horarios e organizou o inicio do curso contando coas dúas prazas que faltaban o que supuxo unha perda de tempo e un grave trastorno ao equipo directivo que ante a resposta de Inspección de que non se ía cubrir as prazas presentou a súa dimisión.

A Xefatura Territorial non aceptou a dimisión do equipo directivo e instouno a que procedera a elaborar novos horarios pois non se ía enviar máis persoal.

A falta do profesor de matemáticas que debería substituír á persoas que está nunha praza de asesor na consellería supón un mingua na calidade do ensino, e iso prexudica ao alumnado e ao profesorado que ve como ten un sobrecarga de traballo que non lle corresponde.

Na actualidade hai profesorado que está dando máis horas de docencia das que lle corresponden, o centro tivo que prescindir de medidas de apoio ao alumnado con necesidades educativas que estaban implantadas en anteriores cursos (agrupamentos de matemáticas en 1º de ESO ou desdobres nalgunha materia), reducíronse as horas de atención á biblioteca e está en risco de desaparecer o Club de lectura que funcionaba moi ben.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta evidente a necesidade de dotar ao IES Val Miñor do profesor de matemáticas que precisan para garantir un ensino de calidade. O alumnado de Nigrán debe recibir a docencia a que ten dereito e o profesorado non pode seguir sufrindo as consecuencias dos recortes no ensino público do Goberno do PP.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno Galego cubrir a praza de matemáticas no IES Val Miñor de Nigrán, en substitución do profesor que presta servizos como asesor na Consellería de Educación?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 10:21:03

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 10:21:21





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga), o cerco é, ademais, a arte de pesca máis sostible medioambientalmente e que redunda directamente na economía do país.

A Organización Mundial da Saúde, que vai no mesmo sentido que os informes emitidos pola propia Axencia Española de Seguridade e Nutrición, recomenda tres ou máis racións semanais de peixe.

O Goberno galego non parece ter interese por buscar solucións de calado para promocionar o consumo do peixe nin para atallar a alarmante situación da caída de produción marisqueira das nosas rías.

O pulo do Goberno galego polo consumo de peixe galego, podería ser moito maior, fomentando o consumo de peixe do cerco ou de proximidade nas contratacións públicas das distintas entidades do sector público autonómico: comedores dos hospitais públicos, comedores escolares ou de residencias de maiores.

Asemade, no marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias





(páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas” .

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (artigo 1) ou da valenciana de fins de 2022 (artigo 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o Dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 11:24:58
Nº Rexistro: 13492
Data envío: 16/10/2024 11:24:58,132

resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha Estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego, nomeadamente o consumo de peixe galego do cerco, nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico, para así contribuír a aumentar o consumo de peixe fresco e favorecer a transición enerxética, así como a redución do uso de combustibles fósiles?

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 16/10/2024 11:21:43

Paloma Castro Rey na data 16/10/2024 11:21:51

Julio Abalde Alonso na data 16/10/2024 11:22:14

Carlos López Font na data 16/10/2024 11:22:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45948

@PSdeG



CSV: B0PIS7B0GKXU7R6JYD-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da vivenda no concello de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unha década que se entregaron as últimas vivendas públicas construídas pola Xunta de Galiza na cidade de Lugo. Desde entón, toda a política social de vivenda do Goberno galego ficou paralizada.

Nos últimos meses, o Partido Popular anunciou novas construcións que, en todo caso, son vellas promesas. Así, a Xunta de Galiza asegurou no mes de maio de 2024 que construírá máis de catrocentas vivendas no barrio de Garabolos, 146 que levan pendentes desde hai anos xunto cun novo proxecto de 302 pisos que se erguerán, dixeron, en solares que son propiedade da Xunta desde hai máis dunha década.

Pendientes fican tamén as 58 vivendas que inicialmente a Consellaría de Vivenda ía construír no barrio do Castiñeiro e cuxo proxecto se paralizou para procurar outra ubicación logo da oposición veciñal. Con todo, continúa sen elixir o novo emprazamento malia que o Goberno galego conta na actualidade con solares da súa propiedade noutros barrios de Lugo.

Ao longo destes máis de dez anos desde que o Partido Popular volveu gobernar a Xunta de Galiza a construción de vivenda pública paralizouse practicamente por completo. Así, malia os anuncios e promesas dos últimos meses, a Xunta ten pendente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda cumprir con Lugo e dotar a cidade da vivenda pública que merece e, sobre todo, que necesita tendo en conta que existen máis de 1.216 persoas rexistradas como demandantes de vivenda neste concello. En troca, a cidade de Lugo conta con máis de 10.000 vivendas baleiras, segundo os últimos datos, que deberían mobilizarse para alugueiro accesible.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Cando vai cumprir a Xunta coa cidade de Lugo en materia de vivenda?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 11:39:20

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 11:39:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 11:39:43





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Esclerose Lateral Amiotrófica é unha enfermidade neurodexenerativa e discapacitante que, salvando excepcións, ten unha esperanza de vida entre 2 e 5 anos. A medida que a enfermidade avanza, se paralizan todo tipo de movementos, excepto os oculares, así como a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas do doente.

A doenza supón unha gran dependencia e unha urxencia na toma de decisións do ámbito familiar que rodea aos afectados; xa que a velocidade do deterioro fai que a realidade presente do doente sexa cambiante e precise de coidados específicos e constantes que eviten o sufrimento e retrasen o máximo posible o falecemento. Na actualidade estímase en 4000 persoas que padecen ELA en España, e aproximadamente 350 en Galicia. Tódolos días falecen 4 persoas de ELA en España e detéctanse 4 novos casos.

O pasado 10 de outubro aprobábase por unanimidade no Congreso dos Deputados a Lei ELA, coa unanimidade de tódolos partidos políticos que apoiaron unha lei que vén a recoller non só a realidade desta enfermidade, senón tamén o traballo de investigación sobre esta doenza que se fai máis que necesario.

O texto da lei, elaborado en conxunto coas persoas afectadas de ELA, ten puntos novidosos como a ampliación de coberturas da propia norma que abarcará enfermidades doutras patoloxías que precisan de coidados sanitarios e sociais con certa complexidade.





Recóllese tamén o procedemento para recoñecer a discapacidade das e dos afectados con axilidade; establecendo un procedemento de urxencia máximo de tres meses para adxudicar ou revisar o grado de discapacidade e dependencia.

Contempla tamén a lei unha reivindicación das asociacións de afectados pola ELA na que fan fincapé na atención docimiliaria especializada. Isto implica que haberá que levar a cabo unha mellora no sistema de coidados, reforzando os servizos de asistencia persoal e axuda no fogar; asegurándose unha atención e supervisión das 24 horas para aqueles que estean xa nunha fase avanzada da enfermidade.

Por outra parte, as persoas afectadas considéranse como “consumidoras vulnerables” co que se lles fará bonificacións como o bono social eléctrico.

O feito de ter ido da man das e dos afectados na redacción da lei, propicia que o diálogo en col das súas necesidades sexa explícito e quede enunciado que o gasto medio por paciente teña que cubrir desde a propia asistencia socio sanitaria, até a adaptación do fogar, dispositivos electrónicos, cadeiras de rodas... sendo todo isto parte dunha realidade cambiante co avance da enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto a Consellería de Política Social e Igualdade atender á demanda de formar e estruturar a atención socio sanitaria especializada para persoas enfermas de ELA, toda vez que a casuística destes enfermos leva aparelhada o manexo de técnicas e tecnoloxía específica?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 13:32:10
Nº Rexistro: 13502
Data envío: 16/10/2024 13:32:10.269

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/10/2024 13:30:18

Elena Espinosa Mangana na data 16/10/2024 13:30:27

CSV: B6P1S1R8D3XHB9AQJ0H24
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45954

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o rescate das autovías autonómicas AG 55 (Coruña- Carballo) e AG 57 (Vigo-Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do luns 14 de outubro tivo coñecemento dun informe sobre o rescate de catro autoestradas en réxame de peaxe en sombra. Á espera de coñecer os detalles da iniciativa, esta decisión constitúe unha rectificación e unha emenda á decisión do goberno da Xunta do PP de promover a construción de infraestruturas e equipamentos polo sistema de “colaboración” público privada e peaxe na sombra, moito máis gravoso para as arcas públicas tal como puxo de manifesto o informe do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro (que cifrou o sobrecusto en 470 millóns) e o informe do Consello de Contas do 26 de outubro de 2023 sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas, relativo á aplicación deste sistema na AG 56 Santiago-Brión; AG 41 do Salnés; AG 11 do Barbanza, AG 31 de Celanova e AG 55 da Costa da Morte.

Estes custos aumentaron dado que no ano 2014 se renegociáronse (requilibráronse) tres das concesión (O Salnés, O Barbanza e Celanova), o que tivo como consecuencia un incremento de 205 millóns nos pagamentos da Xunta ás concesionarias. Froito daquela decisión, agora a Xunta terá que incrementar a contía da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnización polo rescate das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense Celanova e Santiago Brión:

-AG 56 Santiago Brión: pagamento de 95 millóns a Dragados, Extraco e Francisco Gómez e Cia.

-AG 31 Celanova: pagamento de 85 millóns a Copasa e Extraco.

-AG 11 O Barbanza: pagamento de 72 millóns a Itinere e Abanca

-AG 41 O Salnés: pagamento de 45 millóns a Copasa, Puentes e Abanca.

A conclusión de todo este proceso, cando remate, é que o sistema de construción por colaboración público privada foi ruinoso para as arcas públicas e un lastre para os orzamentos en materia de infraestruturas.

En todo caso, á espera de coñecer os informes e estudos relativos aos custos do rescate das catro autovías citadas, temos que lembrar o que dicía o informe do Consello de Contas de outubro de 2023:

*“Na situación actual, coas renegociacións xa feitas, a nosa recomendación é que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, **existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros. (...).***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega de Infraestruturas debe analizar a revisión dos incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. En todo caso, e como consecuencia da dita revisión, a partir do ano 2032 debería deixar completamente sen efecto nas autovías do Salnés e do Barbanza os incrementos de tarifa do 38% e 35,5%, respectivamente”.

Mais a decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha discriminación para as comarcas que sofren autovías de peaxe de titularidade da Xunta, a Coruña-Bergantiños (AG 55) e Vigo-Val Miñor (AG 57), unha situación que supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competitividade destas zonas, nas que as citadas autovías constitúen eixos vitais de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta iniciar os trámites para o rescate das autovías AG 55 A Coruña-Carballo e AG 57 Vigo Val Miñor, de maneira que se poida facer efectivo no ano 2025?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luís Bará Torres
Brais Ruanova Vilas-Boas
Daniel Pérez López
Alexandra Fernández Gómez
Carmela González Iglesias
Iria Taibo Corsanego
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/10/2024 13:26:50

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/10/2024 13:26:59

Daniel Pérez López na data 16/10/2024 13:27:08

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 13:27:21

Iria Taibo Corsanego na data 16/10/2024 13:27:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 13:27:48

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 13:28:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o rescate das autovías autonómicas AG 55 (Coruña- Carballo) e AG 57 (Vigo-Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do luns 14 de outubro tivo coñecemento dun informe sobre o rescate de catro autoestradas en réxame de peaxe en sombra. Á espera de coñecer os detalles da iniciativa, esta decisión constitúe unha rectificación e unha emenda á decisión do goberno da Xunta do PP de promover a construción de infraestruturas e equipamentos polo sistema de “colaboración” público privada e peaxe na sombra, moito máis gravoso para as arcas públicas tal como puxo de manifesto o informe do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro (que cifrou o sobrecusto en 470 millóns) e o informe do Consello de Contas do 26 de outubro de 2023 sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas, relativo á aplicación deste sistema na AG 56 Santiago-Brión; AG 41 do Salnés; AG 11 do Barbanza, AG 31 de Celanova e AG 55 da Costa da Morte.

Estes custos aumentaron dado que no ano 2014 se renegociáronse (requilibráronse) tres das concesión (O Salnés, O Barbanza e Celanova), o que tivo como consecuencia un incremento de 205 millóns nos pagamentos da Xunta ás concesionarias. Froito daquela decisión, agora a Xunta terá que incrementar a contía da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnización polo rescate das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense Celanova e Santiago Brión:

-AG 56 Santiago Brión: pagamento de 95 millóns a Dragados, Extraco e Francisco Gómez e Cia.

-AG 31 Celanova: pagamento de 85 millóns a Copasa e Extraco.

-AG 11 O Barbanza: pagamento de 72 millóns a Itinere e Abanca

-AG 41 O Salnés: pagamento de 45 millóns a Copasa, Puentes e Abanca.

A conclusión de todo este proceso, cando remate, é que o sistema de construción por colaboración público privada foi ruinoso para as arcas públicas e un lastre para os orzamentos en materia de infraestruturas.

En todo caso, á espera de coñecer os informes e estudos relativos aos custos do rescate das catro autovías citadas, temos que lembrar o que dicía o informe do Consello de Contas de outubro de 2023:

*“Na situación actual, coas renegociacións xa feitas, a nosa recomendación é que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, **existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros. (...).***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega de Infraestruturas debe analizar a revisión dos incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. En todo caso, e como consecuencia da dita revisión, a partir do ano 2032 debería deixar completamente sen efecto nas autovías do Salnés e do Barbanza os incrementos de tarifa do 38% e 35,5%, respectivamente”.

Mais a decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha discriminación para as comarcas que sofren autovías de peaxe de titularidade da Xunta, a Coruña-Bergantiños (AG 55) e Vigo-Val Miñor (AG 57), unha situación que supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competitividade destas zonas, nas que as citadas autovías constitúen eixos vitais de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego revisar os incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos, tal como recomendou o Consello de Contas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Daniel Pérez López
Alexandra Fernández Gómez
Carmela González Iglesias
Iria Taibo Corsanego
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/10/2024 13:29:20

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/10/2024 13:29:31

Daniel Pérez López na data 16/10/2024 13:29:51

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 13:30:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 13:30:16

Iria Taibo Corsanego na data 16/10/2024 13:30:28

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 13:30:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os contratos da Xunta de Galiza coa mercantil Gallaecia Patentes y Marcas S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes constituíuse a iniciativa do grupo parlamentar do BNG a comisión de investigación sobre a contratación do executivo galego nos últimos anos, e parte do obxecto da comisión que se vai a estudar refírese aos procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.

Este día pasado, a través dunha publicación xornalística saíu á palestra que a Xunta de Galiza repartiu, en tan só sete anos, a cantidade total de 782.666 euros a través de 272 contratos menores, coa sociedade Gallaecia Patentes e Marcas SL, cuxo administrador é Joaquín Cuíña Barja, o irmán da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, Beatriz Cuíña Barja, número dous do presidente Alfonso Rueda, e persoa que leva ocupando altos cargos na Administración galega desde o primeiro goberno de Alberto Núñez Feijóo. De feito, o seu irmán leva gañando contratos “a dedo” de até 24 organismos dependentes da Xunta desde 2017, cando Feijóo aínda era presidente.

A maioría dos obxectos destes contratos fan referencia a solicitudes e renovacións de marcas e a súa tramitación na oficina española de marcas e patentes. Entre outras e gran parte dos contratos foron encargados pola Axencia Turismo de Galicia, organismo adscrito funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galiza e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orgánicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que a súa Secretaria Xeral é Beatriz Cuiña, irmá do administrador da empresa agraciada.

O Partido Popular posúe un Código ético e de conducta, no que no capítulo 3.5, que regula as pautas específicas de conductas respecto da contratación con terceiros, establece que “O Partido Popular non contratará a provedores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que coñecidamente ostenten a condición de funcionario público ou que teñan algún vínculo persoal, familiar e/ou de relación comercial con algún integrante do Partido”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que existiu favoritismo na contratación fraudulenta da Xunta coa mercantil Gallaecia Patentes e Marcas SL?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/10/2024 13:39:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/10/2024 13:39:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as promesas incumpridas da Xunta de Galiza de impulsar Lugo como referente cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2019 o daquela conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciou a bombo e prato un plan da Xunta para impulsar Lugo como referente cultural. Entre as ideas do goberno galego para conseguir tal obxectivo aseguraron que:

1. A Xunta impulsaría a creación dun hotel-parador no Cuartel de San Fernando, botando por terra os compromisos históricos coa cidade e con ese edificio adquirido polo Concello de Lugo co obxectivo de crear nel un Museo Galaico-Romano ou da Romanización no que albergar parte fundamental dos restos arqueolóxicos atopados na cidade e que actualmente están gardados en distintas dependencias.
2. A creación no Pazo de Dona Urraca, no barrio da Tinería, dunha sede do CGAC, a primeira ubicada fóra de Compostela onde se atopa este centro museístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nada diso aconteceu. Máis ao contrario, lonxe de apostar por Lugo como referente cultural –en palabras do PP na Xunta-- o Goberno galego non cumpriu as súas promesas nin tampouco colabora co Concello en eventos culturais fundamentais para a cidade, a comezar pola Festas de San Froilán, ás que apenas achega 25.000 euros.

A Xunta leva anos incumprindo con Lugo, facendo anuncios que non chegan nunca a materializarse e mesmo cambiando de plans e proxectos dun ano a outro. A modo de exemplo, no mes de setembro de 2024 o mesmo goberno do PP na Xunta anunciou un concurso de ideas para ver que facer co Pazo de Dona Urraca. Non ía ser unha sede do CGAC?

A veciñanza de Lugo ten dereito a que o Goberno galego cumpra as súas promesas e sobre todo invista na cidade, tamén en políticas culturais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que non cumpriu a Xunta de Galiza ningunha das promesas feitas en 2019 cando anunciou un Plan de impulso de Lugo como referente cultural?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 16:36:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 16:36:47

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 16:36:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de reforzar o persoal especialista no Equipo de Orientación para cubrir as necesidades do alumnado NEAE do CEIP As Veigas de Ponteareas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a situación do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e a falta de recursos de especialistas no CEIP As Veigas do concello de Ponteareas, que garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de apoios e reforzos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiros/os da súa clase.

Son alumnas e alumnos matriculados en distintos cursos e niveis que teñen un denominador común: todas elas e eles están diagnosticados, con informes médicos e tamén con informes da Orientadora do propio Centro escolar que permiten deducir que este alumnado máis vulnerable precisa duns apoios concretos e cuantificados de especialistas en Pedagogía Terapéutica (varios deles de xeito preferente), Audición e Linguaxe, ou inclusive necesidade de apoios por parte de Auxiliares Coidadoras/es, para poder avanzar tanto a nivel persoal como educativo.

Hai cinco nenos e nenas que por si mesmos non son quen de comunicarse e precisan axuda a través de dispositivos electrónicos comunicadores, pero só unha delas dispón deste medio imprescindible para o seu desenvolvemento nas clases e no centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero en total serían 6 os casos de alumnado que precisarían un PT preferente para cada un deles, pero o centro tan só ten concedido 1 para todo o centro.

No curso 2023/24, o CEIP tiña autorizados o Plan Proa+ e tamén o Acompaña, polo tanto dispuña de 2 especialistas a maiores de apoio ao alumnado NEAE dentro das aulas. Este curso o programa Acompaña desaparece e ao centro non lle concederon o

PROA +, polo que conta con dúas mestras de PT menos que o curso pasado a pesar de que na convocatoria do PROA+ quedou acreditado que é un centro cunha porcentaxe de alumnado vulnerable superior ao 30%.

Este curso 24/25, cunha porcentaxe maior de alumnado con Necesidades Específicas, As Veigas dispón de menos efectivos: 1 PT, 1 PT preferente, 1 AL e 1 AL compartido co CEIP Fermín Bouza Brey. Totalmente insuficientes para todos os que precisan PT preferentes as 5 horas lectivas cada día, canto máis para o resto de alumnado NEAE que a duras penas vanlle dedicar unha hora á semana dun especialista (PT ou AL).

Dende a dirección do centro levan reclamado os efectivos necesarios dende o verán para atender debidamente a este alumnado NEAE, e vista a insensibilidade da Consellaría cara aos máis vulnerables, son agora as nais e pais das afectadas as que deciden facer a reclamación ante todas as instancias educativas posibles, e non descartan futuras mobilizacións de cara a conseguir garantir os dereitos constitucionais das súas fillas e fillos, aos que se lle está negando a posibilidade de avanzar neste curso escolar. Un ano perdido que, nestas primeiras etapas do ensino, non se volve a recuperar, pero sobre todo as familias cheas de desesperanza ven como estes pequenos e pequenas están frustradas e desmotivadas por non poder seguir as clases como as demais compañeiras/os.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, o goberno da Xunta de Galiza, e máis en concreto o Conselleiro de Educación, leva todo o verán neste comezo de curso, como fixo na súa comparecencia no Pleno do Parlamento galego, alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos e máis datos que, segundo el, amosan que o ensino público está na mellor situación das últimas décadas.

Pero a realidade, segundo demostra un caso máis, como é o CEIP As Veigas, e outros moitos en todo o País, é outra ben diferente. Aulas con ratios máximas e alumnado NEAE entre eles, sen reforzos nas mesmas e sabendo as directivas que o persoal especialista que perden no seu cadro de persoal mingua a calidade educativa do seu centro.

Como fan sempre, deixan de lado e sen recursos ao alumnado máis vulnerable e que máis o precisa.

A comunidade educativa está demandando que se solvente esta situación surrealista que afecta á atención e inclusión do alumnado no concello de Ponteareas. Non queren que a súa escola se vexa prexudicada coas medidas de recortes que aplica ano tras ano a Consellaría de Educación, en lugar de dotar de maiores e mellores recursos aos centros e ao alumnado.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión, se esta non é efectiva, se non se teñen os recursos precisos para que a atención ao alumnado NEAE non sexa a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que cada un e cada unha delas precisa. Ao final convertemos aos centros educativos en simples garderías de alumnado con NEAE.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos da comunidade educativa do CEIP As Veigas completando o cadro de persoal especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe ou Auxiliar Coidador/a e así poder garantir un curso que sexa produtivo para todo o alumnado e sobre todo aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 16:48:41

Ariadna Fernández González na data 16/10/2024 16:48:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do CEIP da Pobra do Brollón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria da Pobra do Brollón adoece dunha situación ben mellorable, tal e como este grupo parlamentar ten constatado após tratar o tema co Anpa. Na actualidade, segundo puidemos constatar, falta un mestre desde o inicio de curso para desdobrar dous ciclos: 3º con 4º e 5º con 6º de primaria. A día de hoxe, 1º e 2º de primaria están agrupados con 14 alumnas e alumnos, mentres que 3º e 4º teñen 8 alumnas, e 5º e 6º suman 7. En total, hai 16 alumnos entre 3º, 4º, 5º e 6º que comparten horas de galego, música, educación física e relixión.

Desde a Anpa, manteñan a esperanza de que se lles enviase o profesional que precisan, esperanza que, infelizmente, xa perderon dada a situación. A conxuntura actual ten provocado que haxa familias que decidan quitar as súas crianzas do colexio e hai outras tantas familias que están a ponderar se facer o propio.

O apoio ao rural galego e ás zonas máis castigadas demograficamente do país, tamén pasa por garantir unha calidade educativa suficiente en todos e cada un dos centros de ensino de Galiza; o CEIP da Pobra do Brollón non merece menos que calquera outro centro. É por iso que desde o BNG reclamamos que se garanta a dotación dun profesional máis para o CEIP da Pobra do Brollón.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que se nega a Xunta a enviar un novo profesional ao CEIP da Pobra do Brollón dadas as necesidades que o centro ten e as eivas das que adoece constatadas pola Anpa?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/10/2024 17:48:57

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 17:49:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do CEIP Xosé Luís Taboada, na Barrela (concello de Carballedo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil de Primaria Xosé Luís Taboada, localizado na capital do concello de Carballedo, na Barrela, vén sufrindo nos últimos anos unha redución no número de alumnado, coincidente coa perda de poboación do Concello e do rural galego en xeral. O feito de que haxa poucas rapazas e rapaces no centro non deber ser, porén, escusa para deixar de dotar de profesorado suficiente ao mesmo.

Nos últimos tempos, desde o BNG puidemos constatar que neste centro hai unha aula mixta que agrupa 4º, 5º e 6º de primaria, con 16 alumnos en total, incluíndo un alumno de incorporación tardía en 5º. En 4º curso hai tres alumnas diagnosticadas con TDAH, polo que sería imperiosamente necesario desdobrar esa aula para garantir unha mellor atención ás súas necesidades.

É urxente dotar do profesorado necesario este centro para garantir a calidade educativa e non deixar morrer un centro que leva dando servizo ao concello de Carballedo durante décadas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cre o Goberno galego que a calidade educativa está garantida a día de hoxe no CEIP Xosé Luís Taboada, da Barrela, en Carballedo, constatadas as necesidades educativas non resoltas até o de agora?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/10/2024 18:05:22

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 18:05:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o vertido do buque Toconao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro de 2023, o barco Toconao, de bandeira liberiana, perdeu seis contentores cargados con diversos materiais fronte ás costas portuguesas. Como consecuencia deste feito, as praias e as costas galegas víronse moi afectadas pola vertedura de pellets de plástico.

Logo dunha fase de inacción e de minimización do problema, con declaracións pouco acertadas e con derivación das responsabilidades cara os concellos e o goberno central, a Xunta mobilizou medios humanos e materiais para facerlle fronte á marea plástica.

A Consellaría de medio ambiente fixo avaliacións da cantidade de pellets recollidos e dos medios mobilizados pola Xunta.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal foi o importe total que supuxo para a Xunta de Galiza e os seus entes e organismos públicos a retirada e tratamento de pellets plásticos do vertido do buque Toconao?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 12:20:06

Rosana Pérez Fernández na data 17/10/2024 12:23:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o colapso do servizo de Urxencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis, o servizo de Urxencias do CHUS está a sufrir as consecuencias do deterioro da sanidade pública orquestado polo Partido Popular. Os colapsos neste servizo son frecuentes, con pacientes amoreadas nos corredores mentres outras agardan horas para poderen ter unha cama de hospitalización despois de que lles fose asignada.

A asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS denunciou que este luns 14 de outubro ás 19h eran 31 pacientes en padiolas e cadeiras de rodas as que estaba nos corredores de acceso e contiguos ao servizo; ao mesmo tempo 25 pacientes co ingreso asinado agardaban por unha cama en planta.

Mais durante este mesmo mes de outubro xa tiveron lugar máis colapsos. O 7 de outubro ás 18h, 11 pacientes graves en cadeiras de rodas e padiolas estaban colocadas nos corredores de acceso agardando a ser atendidas nas zonas de traballo. A esa mesma hora, 30 pacientes co ingreso asinado agardaban a ser hospitalizadas.

Esta situación, ademais da obvia vulneración de dereitos que supón para as pacientes que se atopan nesta situación, impacta sobre o persoal do servizo, traballando nunha situación de sobrecarga constante e sen poder realizar correctamente o seu traballo pola falta de medios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O colapso do servizo de Urxencias do CHUS non é un feito illado, senón que se produce de xeito sistemático e permite ver as costuras dun sistema sanitario posto contra as cordas. A mala xestión realizada coas camas hospitalarias, a inaccesibilidade da Atención Primaria ou as listas de espera dos servizos hospitalarios son algunhas das causas que explican esta situación. Ás portas dun previsible incremento das asistencias a urxencias e ingresos motivados por patoloxías respiratorias coma a gripe agudízanse as alertas acerca das consecuencias que se producirán.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as medidas previstas para evitar que se sigan producindo estes colapsos no servizo de Urxencias de xeito reiterado?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/10/2024 12:43:20

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 12:44:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as previsións de construción dun novo centro de saúde no concello de Poio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción dun novo centro de saúde que substitúa o anticuado e saturado de Anafáns é unha demanda histórica da corporación e da veciñanza de Poio. Para satisfacer esta vella aspiración, o concello de Poio mercou a comezos de 2023 uns terreos na antiga canteira da Graña, que permitirían non só construír o centro de saúde senón outros moitos equipamentos necesarios para a veciñanza.

Daquela o alcalde mantivo un encontro co conselleiro de sanidade e co xerente do SERGAS na que lles informou da dispoñibilidade da parcela para facer o centro de saúde, de acordo cos informes dos técnicos municipais.

No mes de maio de 2023 persoal técnico do SERGAS e do Concello visitaron os terreos, e os representantes da Xunta quedaron en definir cal ía ser a localización concreta do centro de saúde dentro do terreo para facer a segregación do predio, recibir o terreo e facer o concello a tramitación urbanística correspondente.

Logo do cambio de goberno no Concello en xuño de 2023, este proxecto quedou paralizado por razóns partidistas. Ningún dos compromisos asumidos polas partes en maio de 2023 tivo continuidade e máis de quince meses despois os terreos están convertidos nun vertedoiro e nun almacén de materiais de obras do concello.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta asinar un convenio co concello de Poio que inclúa a recepción dos terreos da canteira da Graña, a participación da Axencia Galega de Infraestruturas para mellorar os accesos e a dotación dos medios necesarios para a construción do novo centro de saúde no prazo máis breve posible?

Santiago de Compostela, 17 de outubro 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 12:47:40

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 12:47:49





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2024 12:59:37
Nº Rexistro: 13563
Data envío: 17/10/2024 12:59:37,730

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións chegou a un acordo en materia de pensións, xunto coas organizacións patronais CEOE, CEPYME, e as sindicais CCOO e UXT.

Entre outros aspectos, acordouse unha nova regulación da xubilación parcial e de xubilación activa para facela máis atractiva e mellorar a compatibilidade de emprego e pensión.

Neste ámbito mellórase a xubilación demorada coa posibilidade de recibir incentivo adicional por cada seis meses de demora a partir do segundo ano e coa súa compatibilidade coa xubilación activa.

Díxose que este acordo é de gran relevancia para os pensionistas de hoxe e do futuro e para os desafíos do noso mercado de traballo, xa que acaba coa dicotomía entre traballador e pensionista e adáptase ás necesidades de cada persoa.

Goberno de España e interlocutores sociais lograron un punto de entendemento nos avances para a regulación das modalidades de compatibilidade de traballo e pensión, en concreto, no que se refire á xubilación activa e a xubilación parcial.

En definitiva é unha mellora do tránsito do traballo á xubilación.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45985

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3-4U06M58Y143
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Con estas medidas, búscase que os traballadores poidan realizar unha saída do mercado de traballo máis progresiva e flexible, en liña cos países da nosa contorna, máis adaptada ás condicións e situacións de cada persoa traballadora.

E unha gran novidade é que a xubilación anticipada parcial se pode aplicar ao persoal estatutario.

A xubilación anticipada total ou parcial era unha posibilidade que ata a data non era concedida ao persoal estatutario. E por mor deste acordo é posible. E parece razoable que non existan discrepancias entre diferentes comunidades autónomas.

Ademais das vantaxes que poida ter para o traballador, consideramos que pode axudar tamén a resolver a situación de carencia de profesionais médicos. Os facultativos de Atención Primaria, médicos de Familia e pediatras, adscritos ao Sistema Nacional de Saúde con nomeamento estatutario ou funcionario poderán continuar desempeñando as súas funcións durante a prórroga no servizo activo e, simultaneamente acceder á xubilación percibindo o 75 % do importe da pensión de xubilación.

E xa non é que poidan ser diferentes os criterios entre comunidades autónomas, senón que todo parece indicar que a aplicación é desigual nas diferentes áreas sanitarias de Galicia.

Ademais das vantaxes que poida ter para o traballador, consideramos que pode axudar tamén a resolver a situación de carencia de profesionais médicos porque quizais máis profesionais se animasen a continuar un pouco máis nas condicións de xubilación mencionadas.

Por todo iso, as deputadas que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2024 12:59:37
Nº Rexistro: 13563
Data envío: 17/10/2024 12:59:37.730

Vai aplicar a Xunta de Galicia os acordos entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e organizacións patronais e sindicais de xubilación parcial e xubilación activa ao persoal estatutario médico?

Parlamento de Galicia, 16 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/10/2024 12:47:22

Silvia Longueira Castro na data 17/10/2024 12:47:33

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

45987

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3-4U06M58Y1q3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Cristina Fernández Davila, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os proxectos eólicos nos concellos da Lama, Fornelos, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A administración autonómica está a tramitar os proxectos eólicos

-Edreira 1, de 8,4MW e 2 aeroxeradores (no concello de A Lama)

-Ampliación de Edreira 1, de 16,8 MW e 4 aeroxeradores (no concello de A Lama).

-Coto de Eiras, de 48 MW e 10 aeroxeradores (nos concellos de Fornelos de Montes e Mondariz).

E as infraestruturas de transformación e evacuación destes parques eólicos até a SET Pazos de Borbén.

Na zona na que se pretenden instalar estes proxectos están en estudo diferentes espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e outros hábitats de interese prioritario. Dada a importancia ambiental, o goberno galego debería proceder á súa protección cautelar e preventiva, suspendendo todos os proxectos industriais que poderían dar lugar a unha perda irreparable para o patrimonio natural e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

biodiversidade. Ademais, neste ámbito existen diversas especies ameazadas e en perigo de extinción, que non están correctamente avaliadas no estudo de impacto ambiental.

Na zona na que se pretenden implantar os proxectos de referencia existen numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suido: chozos, sesteiros, foxos do lobo... Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, técnica de construción que figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial. Dado o carácter único deste conxunto etnográfico, debería ser obxecto dunha protección específica e diferenciada como Bens de Interese Cultural na modalidade de paisaxe cultural. Ademais, resulta necesario proceder a un estudo exhaustivo e a unha catalogación completa do patrimonio arqueolóxico (nomeadamente mámoas e petróglifos), para evitar a afección a estes bens.

Tamén é preciso levar a cabo estudo exhaustivo e protección dos camiños históricos que atravesan a zona (camiños vreeiros, camiño dos arrieiros...) para a súa recuperación, divulgación e posta en valor. Tanto os proxectos obxecto das presentes alegacións, como outros en tramitación, poderían causar danos irreversibles neste valioso patrimonio cultural.

As infraestruturas dos proxectos eólicos Edreira I, ampliación de Edreira I, Coto das Eiras e as infraestruturas de transformación e evacuación, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora.

O proxecto Coto de Eiras e a liña de evacuación tamén terían un forte impacto visual nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico Traspielas, Río Barragán e río Oitavén.



Os proxectos en tramitación teñen unha forte incidencia na rede hídrica, en humidaís de interese e nos acuíferos que abastecen as captacións de auga para abastecemento humano. Na documentación dos proxectos non se avalía correctamente a afección aos recursos hídricos.

As grandes dimensións das infraestruturas proxectadas e a súa proximidade a núcleos habitados terá efectos negativos na saúde a causa dos ruídos, dos efectos luminosos e do pestanexo de sombras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os proxectos eólicos en tramitación terán unha incidencia negativa en actividades económicas tradicionais como os proxectos agrogandeiros e forestais, que están sendo potenciados e reactivados como parte dunha estratexia de dinamización e recuperación do rural.

Tamén haberá unha incidencia negativa en actividades turísticas, que teñen un grande potencial de crecemento na zona polos seus atractivos paisaxísticos, culturais e de lecer. A implantación masiva de proxectos industriais eólicos crea un efecto disuasorio neste sentido, e pode repercutir na paralización de proxectos de dinamización turística.

Estes proxectos industriais de produción de enerxías renovábeis xerarán grandes beneficios para as empresas promotoras, e terán unha repercusión mínima no territorio afectado.

O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona supera a capacidade de aollida do territorio. Nun radio de 25 km xa existen 17 parques eólicos en funcionamento, que suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores). No estudo de impacto ambiental non se fai unha correcta avaliación do impacto sinérxico e acumulativo desta enorme cantidade de proxectos.

Por último, estamos diante dunha fragmentación dun único proxecto, de 73,2 MW, promovido polo mesmo grupo empresarial, que debería tramitarse como tal, co seu correspondente estudo de impacto ambiental conxunto.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á luz dos informes e estudos dos que dispón o goberno galego, vai desbotar os proxectos eólicos en tramitación (Edreira I, Edreira I ampliación, Coto de Eiras e infraestruturas de evacuación e transformación) que afectan negativamente aos concellos da Lama, Fornelos, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 13:30:27

Alexandra Fernández Gómez na data 17/10/2024 13:30:39

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 13:31:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos sobre o índice de risco de pobreza e exclusión social de Galiza deixan ver que o 25,8% da nosa poboación infantil se atopa en risco de pobreza, chegando a 93400 menores sufrindo esta situación no noso país. Así mesmo, a pobreza severa galega foi a que máis medrou do estado español, chegando a un 10,3% da poboación, datos que evidencian a falla de acción ou a súa insuficiencia por parte do goberno galego. En Galiza unhas 60000 persoas ao mes comen grazas aos bancos de alimentos, dependendo directamente da entrega de alimentos, unha cifra que aumenta no noso país, medrando nun ano as demandas nun 50%, de xeito que a evolución no noso país é preocupante.

A renda real sufriu unha perda evidente en Galiza, onde aumentan os fogares cun ingreso menor do 40% da renda mediana dispoñible, e o 45% das familias reconece chegar a fin de mes con dificultades. No noso país o 55,2% das familias galegas non se contabilizan como familias en risco de pobreza, sen embargo sofren privación de material severa, onde manter a casa a unha temperatura adecuada non é posible, onde non teñen capacidade para consumir carne ou peixe cada dous días ou non poden gozar de vacacións unha semana ao ano.

Nun informe actual sobre hábitos alimentarios de xente nova entre os 6 e os 18 anos conclúe que máis da metade dos nenos, nenas e adolescentes de fogares con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escasos recursos estiveron preocupados pola falla de algúns alimentos. O 75% dos nenos e nenas en situación de vulnerabilidade social sofre dificultades para acceder a alimentos que lle son beneficiosos para a súa saúde, ou simplemente para acceder a alimentos de xeito regular. Ese informe revela que un 27% deses menores foron durmir con fame e o 11% deles confesou que pasaran alomenos un día e unha noite enteira sen consumir ningún alimento. Deste xeito temos un 29% destes menores están actualmente nunha situación de inseguridade alimentaria severa, datos reveladores do estado de desatención destes menores por parte da administración.

O problema non só é o da falla de alimentos, tamén temos que ter en conta a chamada “fame oculta”, que se refire á falla de equilibrio nutricional. Os casos de obesidade derivados dunha baixa calidade alimentaria nos fogares con menos ingresos duplícase en comparación coas familias onde non existe este risco de pobreza ou carencia de material severa, de xeito que non é de estrañar que un de cada tres menores de entre 6 e 18 anos sufran obesidade. Este tipo de alimentación durante a infancia, onde os valores nutricionais son escasos, está moi relacionada cun posible desenvolvemento de enfermidades, tales como diabetes ou enfermidades cardiovasculares. Nestas idades, segundo responsables de pediatría, é moi importante darlle importancia á saúde nutricional, considerándoo un período crítico para un correcto desenvolvemento.

Recentemente, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas e Nutricionistas fixo un chamamento para ofrecer pratos máis saudables nos centros de ensino. É aí onde comen case a metade dos nenos e nenas, segundo o Ministerio de Consumo nun informe de 2023, chegando ao 40% das crianzas as que non comen nos seus fogares por motivos, entre outros, de conciliación familiar. É por iso que os comedores escolares son de vital importancia na alimentación dos menores, así coma da calidade desta alimentación. No caso de Galiza, dietistas-nutricionistas do SERGAS declararon que os menús escolares galegos teñen moito marxe de mellora, con necesidade de aumentar alimentos coma a froita, verdura, legumes e peixe, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo. A mellora destes aspectos serían de especial importancia á hora de aforrar en canto a problemas de saúde derivados dunha alimentación desequilibrada nas crianzas e garantirían a achega nutricional adecuada para todas e todos, favorecendo a calidade na alimentación de todas aquelas crianzas que se atopan en risco de pobreza e exclusión social, aqueles vítimas da pobreza severa e da pobreza de material severa, que acada porcentaxes moi elevados da poboación galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza modificar os menús das escolas infantís e centros de ensino para que todos os nenos reciban as racións recomendadas de peixe e carne semanais, priorizando os produtos de orixe de proximidade e de tempada?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:19:09

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:23:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de pediatría nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei na provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei comparten unha mesma pediatra que vai rotando polos centros de saúde. Así pasa consulta dous días á semana en Cospeito a 318 crianzas entre 0 e 14 anos segundo os datos do IGE; dous días en Castro de Rei, con 440 nenas e nenos e un día, o venres, en Outeiro de Rei, con 621 nenas e nenos.

Actualmente, estes tres municipios quedaron sen pediatra ao non cubrir o SERGAS a baixa laboral da persoa titular. Esta situación fai que as nenas e nenos sexan atendidos por médicos de familia, non pediatras, ou que se vexan obrigadas as familias a acudir ás urxencias pediátricas do HULA.

Esta situación non acontece por vez primeira, xa en xullo de 2023 o G.P. do Bloque Nacionalista Galego trasladou ao Parlamento a ausencia de pediatra nestes concellos e os prexuízos que supuña para as nenas e nenos destes municipios rurais.

De igual maneira, a falta de pediatras non é exclusiva nin dos concellos do rural nin do interior de Galiza, lamentablemente. De feito, a Asociación de Pediatría sitúa en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis de 11.000 as nenas e nenos sen pediatra asignado e, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) para 2021, último ano con cifras, o 61,9% dos municipios galegos non dispoñen de pediatría, prestando este servizo noutros 43 municipios persoal médico sen titulación nin formación axeitada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai cubrir a Xunta de Galiza a praza de pediatra nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2024 17:36:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/10/2024 17:36:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 17:36:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación do PLAN MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de agochar os recortes de profesorado e especialistas nos centros educativos galegos utilizando fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP na Xunta de Galiza aprobaba no Consello de Goberno, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa PLAN MEGA con varios obxectivos, segundo o executivo galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que Rueda vendía en rolda de prensa nada máis rematar o Consello sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran gran Plan para solventar todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- **Promociona** (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- **PROA+** (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero este Plan Mega da Consellaría de Educación non supón unha innovación nin un suplemento nos recursos necesarios para mellorar a atención do alumnado máis vulnerable e con necesidades específicas, xa que inclúe programas xa existentes, desbotando tamén outros que funcionaban positivamente e eran moi valorados polos centros educativos, como é o Proxecto “Acompaña” finalizado en xuño.

O PP na Xunta, acadou máis de 18 millóns de euros de fondos europeos e do Ministerio para xustificar o Plan Mega co que trata de compensar a custe 0 os recortes de profesorado e especialistas previos e serviu para asinar un acordo cos sindicatos minoritarios que a mesma Consellaría está disposta agora a incumprir. Tratan de usar estes cartos para cubrir necesidades ordinarias dos centros escolares e non como apoio e reforzo a maiores para este alumnado NEAE.

Os efectivos do Programa Proa+ acaban de ser asignados, defraudando a numerosos centros que tiñan postas moitas esperanzas neste apoio especializado e que non acadaron nin unha soa PT ou AL, mais outros programas como os reforzos en competencia matemática e lectora ou Escola 4.0 ou Benestar están aínda sen desenvolver despois de máis dun mes de iniciado o curso ou dende o 1 de setembro, data de inicio da vixencia dos fondos.

Mentres o Conselleiro de Educación e o Presidente da Xunta anunciaban por todo o alto este Plan Mega de “Mellora Educativa”, as direccións dos centros foron obrigadas a reunirse coas ANPAs e coas as familias para informarlles da situación tan precaria que terían neste curso escolar por falta do profesorado e especialistas necesarios para a atención ao alumnado, sendo o máis afectado o alumnado NEAE.

E neste contexto, utilizaron o Programa Promociona para cubrir a falta de profesorado, casos escandalosos nos centros afectados, mais cunha contratación precaria e prexudicial para este persoal. Docentes que estarían destinados a apoio e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforzo do alumnado máis vulnerable, están a realizar nos centros funcións estruturais e ordinarias, como titores/as nas aulas por exemplo.

As contratacións deste persoal docente produce unha discriminación laboral clara, por incorporarse ao curso tan só por 10 meses, ata o 30 de xuño, sen tempo a poder elaborar informes, estatísticas e a preparación de material para o seguinte curso. Cunha necesidade imperiosa de profesorado e especialistas nos centros, un porcentaxe elevado dos e das docentes son incorporadas á media xornada, tan só 4 horas sen compartir con outra escola.

Polo tanto á comunidade educativa acaba de convocar unha gran mobilización en Santiago para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta non deixan a propaganda e de gabarse de ser o curso que conta con maior número de profesorado.

Organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega /AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos do alumnado galego e completar o cadro de persoal docente e especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Auxiliar Coidador/a, etc. e así acadar un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

curso produtivo para todo o alumnado, tamén aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:40:47

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:41:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de especialistas de Pedagogía Terapéutica no CEIP de Mondariz Balneario para atender ao alumnado NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a demanda da comunidade educativa do CEIP de Mondariz Balneario para resolver as carencias dotacionais de especialistas en Pedagogía Terapéutica que afectan á atención do alumnado máis vulnerable.

Dende o comezo do curso, as familias son conscientes da falta de efectivos que proporcionen ás súas fillas e fillos un apoio e reforzo para poder seguir as clases lectivas en igualdade de condicións que o resto do alumnado.

Por outra parte, un dos alumnos NEAE ten unha discapacidade do 70%, polo tanto debe ter garantido o dereito de poder contar durante todo o curso dunha PT preferente que acompañe a este neno durante as 5 horas na súa aula e que facilite o seguimento das distintas materias.

O CEIP de Mondariz Balneario é unha escola que está incrementando o número de alumnado ano a ano, debido entre outras cousas á súa situación nunha vila cun grande patrimonio cultural e natural e que harmoniza á perfección coa contorna rural. Neste intre, a falta dos recursos docentes precisos pode limitar que esta matrícula poda seguir incrementándose.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A dirección do centro, tiña esperanza de que co PLAN+ chegasen os efectivos precisos de PT segundo anunciaba en prensa o Conselleiro de Educación coa incorporación de 400 docentes a “maiores” repartidos en distintos programas. A resolución provisional dos efectivos PROA+ saíron estes días e deixounos perplexas, xa que non tiñan ningún asignado.

Isto parece ir en contra da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, que establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Queda claro pois, que a comunidade educativa é consciente da restrición de dereitos realizada ano tras ano pola Consellería de Educación ao alumnado galego que sufren todos os centros educativos e consideran que a escola de Mondariz Balneario non pode ser usada como gardería para estes nenos e nenas que máis precisan de atención, de apoio e reforzos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación completar o cadro docente de especialistas de Pedagogía Terapéutica, que posibilite unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado no CEIP, sobre todo tendo en conta o alumno cunha discapacidade dun 70% que precisa un PT preferente?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:56:33

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:56:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández, e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os recortes no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comezo do curso escolar na Galiza volve a evidenciar o que xa é unha constante nos 15 anos do Partido Popular ao fronte da Xunta de Galiza: a evidente política de recortes en Educación. Uns recortes que se traducen en aulas cun alumnado por riba das ratios, na agrupación de distintos niveis, o peche de unidades e centros no rural, menos profesorado e a falla de especialistas nos equipos de orientación.

Con esta política planificada e consciente de recortes, o Partido Popular é responsable do claro retroceso da calidade educativa que se observa no noso país no sector público, cun profesorado e equipos directivos que intentan suplir con profesionalidade e compromiso as carencias inducidas por eses recortes, mais que se ven absolutamente desbordadas e sen os medios necesarios para realizar o seu traballo nunhas condicións aceptables de calidade e incluso dignidade. Porque esta política de recortes afecta a todas, mais especialmente supón unha evidente desatención á Diversidade.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galiza o 26 de outubro de 2021.

A Xunta de Galiza, administración neste caso competente, ten polo tanto a obriga de dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais.

Mais o Goberno galego incumpre esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade constatada. Porque son moitos os centros de ensino e as comunidades educativas que denuncian de xeito público que a Xunta está a vulnerar de xeito reiterado os dereitos das crianzas con necesidades específicas de apoio educativo.

Non cubrir os cupos e reducir persoal imposibilita o desdoblamento de aulas, reduce a oferta de materias optativas e provoca unha peor atención a alumnos con necesidades especiais, ademais de empeorar as condicións laborais dos profesionais. Esta condición estendese a persoal administrativo, de conserxería ou coidadores.

Desde a ANPA do IES Ollos Grandes de Lugo alertan sobre o recorte de dous profesores con respecto ao curso pasado, un deles de pedagogía terapéutica. Sen embargo, din que o número de alumnos que necesitan este tipo de apoio aumentou con respecto ao curso anterior e en primeiro da ESO hai tamén un grupo mais. E, lembran tamén que xa no curso 2023/24 suprimiron outro docente, o que implica un recorte de tres profesores en dous cursos.

Tamén no IES Lucus Augusti, instituto decano de Galiza afecta o recorte dun profesor a distintas materias dos ciclos superior e modular de Laboratorio de Análise e Control de Calidade e ao ciclo medio de Operacións Básicas de Laboratorio. No modular non hai clase de Microbioloxía, polo que os alumnos que terían que acabar o ciclo este curso non poderán facelo sen esta materia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o Goberno galego que o profesorado asignado para atender ao alumnado con necesidades especiais do IES Ollos Grandes de Lugo para o curso académico 2024-2025 é suficiente para garantir-lles a atención e o ensino que precisan e ao que teñen dereito?
- Considera o goberno galego que o recorte de dous profesores no IES Ollos Grandes non é prexudicial para a calidade do ensino neste centro?
- Considera o goberno galego que é razoable o recorte dun profesor para distintas materias dos ciclos superior e modular de Laboratorio de Análise e Control de Calidade e do ciclo medio de Operacións Básicas de Laboratorio no IES Lucus Augusti, que incluso vai dificultar que o alumnado poida rematar o ciclo este curso ao non ter unha das materias do módulo?
- Considera a Xunta de Galiza que no curso académico 2024-2025 non persisten as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do IES Ollos Grandes que existían no ano anterior?
- Cal é a porcentaxe de alumnado do IES Ollos Grandes con necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Olalla Rodil Fernández

Cristina Fernández Davila

Deputadas G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/10/2024 13:56:42

Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2024 13:57:06

Cristina Fernández Davila na data 11/10/2024 13:57:20





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de normas adicionais sobre protección do medio ambiente nos termos do artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

No exercicio destas competencias ditouse a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

A dita lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 9. referido á participación pública establece que a Administración autonómica garantirá a participación pública no deseño e execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos da presente lei.

Pero non fai mención explícita ao necesario papel que desenvolven as ONG dedicadas á divulgación, conservación e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade, así como das universidades e centros de investigación galegos.

Por outra banda, tampouco aparece nesta lei ningunha mención ao Observatorio Galego da Biodiversidade, un órgano que foi creado polo Decreto 260/2007, do 13 de decembro, como un órgano colexiado para o asesoramento





e consulta en materia de conservación da biodiversidade de Galicia, e nel están representados técnicos da Consellería de Medioambiente, as universidades, especialistas de recoñecido prestixio no estudo e a investigación das diferentes especies, e representantes das asociacións inscritas no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que teñan entre os seus fins a conservación da biodiversidade en Galicia.

Nosoutros, os socialistas e as socialistas, entendemos que tratándose de aspectos tan relevantes para a conservación do noso medio ambiente e diversidade como pode ser declaración dos espazos naturais protexidos, aprobación, revisión ou modificación dos instrumentos de planificación de espazos, ou os procedementos de aprobación dos plans de recuperación e dos plans de conservación de especies catalogadas.

Este organismo tería que realizar de forma preceptiva un ditame previo que valorase estas decisións, pero tamén outras importantes que aparecen na lei como por exemplo: reestruturacións agrarias (art. 18); perda da categoría de ENE (art. 44); listaxe de especies silvestres (art. 90); excepcións ás prohibicións (art. 99); introdución de especies non autóctonas (art. 110)...

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como xustifica o Goberno galego que se estean a desenvolver actuacións relacionadas coa conservación do noso medio ambiente e biodiversidade sen un informe previo favorable do Observatorio Galego da Biodiversidade?
2. Por que o Goberno galego non ten en conta o Observatorio Galego da Biodiversidade?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 13227
Data envío: 11/10/2024 14:13:18,188

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/10/2024 13:36:27

Carlos López Font na data 11/10/2024 13:36:39

CSV: BGRISJTBG4P0803P493
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46013

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Concello de Trabada xunto coa Plataforma Pública da Mariña teñen manifestado a situación preocupante que está a vivir o Concello no eido sanitario chegando a manifestarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos, pedindo dúas prazas de medicina de familia cubertas todos os días e durante a quenda completa.

Trabada leva preto dun ano cun só médico dende a xubilación no ano 2023 dun dos facultativos que non foi substituído en ningún momento por parte do Sergas, situación esta previsible e, polo tanto, con capacidade de previsión.

Durante todo este tempo un só médico, dos dous que ten o cadro de persoal tivo que asumir a totalidade da carga de traballo do centro de saúde. Co estrés laboral que supón para quen ten que asumir esta situación.

Un concello, como moitos de Galicia, cunha poboación moi avellentada, dispersión xeográfica acusada cunha distancia entre núcleos de poboación moi extensa. unha gran porcentaxe de maiores de 65 anos, unha poboación altamente demandante de atención médica e de coidados de enfermería, con casos de atención domiciliaria.

A isto hai que sumarlle que o concello conta cunha residencia de maiores con praza para 39 usuarios tamén atendidos polos efectivos do centro de saúde, o cal supón que o único médico teña que atender tamén ás e aos usuarios do centro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 11:22:35
Nº Rexistro: 13173
Data envío: 11/10/2024 11:22:35.882

Esta situación durante o mes de agosto supuxo en moitas ocasións un servizo deficitario, tendo en conta o período vacacional ao que ten dereito provocou que nalgunha ocasión a falta total de facultativos uníndose a carencia de enfermería quedase o centro de saúde sen persoal sanitario obrigando a terse que desprazarse a unha profesional de Ribadeo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do Centro de Saúde do Concello de Trabada?

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/10/2024 11:20:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46015

@PSdeG



CSV: B0P5TRB0G0IX0691E1-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 11:22:35
Nº Rexistro: 13173
Data envío: 11/10/2024 11:22:35.882

Elena Espinosa Mangana na data 11/10/2024 11:20:12

Silvia Longueira Castro na data 11/10/2024 11:20:19

CSV: B0P5TRB0G0IX0691E1-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46016

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta dar resposta á enquisa do IGE sobre coñecemento e uso do galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IGE acaba de publicar os datos da Enquisa estrutural a fogares, na que un dos módulos específicos está dedicado ao coñecemento e uso da lingua galega.

Os datos publicados retratan a situación da lingua propia e oficial de Galiza en 2023 e permiten ver a súa comparativa inmediata a respecto da última publicada en 2019 e relativa aos datos de 2018.

Entre as principais conclusións que se extraen dos datos do IGE destacan o feito de que o castelán xa é o idioma predominante en Galiza e que aumenta a porcentaxe de crianzas entre 5 e 14 anos que recoñecen non saberen falar galego nada ou pouco até o 32,44%.

A respecto do uso do galego como lingua habitual e inicial volve baixar até o 24,37% (algo máis de 6 puntos porcentuais a respecto de 2018), sobranceando este dato: só o 7% da poboación entre 5 e 14 anos afirma falar sempre en galego (7 puntos menos ca en 2018), mentres que a categoría que máis sobe é a das persoas que din ter o castelán como lingua inicial e habitual sempre neste grupo de idade (pasa do 44,13% ao 53,67%).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai o goberno da Xunta dos datos do IGE sobre coñecemento e uso do galego?
- Como valora que o galego deixase de ser o idioma predominante en Galiza?
- Como valora que volva aumentar a porcentaxe de crianzas entre 5 e 14 anos que recoñecen non saberen falar galego nada ou pouco até o 32,44%?
- Como valora que só o 7% da poboación entre 5 e 14 anos afirme falar sempre en galego?
- Como valora que o uso social onde máis se renuncia a falar en galego, mesmo entre os galegofalantes, sexa entre o profesorado dos fillos e fillas?
- Como valora o insignificante uso do galego nos medios de comunicación e en internet?
- Pensa o goberno da Xunta que estes resultados responden a unha política lingüística planificada para traballar a favor da normalización do galego?
- Pensa o goberno que os recentes datos de coñecemento e uso do galego garanten mil primaveras máis para o galego?
- Como vai mudar o goberno do PP a política lingüística aplicada nos últimos quince anos que ten como consecuencia a nefasta situación para o galego que volve confirmar o IGE?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2024

Asdo Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/10/2024 13:14:42

Cristina Fernández Davila na data 11/10/2024 13:14:52

Iria Taibo Corsanego na data 11/10/2024 13:15:07

Daniel Castro García na data 11/10/2024 13:15:26

Secundino Fernández Fernández na data 11/10/2024 13:15:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Xa van máis de 20 anos que nos medios de comunicación se escoita falar da inminente construción do polígono industrial de Coristanco, pero pese a tanto anuncio do PP a día de hoxe seguimos sen ver nin unha soa parcela construída e a disposición das iniciativas empresariais que se puideran ter instalado no concello, cun Partido Popular ao fronte do Goberno local e o Goberno galego que segue a prometer a construción do parque empresarial ano tras ano, sen iniciar a construción dunha infraestrutura indispensable para o futuro de Coristanco e que evite que moitas empresas sigan abandonando o concello por carecer dun espazo acondicionado para desenvolver a súa actividade.

Pese ás oportunidades que están a xurdir nos concellos veciños do eixe A Coruña - Arteixo – A Laracha - Carballo, onde teñen solo industrial á súa disposición e son un dos polos económicos máis importantes de toda Galicia no que podería estar Coristanco se houbera iniciativa e compromiso por parte do Goberno galego, dende o Grupo Parlamentario Socialista moito nos tememos que o PP volverá a usar o polígono industrial da Miñata como mero reclamo electoral, ao igual que leva facendo elección tras elección para condicionar a decisión dos veciños de cara ao próximo proceso de eleccións municipais.

No ano 2019, o PP de Coristanco e o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo anunciaban como proxecto estrela do seu programa electoral a posta en





marcha do dito polígono e case rematado o mandato electoral de 2019 a 2023 vemos que esta promesa quedou en fume, algo que nos tememos que volva suceder neste vindeiro 2023, xa que pese ás promesas dadas, todos puidemos observar como o PP volveu a rexeitar ás emendas do noso grupo aos orzamentos da Xunta para 2023 que pedían aumentar ata 1 millón de euros o insuficiente orzamento da Xunta de Galicia para o dito polígono, que foi de 212.302 euros, unha cantidade surrealista para que se poida tomar en serio unha promesa do PP que segue xogando coas necesidades do tecido empresarial de Coristanco, que necesita da implicación da Administración autonómica para o avance económico-social de todo o concello.

Por outra banda, neste acto propagandista do PP de Coristanco e o Goberno galego no que presentaban o Plan para construír o dito polígono, nin tan sequera foron capaces de convocar a todo o tecido empresarial de Coristanco, xa que fixeron unha convocatoria a uns poucos empresarios que deixou a moitos empresarios e autónomos do concello sen convocar, o que demostra que ao PP só lle interesan uns poucos e non todo o tecido empresarial e social de Coristanco, cunha mostra máis da falla de transparencia e consideración de cara á veciñanza do dito concello.

A Xunta de Galicia adxudicou a principios do 2024 o proxecto de expropiación do parque empresarial de Coristanco da Miñata en Coristanco a Proyectos y Estudios Técnicos de Galicia SL por un importe de 52.000 euros. E dende setembro de 2024 non coñecemos máis avances no proxecto do parque empresarial de Coristanco.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:39:03
Nº Rexistro: 13195
Data envío: 11/10/2024 13:39:03,386

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a previsión temporal do Goberno galego para rematar tramitación do proxecto construción do parque empresarial da Miñata en Coristanco?
2. Ten previsto o Goberno galego que aumente o orzamento dedicado á construción do parque empresarial para o ano 2025 e que a dita infraestrutura sexa unha realidade o antes posible?

Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/10/2024 13:34:38

Lara Méndez López na data 11/10/2024 13:34:46





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:40:09
Nº Rexistro: 13200
Data envío: 11/10/2024 13:40:09.776

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende o Grupo Municipal Socialista de Cervo a través da súa voceira, Luján Ramos, levan dende o ano 2020 presentando iniciativas no Pleno do Concello de Cervo, preguntas e rogos, sobre a situación da residencia e centro de día de San Ciprián.

Denuncian deficiencias en canto ás instalacións, limpeza, falta de persoal e o propio funcionamento. Tamén teñen posto de manifesto que non se realizan as actualizacións de prazas e falta da memoria de actividades entre máis cuestións.

Lonxe de solucionar os problemas estes vanse incrementando e xa son os familiares dos usuarios da residencia e centro de día de San Ciprián os que están a poñer de manifesto estas deficiencias, a través de escritos rexistrados no Concello.

As principais queixas reiteradas polas distintas persoas usuarias son:

Falta de enfermeiros/as, dúas prazas sen cubrir, nin médicos/as. O fin de semana e as tardes e noites queda totalmente descuberta a asistencia médica e de enfermería.

O persoal do centro que fai as tarefas de revisións rutinarias de control de tensión, glucosa administración de medicación son realizadas por persoas non axeitadas para realizar estas funcións. Non hai fisioterapeutas, co cal se o precisan teñen que asumir o custo a familia das persoas usuarias.





En canto ás instalacións os timbres das habitacións non funcionan, co cal se unha persoa precisa axuda non pode avisar no caso de que precisen ir o baño, beber un vaso de auga ou un cambio de panal. Isto provoca outros problemas engadidos que son as caídas que se producen por non ter axuda e por ter que facer estas cuestións básicas eles mesmos.

Todo isto provoca unha saturación nas traballadores do centro polo exceso da carga de traballo e a falta de material existente e cando chega xa a límites insostibles e vense obrigados a coller unha baixa estas non se cobren, o que levou en máis de unha ocasión a que dúas persoas atendan a 50 residentes en dúas quendas.

Outra das queixas manifestadas por parte das persoas usuarias con maior autonomía, son as referentes ás comidas que son pouco elaboradas escasas e pouco variadas, e se lle sumamos a falta de persoal neste eido fai que ou ben se xunte algún menú ou o que peor que pasen moitas horas sen comer nada.

As visitas aos seus familiares a parte de ter con cita previa, cada vez lle reducen máis o tempo das mesmas e en moitos casos teñen que estar esperando quince vinte minutos para poder entrar.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de esta situación?
2. Que vai facer a Xunta de Galicia para restablecer o bo funcionamento do centro?

Santiago de Compostela, 11 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:40:09
Nº Rexistro: 13200
Data envío: 11/10/2024 13:40:09.776

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/10/2024 13:31:45

Silvia Longueira Castro na data 11/10/2024 13:31:53

Elena Espinosa Mangana na data 11/10/2024 13:32:01

CSV: B0P5TRB0X6g6psJ0Y-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

46025

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:40:46
Nº Rexistro: 13202
Data envío: 11/10/2024 13:40:46,322

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

1. Que funcións están desenvolvendo os auxiliares de policía local no Concello da Laracha, de conformidade coa Lei galega de coordinación de policía locais?
2. Nas funcións que veñen desempeñando os auxiliares de policía local en Laracha durante os últimos meses, contaron coa supervisión directa de algún/a titular de policía local da Laracha?
3. Os auxiliares de policía local da Laracha asinaron denuncias e levantaron actas por infraccións?

Santiago de Compostela, 11 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/10/2024 13:36:07

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46026

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2024 13:40:46
Nº Rexistro: 13202
Data envío: 11/10/2024 13:40:46,322

Paloma Castro Rey na data 11/10/2024 13:36:16

CSV: B6PIS7B93Mb03aJh6Q
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46027

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de converter ao Teatro Cine Fraga nun espazo cultural público na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Teatro Cine Fraga forma parte da memoria cultural de todas as viguesas e vigueses. Desde o 28 de marzo de 1948, data da súa inauguración até o 28 de xuño de 2001, cando pecha as súas portas, foron moitas as xeracións que sentaron nas súas butacas.

O 30 de xuño de 2001, a antiga Caixa Galicia adquire o Teatro Cine Fraga para convertelo, dentro da súa obra social, nun edificio de uso cultural e comeza unha reforma que queda paralizada en agosto de 2011.

Vigo é, das cidades do seu tamaño do Estado Español, a única que non conta con ningún teatro público, para alén da existencia de diferentes auditorios, o que impide atender as necesidades e fana o desenvolvemento do vizoso tecido cultural vigués. Cómpre, neste sentido, destacarmos o enorme potencial das artes escénicas na cidade que é sede da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza.

Até a actualidade nin Xunta de Galiza, nin Deputación de Pontevedra, nin tampouco o Concello de Vigo, teñen despregado medidas e políticas efectivas para atender esas necesidades e permitir referenciar Vigo no ámbito escénico. De tal maneira





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que os e as profesionais da cultura, artistas e demais axentes, padecen un continuado abandono, véndose obrigados/as a procurar recursos propios ou privados ou mesmo a marchar da cidade para poderen desenvolver plenamente os seus proxectos pola ausencia de políticas culturais públicas.

En relación ao Teatro Cine Fraga, que constitúe unha peza patrimonial de valor monumental e que, como xa se sinalou, foi historicamente un grande referente cultural da cidade, desde o Bloque Nacionalista Galego xa temos demandando desde hai moito tempo poñer fin ao seu abandono para o converter nun grande teatro público, ao servizo do tecido cultural da cidade e do conxunto do noso País e para o desfrute da veciñanza. Unha iniciativa que non foi recollida por ningunha administración.

Non foi até a campaña electoral das pasadas eleccións galegas, do 28 de febreiro, cando Partido Popular, desde Deputación e Xunta, e PSOE, desde o Goberno municipal, amosaron a súa repentina disposición a adquiriren o Teatro Fraga. Vemos, pois, como unha iniciativa que debера basearse na sinerxía, na suma de esforzos, acaba encadrada primeiro nunha competencia de claro carácter electoralista e agora como un novo episodio na permanente lea partidista que alenta o confronto institucional.

A decisión da Xunta de Galiza e mais da Deputación de Pontevedra de compraren, conxuntamente, e por importe de 9,3 millóns de euros o Teatro Fraga, constitúe un claro exemplo de mala xestión que dilapida recursos de todas e todos para repagar por unha dotación cultural que xa foi financiada con inxente diñeiro público no rescate da privatizada e expatriada Abanca que, lembremos, recibiu 9 mil millóns de euros de rescate para despois ser adquirida polos seus actuais propietarios por apenas mil millóns de euros. Investimento que foi rapidamente amortizado cos lucros derivados da actividade da entidade financeira en menos de dous exercicios.

Foi, pois, o proceso de bancarización, privatización e desgaleguización da entidade resultante da fusión das caixas galegas, impulsado con entusiasmo polo Partido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular desde os gobernos galego e español ao ditado da Troika, o que privou a Vigo de poder contar co Teatro Fraga como un activo sociocultural de primeiro nivel. Un verdadeiro espolio que agora Xunta e Deputación queren recompensar co diñeiro de todas e de todos, despois de que Abanca veña de obter un beneficio de 158 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, incrementando así as súas ganancias un 50% con respecto ao exercicio anterior.

É por iso, que desde o BNG acreditamos en que o que debiera ter feito a Xunta de Galiza era liderar, en cooperación leal con outras administracións (Deputación de Pontevedra e Concello de Vigo, singularmente), o proceso para retornar a uso social e público o Teatro Fraga sen custo algún para o erario público, a través da constitución dun consorcio público-privado para a cesión da propiedade ou, no mínimo, do seu uso e xestión de maneira gratuíta. Unha oportunidade perdida que vai custar 9,3 millóns de euros de todas as galegas e galegos.

Ademais, o deseño do proxecto para a xestión, actividade e dinamización do teatro, debiera desenvolverse desde a máxima cooperación entre administracións e tamén coa participación do propio tecido cultural vigués, apostando no deseño dun espazo moderno e dinámico, que se converta nun grande centro de creación, produción e exhibición escénica da maior cidade de Galiza.

Vigo precisa e merece dun espazo que sexa motor do enorme talento que existe na cidade nas artes escénicas, nun centro cultural de referencia a nivel galego e peninsular.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que modelo de xestión ten previsto o Goberno Galego para o Teatro Cine Fraga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pode o Goberno Galego garantir a xestión pública do Teatro Cine Fraga, evitando a privatización da mesma?

- Pensa o Goberno Galego crear o Fundación Teatro Cine Fraga para a xestión, actividade e dinamización do espazo, coa participación da Xunta de Galiza, Deputación de Pontevedra e Concello de Vigo no seu padroado?

- Vai o Goberno Galego a ter en conta as demandas do tecido cultural vigués?

- Vai garantir o dereito á cultura das viguesas e dos vigueses á hora de xestionar, dinamizar e programar a actividade do Teatro Cine Fraga?

- Vai o Goberno Galego facer do Teatro Cine Fraga un espazo cultural de referencia a nivel galego e peninsular, apostando polo deseño dun espazo moderno e dinámico, que se converta nun grande centro de creación, produción e exhibición escénica ?

-Cal vai ser o mecanismo polo que se van a atender as suxestións e propostas recibidas dentro do proceso “participativo” impulsado pola Xunta de Galiza para a definición do futuro Teatro Cine Fraga?

-Trasladoulle o Goberno galego algunha consulta e/ou ten previsto promover a colaboración coa Escola Superior de Arte Dramático de Galiza, sediada en Vigo, para a definición do proxecto do novo Teatro Cine Fraga?

-Existe algunha interlocución por parte da Xunta de Galiza co Concello de Vigo en relación a este proxecto? En que termos, con que alcance e obxecto?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 09:23:07

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2024 09:25:28

Alexandra Fernández Gómez na data 14/10/2024 09:25:57

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 09:26:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración do goberno galego sobre o modelo vixente de xestión marisqueira en Galiza e da introdución de cambios no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo transcendeu publicamente, no pasado mes de xullo o conselleiro de Mar asistiu a unha reunión coa Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) onde o fixeron partícipe da súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas, acentuada brutalmente no último ano, e das consecuencias que está a ter en distintas empresas da cadea mar industria.

Nesa reunión propuxeron abordar as “deficiencias” que, segundo eles, “presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías” e tamén “constituír mesas técnicas” para traballar na “mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques”.

Á vista das declaracións, resulta evidente que a Comisión Mar Industria da CEG percibe que o sistema de xestión da extracción de bivalvos actual é “deficiente” e “ineficiente” e, polo tanto, que a Consellaría de Mar, a quen corresponde establecer e regular as medidas para levar a cabo unha xestión marisqueira sostíbel dos recursos, está a conducir esa xestión de xeito deficiente e ineficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecemos cal foi a resposta do máximo representante da Consellería de Mar nesa reunión ás críticas á súa propia xestión marisqueira, mais o que está claro é que a CEG está a solicitar o que xa vén facendo en solitario dende hai anos o propio sector extractivo e tamén os grupos políticos representados no Parlamento galego, estudos profundos sobre as causas desa perda de produtividade que permitan trazar un rumbo definido e, polo tanto, facerlle fronte a unha situación crítica que non é nova e que se agrava a pasos axigantados sen que a propia Consellaría, con competencias exclusivas na materia, reaccione e sexa quen de tomar decisións e de dispoñer os recursos orzamentarios suficientes para evitar, precisamente, que continúe a perda de recursos e de postos de traballo.

O caso é que tanto a valoración da CEG, en presenza do propio conselleiro, como as previas doutros membros da cadea mar industria, poñendo en cuestión o actual modelo de xestión marisqueira, son unha manifestación máis da aguda crise que afecta ás rías galegas e que vai moito máis alá da grave incidencia que xa vén tendo dende hai tempo nos produtores e produtoras, o primeiro elo da cadea.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego do actual modelo de xestión marisqueira no noso país?
- . Coincide coa Comisión Mar Industria da CEG en que é deficiente e ineficiente? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para melloralo?
- . Cal foi a resposta do conselleiro de Mar a esas consideracións na reunión nas que se fixeron e na que el mesmo estaba presente?
- . Ten previsto levar a cabo, a curto ou medio prazo, cambios no actual modelo de xestión do marisqueo? De ser así, en que sentido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten avaliado e cuantificado o Goberno galego cales son as consecuencias da grave perda de produtividade das rías no sector mar industria galego?

. Que medidas vai poñer en marcha para paliar esas consecuencias?

. Que actuacións ten realizado para implementar os acordos unánimes do Parlamento galego do 7 e 28 de maio, nomeadamente o referido á elaboración, dotación orzamentaria e execución dun plan plurianual de medidas que permita comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/10/2024 09:37:54

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 09:38:09

Daniel Castro García na data 14/10/2024 09:38:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 14/10/2024 09:38:33

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2024 09:38:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de mellorar o firme e dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns á estrada autonómica PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 na entidade menor de Vilasobroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-262 é unha estrada autonómica, de menos de 4 kms., que une a vila de Mondariz no seu enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120. Unha estrada de moito tráfico xa que a veciñanza usa este vial para dirixirse cara a Ponteareas e as súas parroquias ao leste do territorio ou cara á Cañiza pasando por parroquias de Mondariz e O Covelo, por traballo, compras ou servizos públicos como a Delegación de Facenda, Xulgados, Seguridade Social, etc. Tamén é un punto de encontro habitual para as persoas usuarias de instalacións deportivas como o campo de fútbol da Lagoa, con entrenos a diario de multitude de categorías ou as pistas de pádel na N-120 ou diversos restaurantes referentes da zona.

Na actualidade, a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro despois de décadas sen facer un asfaltado integral da mesma, que fai que transitar en vehículo sexa perigoso ao ir esquivando co mesmo as zonas en mal estado.

Tamén é importante ter en conta nesta estrada da Xunta, a necesidade de poder contar cunha senda peonil ou beiravía delimitada, que permita que as persoas poidan desprazarse por ela a pé con total seguridade e protección cara aos vehículos, cuestión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que xa está contemplada na contorna do campo de fútbol da Lagoa, nun pequeno tramo, pero que sería preciso ampliar na súa totalidade para achegarse ata Vilasobroso, por necesidade comercial ou persoal e incluso para aquelas persoas que saen a facer exercicio a diario ou queren visitar un dos espazos turísticos máis relevantes da nosa Comarca: o Castelo do Sobroso.

Unha zona moi desprotexida sería entre a saída de Mondariz no centro urbano, no Muiño de Luis ata o antigo Matadeiro Municipal, das máis transitadas a pé e seguridade cero. Despois entre o Matadeiro e a Ponte de Pontedornes (cara ao barrio de Escobeiro) precisa reparacións nos valados e na senda e a partir de aquí ata Vilasobroso precisa unha nova intervención partindo dun proxecto que garanta a seguridade peonil.

Hai que ter en conta que esta nova senda serviría de conexión coas existentes e moi coñecidas entre as persoas que practican o sendeirismo: a “Senda do Río Xabriña” e a “Senda da Coviña” nos puntos de Pontedornes e tamén no antigo Matadeiro. Aumentando así a extensión do percorrido das citadas sendas, dándolle maior valor natural e paisaxístico e unindo a contorna do Castelo do Sobroso.

Polo tanto, sería preciso realizar un estudo máis completo a este respecto, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona do noso rural onde hai moitas veciñas e veciños que usan esta estrada para os seus desprazamentos en vehículo e tamén a pé, para que no proxecto de mellora do asfaltado poida incluírse unha zona de seguridade para as e os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns e outras medidas de seguridade que se precisen.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo e a posterior participación cidadá que valore as opcións para mellorar a seguridade de vehículos e peóns na PO-262 entre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a vila de Mondariz no enlace coa PO-254 e a entidade menor de Vilasobroso no enlace coa N-120?

-Que prazos se fixan para a execución desta obra prioritaria para o Concello, a Entidade Menor e a súa veciñanza?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 12:05:27

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2024 12:06:50

Luis Bará Torres na data 14/10/2024 12:07:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de incrementar as prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No último procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza máis de 500 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. As máis de 500 nenas e nenos que non foron admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedaron fora nas dependentes do Concello de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibilidade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamente o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conciliación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de esperar ás portas dos centros privados desde a madrugada e de solicitar praza nas escolas públicas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa diminución salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno Galego que máis de 500 nenas e nenos, a metade das solicitudes, quedaran sen praza na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo ?

- Como valora o Goberno Galego que moitos pais e nais teñan que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas; ou incluso, principalmente no caso das nais, se vexan obrigadas a reducir a súa xornada (coa diminución salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno Galego que, ao ser este un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos, ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís ?

- Pensa o Goberno Galego que é necesario incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís en Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello?

- Vai incluír o Goberno Galego nos próximos orzamentos unha partida para a construción de novos centros nas zonas de As Travesas, Balaídos, Navia, Casco Vello e Travesía de Vigo para garantir o acceso a unha praza nas escolas infantís públicas a todas as nenas e nenos da cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 14/10/2024 12:18:16

Alexandra Fernández Gómez na data 14/10/2024 12:18:27

Ariadna Fernández González na data 14/10/2024 12:18:38

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2024 12:18:47

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 12:18:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de dar resposta á demanda do IES Agra do Orzán (A Coruña) de acrecentar o profesorado de Pedagogía Terapéutica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un mes despois de ter comezado o curso escolar, segue a medrar o número de centros educativos que publicamente manifestan as deficiencias educativas que teñen que afrontar, derivadas dun goberno da Xunta que non dá resposta ás necesidades que reclaman os equipos directivos.

Un exemplo disto é o IES Agra do Orzán da Coruña que se está a ver obrigado a iniciar concentracións ante a nula resposta por parte da Consellería de Educación ás múltiples e infructuosas peticións de persoal necesario para atender a particular casuística deste centro educativo.

Estamos a falar dun instituto situado nun dos barrios máis densamente poboado non só de Galiza senón de España, multidiverso culturalmente, como se pode comprobar neste instituto que escolariza alumnado de 20 nacionalidades.

Esta diversidade cultural, que debe ser entendida como unha oportunidade de aprendizaxe para a totalidade da comunidade educativa, debe ser acompañada de recursos educativos que favorezan a integración, pois, en moitos casos, a procedencia orixinaria do alumnado non ten referencia lingüística común.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecer algunha das linguas oficiais de Galiza, en moitos casos as dúas, dificulta a integración na comunidade e impide o acceso á educación. Unha administración que desatende esta realidade está a vulnerar un dereito esencial como é o dereito á educación.

Precisamente esta situación é a que se está a dar no IES Agra do Orzán, e xa non é a primeira vez que sucede.

Tal e como traslada o equipo directivo, este curso o centro conta cunha matrícula de 75 alumnos e alumnas con informe de NEAE e un único profesional de Pedagogía Terapéutica, do que se pode tirar a conclusión de que a inmensa maioría está desatendido e desprotexido.

Desde o centro xa se ten solicitado á Xunta aumentar a dotación destes profesionais tan necesarios, nun mínimo de dous docentes, como xa se cubriron en cursos anteriores. O acrecentamento das necesidades educativas medran cada curso, mesmo ao longo do curso con matrículas novas, e os recursos educativos minguan por incomprensíbel e inxusta decisión da Xunta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai dotar a Xunta no inmediato do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica que demanda o IES Agra do Orzán da Coruña?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2024 12:48:31

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 12:49:23





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Somos coñecedores de que hai persoas que sufriron a infección polo virus SARS-CoV-2 e que agora teñen unha nova afección, que se denomina COVID persistente, aínda que hai expertos que lle chaman “COVID prolongado”, síndrome COVID crónico”, “long COVID” ou “síndrome de COVID postagudo”.

O último traballo publicado en *Nature Medicine* sobre o COVID persistente, propón unha definición: “a constelación de efectos sobre a saúde post-agudos e a longo prazo causados pola infección SARS-CoV-2”.

Considérase que pode afectar entre o 10 % e o 15 % das persoas que sufriron Covid-19. As últimas informacións indícanos que máis de 400 millóns de persoas no mundo padeceron ou padecen COVID persistente e este dato podíamos extrapolalo a Galicia.

Estamos ademais ante unha enfermidade emerxente, sobre a que se están realizando estudos, e de momento, transcorreu relativamente pouco tempo para poder avanzar con respecto ao mecanismo que o desencadea.

Pero si sabemos que algúns dos síntomas máis frecuentes son: malestar xeral, dores musculares, astenia, falta de concentración, fallos na memoria etc. E o traballo antes sinalado indica que “afecta a todos os sistemas orgánicos, incluído o sistema cardiovascular, o nervioso, o endócrino, o inmunolóxico, o





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 12:55:51
Nº Rexistro: 13272
Data envío: 14/10/2024 12:55:51.049

reprodutivo e o gastrointestinal.” E que “afecta ás persoas independentemente da súa saúde, sexo, etnia ou estado de saúde preexistente”.

Con todo, segundo a enquisa realizada pola Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia e os colectivos de afectados de COVID persistente, é máis frecuente na mulleres (79 %), na idade media da vida, aínda que se pode presentar a calquera idade.

E en Galicia non contamos con ningunha área de COVID persistente para que as persoas afectadas teñan atención sanitaria máis especializada e un tratamento completo, global e coordinado.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unidades de COVID persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?

Parlamento de Galicia, 14 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2024 11:41:41

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2024 11:41:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46048

@PSdeG



CSV: B0PISJTB0CAW8R6a0V143
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a responsabilidade que ten a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP na decisión de peche dos centros educativos en caso de predicións meteorolóxicas adversas de previsible gravidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de outubro, as axencias meteorolóxicas alertaban do paso dos restos dun furacán, chamado Kirk, polo noso País procedente do Atlántico, que deixaría ao seu paso intensas choivas, fortes rachas de vento así como grandes temporais nas zonas costeiras.

Dicía tamén o comunicado das axencias, que malia que Kirk non ía impactar directamente como tormenta tropical, si o faría nunha profunda borrasca que provocaría fortes choivas en Galiza, con previsión de acumulación de ata 200 l/m2 nalgúns áreas xeográficas. Estas chuvias intensificaríanse o martes e mércores con fortes rachas de vento, que poderían ser furacanadas na zona norte.

Ante esta situación, a [Xunta de Galiza](https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/) emitiu un comunicado a primeira hora da mañá do martes, anunciando a **suspensión de todas as actividades ao aire libre nos centros educativos galegos**. As medidas respondían á alerta laranxa decretada pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e Meteogalicia, pero despois de 48 horas das primeiras predicións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anuncio era o seguinte:

Aviso importante!

Este mércores suspéndense as actividades no exterior dos centros escolares debido aos fenómenos meteorolóxicos que comezarán desde primeiras horas Seguide as recomendacións de [@112Galicia](#) e os pronósticos de [@Meteogalicia](#)

Respecto ás actividades escolares, a Comisión Escolar de Alertas subliñou que a suspensión das actividades ao aire libre **manteríase durante toda a xornada do mércores**, malia que cada centro podería adoptar medidas adicionais se as condicións meteorolóxicas o requirisen. Os transportes escolares tamén estaban baixo vixilancia para asegurar que se adaptaban ás circunstancias do temporal.

Polo tanto, recaía nas direccións a potestade de pechar os centros educativos se o miraban necesario.

Isto pon de manifesto a falta de responsabilidade da Consellaría de Educación sobre a seguridade do alumnado, que cunha predición tan concreta na que se facilitaban os horarios de maior incidencia do importante temporal, que afectaban directamente ao horario escolar e de transporte do alumnado, así como ademais os datos sobre a acumulación de auga (ata 200 l/m²) e as rachas de vento (ata máis de 200 km/h en algunhas zonas), a gran oleaxe ou o perigo de inundacións, facían desta unha ocasión clara para que dende o domingo ou como moito a mañá do luns en que esta posibilidade era cada vez máis concreta e real, se fixera o anuncio da suspensión das clases lectivas.

Un perigo que se mirou referendado coas distintas incidencias que o temporal ocasionou en distintos centros educativos da Galiza e que fixeron que nestes casos foran pechados, por inundacións das súas instalacións, desprendementos de parte das cubertas, caídas de árbores no acceso ás escolas, ou mesmo o derrube de parte das edificacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra incidencia moi común para o alumnado foron os retrasos no transporte escolar debido a todas as árbores caídas durante a noite do martes, que puido transformarse nalgunha desgraza se iso chega a acontecer no momento do paso dos autobuses escolares polas estradas e pistas do rural, sobre todo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- 1.- Vai a Consellaría de Educación facer unha valoración do acontecido e das decisións tomadas polo seu responsable a fin de que non se volva repetir esta situación, deixando a todo o alumnado galego nunha completa inseguridade nos centros educativos e tamén no transporte escolar?
- 2.- Vai asumir a súa responsabilidade con respecto á seguridade nos centros por mor das predicións por inclemencias meteorolóxicas importantes, non deixando esta tarefa en mans das direccións dos centros, a quen non lles corresponde?
- 3.- Vai recuperar as instalacións afectadas polo paso do furacán Kirk coa finalidade de non prexudicar ao alumnado de cada centro na súa actividade lectiva o resto do curso e que poidan volver canto antes a recuperar a normalidade?
- 4.- Vai revisar as Unidades Técnicas provinciais todas as cubertas de chapa dos centros educativos galegos para reforzalas e darlle maior seguridade ás mesmas, tendo en conta a climatoloxía galega, sabendo que o desprendemento de placas de chapa poden ocasionar accidentes graves?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2024 12:55:06

Daniel Castro García na data 14/10/2024 12:55:17





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 13:10:11
Nº Rexistro: 13282
Data envío: 14/10/2024 13:10:11.584

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, vén de solicitar de novo por escrito unha reunión coa conselleira de Política Social, Fabiola Martínez, despois de que non obtivese ningunha resposta á misiva enviada o pasado 10 de xuño e que lle volveu a reiterar o 3 de setembro.

O que supón que leva tres meses sen resposta a pesar de trasladarlle a urxencia da mesma. O rexedor nas distintas cartas lle trasladaba á conselleira que está a incumprir o convenio asinado co Concello de Foz, no que o Consorcio de Igualdade e Benestar se comprometía a ceder a propiedade do edificio e mobiliario da residencia e centro de día de Foz. E a día de hoxe segue sen ningún tipo de resposta.

O modelo de xestión é un modelo herdado do Partido Popular e que non foi posible cambiar en xaneiro do 2023 cando vencía o anterior convenio. A problemática das tarifas deriva dos compromisos adquiridos polo anterior alcalde, o Señor Castiñeira, en 2017 coa Xunta de Galicia. Todas e todos os veciños de Foz están a facer un esforzo moi importante con fondos enteiramente municipais para suplementar os prezos do anterior contrato e pagar as prazas das 40 persoas residentes. Estamos a falar de 370.000 euros anuais, cando se trata dunha competencia autonómica.

A obrigada xestión municipal da residencia e centro de día de Foz está provocando un sobre esforzo económico e de xestión ao Concello e un trato





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 13:10:11
Nº Rexistro: 13282
Data envío: 14/10/2024 13:10:11.584

discriminatorio ás persoas usuarias con respecto ás residencias que xestiona directamente a Xunta de Galicia. Tendo a Xunta de Galicia competencias exclusivas en materia de asistencia social segundo o artigo 27.23 do Estatuto de Galicia e non recibindo ningún fondo para este fin o Concello de Foz como é obrigado para unha competencia impropia, vense na obriga de dispoñer con fondos propios municipais axudas de emerxencia para o sostemento daquelas persoas que non dispoñendo de recursos económicos nin familiares que cumpran as súas obrigas de manutención necesitan deste servizo. É necesario abordar este asunto dunha maneira clara, directa e propositiva.

A conselleira non so debe escoitar ás veciñas e veciños de Foz, na figura do seu alcalde, senón que ten que atender as súas peticións para darlle resposta e solucións.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten previsto a conselleira de Política Social recibir e atender as peticións que lle ten trasladado o alcalde de Foz?

Santiago de Compostela, 14 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/10/2024 13:07:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46054

@PSdeG



CSV: BGRISJTRDQ3R1E182pMY7-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2024 13:10:11
Nº Rexistro: 13282
Data envío: 14/10/2024 13:10:11.584

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2024 13:07:46

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2024 13:07:55

CSV: BGRISIRBQ3RIB2pMY7-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

46055

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á Manifestación de Interese sobre os nós de Galiza destinados a realizar poxas de capacidade de xeración de acceso á rede, desenvolto polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2024, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), co obxectivo declarado de incrementar o coñecemento da Administración sobre as demandas de acceso e o detalle dos proxectos interesados en cada nó para acadar un maior éxito nos concursos de proxectos de renovables e almacenamento, procedeu á apertura dunha Manifestación de Interese (MdI) sobre os nós destinados a realizar concursos de capacidade de xeración de acceso á rede, trámite cuxo prazo remataba o 12 de abril.

Os nós seleccionados representaron un terzo dos totais do Estado, todos eles situados nas comunidades autónomas peninsulares, presentando Andalucía, Extremadura, Euskadi, Murcia e A Ríoxa máis da metade dos seus nós incluídos, mentres que no caso de Galiza foi o 32 %, 18 dos 57 da súa zona, cun ao 100% e outro ao 0%, cunha ocupación nodal media do 25%, lixeiramente superior á de Extremadura (22%) e moi por debaixo do 64% de Murcia, e cun capacidade total de 18,7 GW (308,3 GW do conxunto). Sinalar que no caso de Castela e León (Herrera 400 kV) e Valencia (Eliana 400 kV e La Plana 400 kV) foron incluídos na MdI 3 nodos sen capacidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concurable, situación na que está o nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, segundo REE.

A MdI procuraba información sobre a demanda de cada un dos nós, a preferencia de conexión na rede de transporte ou distribución, o tipo de tecnoloxía e a intención de hibridación dos proxectos, novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e sobre a súa tipoloxía (autoconsumo, I+D+i,...)

Por outra banda, no marco dun necesario incremento da electrificación industrial e do desenvolvemento de novas actividades como a produción de hidróxeno mediante electrolizadores e a carga de vehículos eléctricos, REE publicou a principios de setembro unha lista de 17 nós (17,2 GW) para convocar as primeiras poxas de acceso á rede para a demanda, fundamentalmente a asociada a grandes proxectos industriais. Os nós están situados en Andalucía (6; 7,2 GW), Aragón (5; 3,5 GW), Castela e León (1; 0,8 GW), Castela-A Mancha (2; 4,2 GW), Catalunya (1; 0,1 GW), Madrid (1; 0,9 GW) e Valencia (1; 0,5 GW), dos cales 6 non estaban reservados para concurso (Cristóbal Colón 220 kV en Andalucía; Ave Zaragoza 220 kV, Montetorrero 220 kV, Praza II 220 kV, Villanueva del Gállego 220 kV en Aragón; El Serrallo 220 kV en Valencia), 1 (Franco 220 kV en Catalunya) non tiña posibilidade de conexión, e outro (Barcina 400 kV en Castela e León) é un nó de Transición Xusta, segundo a información de REE, aínda que non figura no Anexo do Real Decreto 23/2020. O resto dos nós tamén apareceron na MdI do MITECO.

Dada a importancia socioeconómica dos concursos de acceso á rede da demanda asociada aos grandes proxectos industriais, ademais de asignar de forma eficiente a limitada capacidade da rede e garantir a integración de novas demandas, xunto cos da capacidade de acceso de evacuación, especialmente a derivada dos peches de centrais térmicas de carbón, para o xa avanzado no tempo e aínda sen resultados concretos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de *transición xusta*, que inclúe, entre outras, as Comarcas de Cerceda e As Pontes en Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta que a información, actualizada e en tempo real, relativa á xestión e situación dos nós de acceso e conexión situados en Galiza é fulcral para desenvolver unha planificación enerxética óptima por parte da propia Administración? De consideralo, dispón a Xunta da mesma? De non dispoñer da mesma, cales son os motivos e que ten feito a Xunta para demandala?

2. Coñece a Xunta os criterios que se utilizaron para a selección inicial dos nós incluídos na Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Coñece a Xunta por que non se incluíron nela todos os Nós de Transición Xusta, concretamente o de As Pontes 400 kV?

3. Ten información a Xunta sobre cales foron os resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para cada un dos nós de Galiza (Abegondo 220 kV, Frieira 220 kV, Mesón do Vento 400 kV, Parque Eólico do Sil 220 kV, Pazos de Borbén 220 kV, Portodemouros 220 kV, Ponte Bibeí 220 kV, Sabón 220 kV, San Caetano 220 kV, Santo Estevo 220 kV, San Pedro 220 kV, Santiago de Compostela 220 kV, Silleda 400 kV, Sobradelo 220 kV, Trives 220 kV, Velle 220 kV, Vilariño de Conxo 400 kV, e Xove 400 kV), referida aos obxectivos nela establecidos (demanda, preferencia de conexión na rede de transporte ou na de distribución, tipo de tecnoloxía e intención de hibridación, proxectos novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, e tipoloxía dos mesmos - autoconsumo, I+D+i,...-)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Coñece a Xunta se a lista publicada por REE para convocar os primeiros concursos de acceso á rede por parte da demanda está relacionada cos resultados da Manifestación de Interese realizada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico? Ten información a Xunta como se xustifica a exclusión dos nós situados en Galiza na citada lista?

5. Ten constancia a Xunta de que empresa ou empresas son concesionarias de capacidade no Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV ou afectadas por el -indíquese-, en que cantidade, para que plantas de produción de enerxía eléctrica, desde que data, e en que procedemento e normativa? ? No caso de perda do citado dereito, ten información a Xunta sobre a posibilidade de liberar para concurso a capacidade no citado nó? Ten información a Xunta sobre do cumprimento do disposto no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica? De ser así, coñece a Xunta cales foron os motivos da súa non aplicación?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Ramón Fernández Alfonzo
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 13:31:47

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 13:37:27

Ramón Fernández Alfonso na data 14/10/2024 13:38:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao parque eólico Tesouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOE do 07 de febreiro de 2023, o MITECO facía pública a Resolución da súa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, segundo proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, pola que formulaba declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Tesouro, de 60 MW, e da súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos da Capela e As Pontes, na que se establecían condicións ambientais, incluídas as medidas preventivas, correctoras e compensatorias, a contemplar no desenvolvemento do proxecto “para unha adecuada protección do medio ambiente e os recursos naturais”.

Entre os departamentos da Xunta consultados que contestaron figuraban a D.X. de Gandería, Agricultura e Industria Agroalimentaria, D.X. de Saúde Pública, D.X. de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, D.X. Emerxencias e Interior, D.X. de Patrimonio Cultural, Servizo de Planificación e Innovación da Axencia Galega de Infraestruturas, D.X. de Patrimonio Natural, e Augas de Galiza; porén, os dous últimos, manifestaran inicialmente que non procedía a emisión de informe xa que parte das instalacións estaban fóra das áreas incluídas no desfasado Plan Sectorial Eólico e da lei 8/2009 que regula o aproveitamento eólico de Galiza, posición corrixida máis tarde polo Consello da Xunta ao aprobar a excepcionalidade do parque por considerar que ten “un claro impacto territorial pola súa entidade económica e social, e unha función





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertebradora e estruturante do territorio”. Entre os consultados pero que non contestaron estaban a D.X. de Calidade Ambiental e o Concello das Pontes.

O estudo ambiental presentado pola promotora, a respecto da xeoloxía dos terreos para a instalación do parque, afirmaba que “localízase principalmente sobre rochas graníticos ... e sobre ... Filitas negras e Cuarcitas e cuarzoeskistos ...”, mentres que a liña de evacuación “atraves a terreos de capas detríticas, area e arxila, pertencentes ao Cuaternario.” Mais o texto tamén fai referencia a que “cómpre salientar que boa parte do PE Tesouro atópase nunha antiga Escombeira pertencente á Central das Pontes”, pero para subliñar o seu carácter antropizado e, polo tanto, o baixo impacto do proxecto.

Pola contra, ningunha das administracións públicas que participaron ou deberon participar no expediente ambiental e no posterior administrativo de autorizacións, foi quen de evidenciar a realidade do sitio elixido para o parque; toda a documentación existente sobre da Escombeira quedou agochada, dende a regulamentaria (Estudo de Impacto Ambiental da Restauración de 1983, Plan de Restauración de 1985, e posteriores documentos de seguimento e estado final) até a académica ou científica, nomeadamente da UdC e da USC, dirixidas/coordinadas polo profesor Felipe Macías Vázquez (p. ex. Procesos de Oxidación da Piritita en Medios Superficiais: Potencial Acidificante e Interese para a Recuperación de Solos Mineiros; Caracterización dos Solos da Escombeira da Mina das Pontes en Proceso de Restauración Ambiental; Composición da Disolución do Solo da Escombeira da Mina das Pontes no Proceso de Restauración Ambiental), e tamén os artigos escritos por Aníbal Gil Bueno, responsábel dos traballos de rehabilitación (A Escombeira Exterior da Mina das Pontes: Un Ecosistema Rico e Diverso en Permanente Transformación; A Escombeira e o Lago da Mina das Pontes: un Patrimonio Mineiro en Permanente Evolución Susceptíbel de Usos Sociais; Herbario da Escombeira da Mina das Pontes), pasando polos de divulgación editados por Endesa (Vida sobre Estéril. A Rehabilitación da Escombeira Exterior da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mina das Pontes; Os Moradores da Escombreira. A Fauna de Vertebrados da Escombreira Exterior da Mina de Endesa nas Pontes).

Na meritada documentación descríbese e analízase a fondo o proceso da Escombreira na que depositouse, durante anos, materiais de diverso tipo e procedencia, entre eles o estéril extraído da mina xunto co carbón e cinzas producidas na Central Térmica; ditos materiais teñen unha capacidade de acidificación ao exporse aos elementos que condicionou a planificación e execución de todo o depósito, cuns criterios de selección e da súa correcta localización na Escombreira, como primeiro e imprescindible paso no proceso de rehabilitación, ademais doutras actuacións realizadas para garantir a súa estabilidade, controlar as augas e evitar a erosión. A materia carbonosa, nomeadamente as piritas asociadas a ela, son as que dan acidez a estes materiais, polo que cando permanecen na superficie teñen que ser rapidamente confinados por outros materiais para evitar que se inicien procesos oxidativos, que afectarían moi negativamente ás augas e impediría o establecemento de vexetación ou, o que é máis habitual, elimina a xa establecido. Ademais, favorece a formación de drenaxes ácidas que contaminan tanto as augas superficiais como as subterráneas.

De levarse a cabo o proxecto do parque eólico Tesouro, con aeroxeradores de 7,2 MW, quedaría exposto aos elementos un volume moi importante de material carbonoso que agora está confinado, o que levaría á reactivación do proceso que sempre se tivo que evitar: material carbonoso en superficie e xeración de augas superácidas. Actualmente, pódese afirmar que a Escombreira é un ecosistema que tende á naturalidade pola súa dinámica evolutiva, mais esta aparente madurez é sumamente fráxil e iso maniféstase na resposta que dá ante calquera alteración, por pequena que sexa. A execución do parque provocaría impactos negativos practicamente irreversíbeis ao afectar, de xeito moi importante, a todo o ecosistema e, especialmente, ás augas, que descargan no Lago, que tamén se vería afectado no seu conxunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal ou cales foron os motivos ou causas da non resposta da D.X. de Calidade Ambiental á consulta do MITECO no procedemento de avaliación ambiental do parque eólico Tesouro?
2. Considera a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático que o procedemento ambiental foi rigoroso e acaído á realidade da Escombreira exterior da Mina das Pontes?
3. Considera a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático que a execución na Escombreira exterior da Mina das Pontes dun parque eólico con 7 aeroxeradores de 7,2 MW de potencia individual, os de maior tamaño e potencia non instalados na actualidade no Estado, xunto co resto de infraestruturas, é compatíbel protección do medio ambiente e os recursos naturais? Considera acaídas e suficientes as medidas preventivas, correctoras e compensatorias, a contemplar no desenvolvemento do proxecto, establecidas na súa D.I.A.?
4. Cal é a opinión da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre o contido e conclusións do informe sobre do proxecto que se achega? Comparte a conclusión sobre dos impactos negativos practicamente irreversíbeis ao afectar, de xeito moi importante, a todo o ecosistema e, especialmente, ás augas, que descargan no Lago, que tamén se vería afectado no seu conxunto?
5. Coñece a Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático as limitacións e afeccións que derivan da execución do parque eólico Tesouro no posíbel uso futuro dos terreos da Central Térmica de Endesa como superficie industrial? Cal é a súa valoración?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 16:02:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 16:02:17

Luis Bará Torres na data 14/10/2024 16:02:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á concesión de auga para a Transición Xusta nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da auga depende dos límites territoriais das bacías dos ríos, diferenciando entre as inter-comunitarias ou que afectan a varias Comunidades e/ou a outros Estados, xestionadas polas Confederacións Hidrolóxicas, e as intra-comunitarias ou situadas na súa totalidade dentro dunha Comunidade Autónoma e que, polo tanto, son competencia da mesma; no caso de Galiza, as bacías agrúpanse na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, xestionada por Augas de Galiza, que asume a administración hidráulica galega e desenvolve todas as súas competencias, reflectidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galiza, entre elas a xestión dos usos e aproveitamentos hidráulicos.

A Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa divídese en 19 zonas ou sistemas de explotación (SE), cada un deles cun río principal e o seu conxunto de afluentes; o SE 13 é o denominado como “Río Eume e Ría de Ares”.

Doutra banda, o Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación dos parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e que responde ao proceso de cesamento da actividade das centrais de xeración térmica, modificou o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, ao introducir a disposición adicional décimo sexta (Concesións de Auga para Transición Xusta), que establece que *“Cando se extinga unha concesión ... por peche de instalacións de carbón ou de enerxía térmica termonuclear, poderá acordarse o outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga a novas iniciativas e proxectos no ámbito xeográfico onde se atopaba a instalación ... para a que ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais ... Para estes efectos, os usos das augas previstos en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, no seu defecto, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, con excepción do aproveitamento para abastecer á poboación, que sempre será unha prioridade”*. O texto está en vigor dende o 24 de novembro de 2019, e o *“mantemento do acceso ao recurso hídrico”* en virtude da citada modificación reflíctese como unha *“Oportunidade”* no documento de *“Caracterización e Diagnóstico”* do Convenio de Transición Xusta das Pontes elaborado polo Instituto de Transición Xusta en novembro de 2021.

O 19 de agosto de 2023 publicouse no BOE a Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxía e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que autoriza a Endesa Generación S.A., ao peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes.

O informe de Augas de Galiza no procedemento ambiental da DIA do proxecto para o desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes, afirma que *“Consultado o Libro de Rexistro, e salvo erro ou omisión, figura na zona de actuación unha inscrición do código E-1262A-C, a nome do titular da instalación, resultante de cambio de titularidade da matrícula E-1262-C, a nome de EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO S.A., a favor de EMPRESA NACIONAL DE ELECTRICIDAD S.A., referíndose a un QMI de 2.560 l/s para refrixeración, alimentación de caldeiras e usos complementarios da planta térmica”*. Tamén lembra o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

meritado informe que “O artigo 161.1 do RDPH establece que as concesións poderán ser declaradas caducadas polo incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos previstos nel. Ademais, segundo o artigo 162.1, as concesións extinguíranse por vencemento do prazo, por caducidade, expropiación forzosa ou renuncia do concesionario. O proxecto de desmantelamento da UPT das Pontes supón unha modificación da condicións esenciais das citadas concesións outorgadas ao promotor, polo tanto, de acordo cos citados preceptos, poderán ser iniciados, de oficio ou por instancia de parte, os correspondentes expedientes de extinción das citadas concesións que se tramitarán de conformidade cos artigos 163 e seguintes do RDPH”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é o estado da concesión de auga do río Eume para a central termoeléctrica das Pontes (E-126A-C)?

-Ten a Xunta un estudo sobre os recursos hídricos do río Eume e do lago das Pontes, en canto aos posibles usos industriais do auga?

-Cantas concesións de auga hai agora mesmo solicitadas, e concedidas no concello das Pontes?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Ramón Fernández Alfonzo

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2024 16:41:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2024 16:41:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2024 16:42:00

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2024 16:42:16





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 13339
Data envío: 14/10/2024 18:52:46,239

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Goberno galego leva unha década desatendendo a situación das diferentes rías que bañan o territorio, motivo polo cal foron numerosos os expedientes sancionadores iniciados pola UE.

Este desleixo faise patente na necesidade de construír infraestruturas de depuración como son as estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), que transformen as augas residuais provenientes dos núcleos urbanos nunha auga de boa calidade para devolver ás rías.

En resposta a esta inactividade algúns concellos asumiron ese custo como no caso de Vigo, a través de financiamento externo (estatal e europeo), ou solicitaron ao Estado a declaración de zona de interese xeral para que así se puiden financiar. Este é o caso de Santiago de Compostela, Ribeira mediante a asignación dun convenio con ACUAES que asumiu a maior parte do custo.

O Concello da Illa de Arousa tras anos de peticións ao Goberno galego do PP de colaboración para adaptar a súa depuradora do ano 2003 á normativa europea sen atopar resposta, viu como no ano 2018 o Estado declaraba de interese xeral a construción dunha nova depuradora no lugar de Niño do Corvo, concello da Illa de Arousa.





En consecuencia, aprobouse un proxecto de EDAR cuxo custo é de 8 millóns de €, a financiar o 80 % polo Estado e o 20 % polo Concello sen que o Goberno galego contribúa en nada a esta obra a pesares do compromiso que adquiriu de participar no financiamento de grandes estruturas hidráulicas executadas polo Goberno central.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que para o concello de Arousa este investimento supón un gran esforzo e dado o interese xeral desta obra o Goberno galego ten que colaborar na súa execución mediante a sinatura dun convenio co concello e con ACUAES, que inclúa non só a depuradora senón tamén un proxecto de mellora e ampliación do saneamento.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego colaborar economicamente coa execución da nova depuradora de Niño de Corvo, así como coa mellora e ampliación do saneamento deste concello?
2. Como xustifica o Goberno galego o trato discriminatorio á Illa de Arousa, en relación a outros concellos como Santiago de Compostela ou Ribeira?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/10/2024 18:47:43

Carlos López Font na data 14/10/2024 18:47:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a levar a cabo polo Goberno galego para evitar que siga medrando o número de vertidos ás rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación produtiva das rías galegas vén sendo preocupante dende hai anos, mais nos últimos o empeoramento de todos os datos referidos á escaseza de moitos dos recursos pesqueiros e marisqueiros, á diminución alarmante de capturas e á perda importante de empregos no sector deberan ser motivo prioritario da acción política do Goberno galego, dada a magnitude económica e social que representa a actividade do mar no conxunto do país e, nomeadamente, en comarcas enteiras onde, directa e indirectamente, é a súa principal fonte de ingresos e de postos de traballo.

No entanto, a Xunta de Galiza responsabiliza habitualmente a todo tipo de factores externos desa situación, sen chegar a recoñecer que cómpren actuacións decididas que están na súa man e, o que é peor, sen levalas a cabo.

É o caso de todo o que ten a ver coa incidencia de todo tipo de vertidos na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira que se desenvolve nelas, sendo os propios datos oficiais os que certifican que apenas hai avances a este respecto e indicando que os vertidos ás rías galegas no 2023 sumaron un total de 1.915 e medraron en 194 respecto do 2022, é decir, un 11%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deses case 2.000 vertidos, 214 eran contaminantes e outros 28 estaban en investigación e, tanto nos vertidos en xeral como nos contaminantes, a ría de Arousa encabeza a clasificación.

En definitiva, despois de que distintos responsábeis do Goberno galego leven anos facendo anuncios sobre múltiples actuacións en infraestruturas de saneamento que nunca chegan ou sobre a intensificación da vixilancia e dos controis dos vertidos ás rías vemos como os vertidos non son quen de reducilos e de protexer rigorosamente a un medio especialmente sensíbel e ás persoas que viven del..

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego da calidade das augas e dos datos de vertidos ás rías galegas?
- . Á vista do incremento do número de vertidos, considera que as súas actuacións de inspección, vixilancia e control son as suficientes?
- . Que medidas está a levar a cabo para reducir eses vertidos nun medio tan sensíbel e do que viven miles de persoas no noso país?
- . A que atribúe que o número de vertidos ás rías medre cada ano?
- . Que valoración fai da súa propia actuación diante das numerosas queixas e denuncias que se producen cada ano relativas a vertidos nas rías?
- . De cara ao 2025, vai acrecentar as partidas orzamentarias destinadas a completar o saneamento das rías galegas? De ser así, en que cantidade?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:37:06

Luis Bará Torres na data 15/10/2024 09:44:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para axilizar e mellorar a execución dos fondos europeos da pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Consello de Contas de finais de setembro pasado, que analiza a execución dos distintos fondos europeos no ano 2022 por parte da Xunta de Galiza vén de reiterar os nefastos datos que xa se foran facendo públicos nos últimos anos a respecto, nomeadamente do que atinxe á execución dos fondos FEMP e FEMPA.

Así, o informe anual de indicadores de 2022 de hai xa case un ano, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), reflexa que o grao de execución do FEMP no caso de Galiza foi do 46,12%, a última de todas as Comunidades na execución deses fondos para o período 2014-20, moi por detrás do resto e incluso da media do Estado (57,08%).

Agora, o Consello de Contas incrementa levemente esa porcentaxe para o mesmo ano 2022 ata o 47,73%, tamén por detrás do grao de execución doutras consellarías mais na tónica xeral do conxunto que é do 47,3%, e indica que isto provoca que as axudas non cheguen “de maneira efectiva á economía real”, que é precisamente do que se trata.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un baixo nivel de execución que non se pode considerar aceptábel e que xa dera lugar no ano 2021 á creación por parte da Consellaría de Mar dunha nova Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do FEMP, de dependencia directa do conselleiro (Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellaría de Mar, publicado no DOG do 26 de marzo do conselleiro). Ademais disto, tamén co obxecto de contribuír a aproveitar os fondos, neste mes de setembro véñse de adjudicar o contrato para a creación dunha rede de 7 oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA, que xa levan sendo anunciadas dende o ano 2022.

Tendo en conta que:

. O Programa Operativo do novo FEMPA para o período 2021-27 recolle un ‘mecanismo de flexibilidade’ que contempla que os fondos que as Comunidades Autónomas poñan en risco de perda, polo seu retraso na execución, poden ser utilizados por outras.

. As inmensas necesidades que existen a día de hoxe no sector do mar no noso país, onde se está a vivir unha crise sen precedentes.

. Dentro dos fondos FEMP 2014-20 aínda se puideron continuar executando investimentos ata 2023.

. O informe do Consello de Contas encádrase no novo marco financeiro europeo 2021-27, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento.

Cómpre tomar todas as medidas necesarias para evitar que se perdan fondos europeos e non acaben chegando ao seu destinatario final, o sector, que é a quen van destinados e quen máis os necesita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, a Xunta de Galiza debe impulsar decididamente as recomendacións do Consello, sen prexuízo doutras que considere, para garantir o aproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento do sector do mar galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da súa execución dos fondos FEMP 2014-20, incluída a dos investimentos ata o 2023?

. Do total dos máis de 371 millóns de euros que lle corresponderon a Galiza nese período, cantos se executaron?

. Que valoración fai do informe de fiscalización deses fondos correspondente ao ano 2022 realizado recentemente polo Consello de Contas e das súas conclusións? Vai adoptar as medidas necesarias para cumprir coas recomendacións do mesmo? De ser así, cales nomeadamente?

. Cal foi o grao de execución dos fondos no 2023?

. Que valoración fai do funcionamento e actuación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación? Dende a súa posta en marcha mellorou o aproveitamento dos fondos? De ser así, con que actuacións concretas? Vai dar conta de xeito inmediato no Parlamento galego da súa actividade dende a súa creación?

. Dende o seu anuncio no ano 2022, por que aínda non comezaron a funcionar as oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA? Cando van comezar a súa actividade? Cal é o plan de traballo que van desenvolver nos próximos dous anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai dar conta e informar periodicamente aos Grupos parlamentares do Parlamento galego da avaliación que fai o Goberno das dificultades na xestión dos fondos?

. Vai facilitarlles unha memoria anual dos proxectos que se financian e do grao de execución anual dos fondos e das distintas prioridades establecidas no Programa Operativo do FEMPA?

. Dada a situación crítica do sector do mar galego, vai impulsar especialmente e axilizar os proxectos destinados ao fomento da pesca sostíbel e recuperación dos recursos, nomeadamente na investigación, na aplicación de plans de xestión e en medidas a paliar a escasa remuda xeracional?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2024 09:58:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 15/10/2024 09:58:22

Daniel Castro García na data 15/10/2024 09:58:35

Daniel Pérez López na data 15/10/2024 09:58:51

Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2024 09:59:04





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

CRUE deu a coñecer o 1 de outubro a proposta do seu grupo de traballo sobre Acceso e Admisión á universidade que senta as bases para a harmonización das PAU na próxima convocatoria de xuño, de acceso ao curso 2025-2026. O documento suxire celebrar a PAU deste curso ao longo da primeira semana de xuño, preferentemente os días 3, 4 e 5 en todas as comunidades autónomas.

Esta proposta abre a senda de homoxeneización na que se poderá profundar en sucesivas convocatorias e dá prioridade ao criterio das comisións das probas en cada comunidade autónoma, ás que corresponde adaptar os exames aos contidos cursados polo estudante e prescritos no Real decreto 243/2022 polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos do Bacharelato.

Ademais, expón unha transición progresiva cara ao novo sistema que permita ao estudantado a súa adaptación gradual ao mesmo, modulando a posibilidade de preguntas opcionais, establecendo a porcentaxe mínima de preguntas competencias, só o 30 % poderán ser de tipo test, e fixando de maneira xeral a forma de avaliar as faltas de ortografía e redacción.

Pero CRUE sinalou que este acordo básico formúlase coa suficiente flexibilidade como para que cada comunidade autónoma poida determinar cantos días durará a proba e como se distribuirán dentro dela os distintos exames, así como establecer un calendario diferente nalgúns comunidades que teñen distintas datas de finalización do Bacharelato, como poden ser as





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:23:22
Nº Rexistro: 13374
Data envío: 15/10/2024 11:23:22.814

probas de recuperación en setembro. O grupo de traballo sobre Acceso e Admisión, que realizou o documento durante os últimos catro meses, chegou aos acordos tendentes á homoxeneización da proba de acceso á Universidade en todo o territorio nacional, e realizouse nun estrito marco universitario e desde a máis absoluta independencia.

Este acordo CRUE universidades españolas é o camiño a seguir, en contraposición co acordo asinado polas comunidades gobernadas polo PP de celebrar a PAU nunha mesma data e proba única, que só afectaba a algúns territorios do estado e que a xuízo dos técnicos, e mesmo dos propios asinantes, resultaba pouco viable, difícil de aplicar e pouco conveniente para o estudantado. O mesmo Partido Popular constata que non pode facer a mesma selectividade nas comunidades onde goberna xa que para unificar a proba tería que simplificar os temarios, o que choca co seu discurso de que hai que aumentar a esixencia do exame

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Ciencias, Universidades e FP do documento do grupo de traballo sobre acceso e admisión á universidade como directrices para as PAU 2025?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:13:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46081

@PSdeG



CSV: BGRISURDGHUB100.YY143
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:23:22
Nº Rexistro: 13374
Data envío: 15/10/2024 11:23:22.814

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:13:45

CSV: BGRISJTBG3HUB3QYY143
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46082

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No centro IES Agra de Leborís da Laracha, que dispón de tres liñas en ESO, estanse a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais nas ratios asignadas por la Consellería de Educación para o próximo curso, nos cursos de 1º se alcanza, en algún grupo, o numero de 33 alumnos por aula, que non se cumpre as ratios acordadas no acordo cos representantes dos traballadores.

Debería estar previsto a incorporación de novo profesorado para axustar estas ratios o curso comezou e non está previsto que se cumpra o acordo. Ademais, a redución de horas lectivas do profesorado non se compensan con novo profesorado, afectando aos apoios educativos e as gardas, provocando a sobrecarga do profesorado.

Ante a falta de resposta da Consellería estanse a producir protestas dos pais e nais como consecuencia da masificación tanto na ESO coma de Bacharelato.

Denuncian ademais que o tamaño das clases non cumpre coa normativa, afectando á calidade da docencia. Este efecto é mais significativo no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, case cen, que este curso solo teñen un especialista en Pedagogía Terapéutica (PT), menos que o curso pasado, e ademais forma parte da Dirección.

Pero as reducións e a falta de profesorado son a causa de que materias troncais e optativas como Latín, Grego e Física son impartidas en modalidade on line dende a biblioteca, por falta de profesorado no centro. Esta situación ten





consecuencias directas na calidade da formación recibida polas alumnas e alumnos e no seu futuro académico.

Incúmprese o acordo sindical que, como manifestou o conselleiro na súa Comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e non se dota do profesorado necesario para impartir as materias das distintas opcións de ESO e Bacharelato

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a dar cumprimento inmediato no IES Agras de Leborís de Laracha do acordo sindical en todos os cursos e unidades do centro, dotar do profesorado necesario para que todas as materias sexan impartidas en formato presencial así como do profesorado PT necesario?

Santiago de Compostela, 14 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:16:35

Patricia Iglesias Rey na data 15/10/2024 11:16:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:24:30
Nº Rexistro: 13381
Data envío: 15/10/2024 11:24:30,235

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:16:53

CSV: B6P5T8D6GJRWE6LHY63
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46085

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En este inicio do curso 2024-2025 nos centros de Cerceda atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa que están sendo denunciados polos representantes das ANPA, os equipos directivos e Concello e grupos municipais quen o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, se non tamén na carga do profesorado.

As deficiencias detectadas son:

No CPI O Cruce existen dúas prazas de profesorado, unha de orientador e outra de profesor de lingua española que non están cubertas por que o profesorado está neste momento en comisión de servizo noutros centros pero non enviaron outro persoal a cubrilas, a pesar de que a Consellería indicou que se cubrirían de oficio. Este curso reducíronse as dotacións de profesorado especialista AL, en concreto un a media xornada menos, mentres o número de alumnos con NEAE aumentaron respecto ao curso pasado. Tamén teñen o profesorado de Lingua Española a media xornada, o que é insuficiente.





Ademais seguen solicitando un coidador máis xa que o único que teñen é insuficiente.

O CEIP Celso Emilio Ferreiro comparten orientadora co colexio de Tordoia, no cal ten xornada completa e comparten medio AL co CPI O Cruce, sendo insuficiente nos dous colexios.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso dos centros do concello de Cerceda, unha dotación insuficiente de profesorado, e sobre todo de especialistas AL, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións. Isto é inadmisíbel xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como estima a Xunta de Galicia que pode afectar a calidade de un centro como o CIP O Cruce que non se cubran as pazas valeiras por comisións de servizos?
2. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia que mentres aumenta o número de alumnos con NAEA en linguaxe se reduzan a dotación de especialistas AL nos centros, como sucede no CPI o Cruce?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:25:32
Nº Rexistro: 13386
Data envío: 15/10/2024 11:25:32.406

3. Considera a Xunta de Galicia que é posible manter a calidade educativa nun centro no que se reduce o profesorado, como sucede non centros de Cerceda?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:18:58

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:19:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46088

@PSdeG



CSV: B0PIS0T8D3aF8Bz8vY1q3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega, afectando na maioría dos casos a redución de efectivos de profesorado especialista en PT e AL e de coidadores para os alumnos con NEAE, ademais da non realización dos desdobres necesarios outro non dotación de profesorado. Esta incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan a falta de compromiso e de responsabilidade da Consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de “deixamento absoluto” cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Este é o caso do IES Agra do Orzan de A Coruña que está reclamando insistentemente a dotación de dúas prazas de especialista en Pedagogía Terapéutica, imprescindible para a tendes ao alumnado con NEAE escolarizado no centro. A negativa da Consellería a dotar a este profesorado está a causar malestar na comunidade educativa que iniciou un calendario de mobilizacións e protestas públicas denunciando a situación do centro.





O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo casos como IES Agra do Orzan da Coruña onde existe unha dotación insuficiente de profesorado especialista PT, que son fundamentais.

A Consellería de Educación di estar avaliando os datos para organizar e asinar os recursos en función das matrículas dos centros. Isto é inadmisíble xa que se realiza tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia que mentres aumenta o número de alumnos con NEAE non se doten suficientemente os especialistas PT e AL nos centros, como sucede no CPI Agra do Orzan da Coruña?
2. Considera a Xunta que é posíbel manter a calidade educativa nun centro sen a dotación adecuada de o profesorado axustado as características do centro e do estudantado?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 11:21:31





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 11:26:41
Nº Rexistro: 13391
Data envío: 15/10/2024 11:26:41.155

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 11:21:39

CSV: B6PIS7B9GxL1B7Xp8463
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46091

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impulso á construción dun instituto de educación secundaria en Barbadás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Barbadás é un dos concellos de Galiza que máis incremento a súa poboación nos últimos anos, sendo dos poucos da provincia de Ourense nos que a poboación lonxe de diminuír aumentou notablemente. Así, afastándose da tendencia da meirande parte dos concellos ourensáns, Barbadás pasou dos 6.862 habitantes do ano 2000 aos máis de 11.140 do 2023, atopándose boa parte deles en idade de cursas estudos e educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Máis de 1.000 persoas empadroadas no concello de Barbadás están na franxa de idade correspondente aos estudos de ESO e bacharelato.

O certo é que a día de hoxe o concello de Barbadás non conta con instituto, nin tampouco existe proxecto que permita intuír a súa próxima construción. Isto malia as numerosas promesas que comprometían a construción, nalgúns casos de xeito inminente, de tan demandada infraestrutura educativa.

No ano 2009 o daquela Conselleiro de Educación do Partido Popular, D. Jesús Vázquez, co alcalde, tamén do PP, Sr. Freire Couto, e visita realizada ao concello de Barbadás, manifestou que as obras de construción do IES de Barbadás comezarían ese mesmo ano e que no primeiro semestre tería lugar o acto de colación da primeira pedra. Malia o tempo transcorrido non se produciu a construción do instituto, nin sequera a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colocación primeira pedra ou a manifestación de intencións que sería a inclusión do proxecto nos orzamentos da Xunta. Unicamente en exercicios da VII lexislatura a Xunta de Galiza incluíu nos seus orzamentos partidas destinadas á creación do IES de Barbadás, ficando nunha mera previsión por mor do cambio de goberno e malia as promesas e anuncios antes referidos realizados polo responsable do goberno entrante.

En sentido contrario ao seguido pola Xunta de Galiza, tanto os Plenos da Deputación como o do Concello de Barbadás aprobaron por unanimidade sendas iniciativas do BNG en demanda da construción do referido centro educativo.

A carencia de tan necesaria, demandada e comprometida infraestrutura educativa limita as posibilidades formativas da mocidade de Barbadás obrigando a moitas familias a trasladar ao seus fillos ao concello de Ourense para poder continuar cos seus estudos obrigatorios ou de bacharelato.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Entende a Xunta de Galiza que Barbadás que a poboación en idade escolar de Barbadás, así como a evolución crecente da mesma, precisa da creación dun IES no concello?

Cantos concellos galegos de máis de 10.000 habitantes carecen de instituto?

Cal é a razón pola que a Xunta desistiu da construción do instituto, previsto polo goberno PSOE-BNG e posteriormente comprometido polo daquela conselleiro, Sr. Vázquez Abad?

Que xestións realizou a Xunta de Galiza na última década para a construción do referido instituto en Barbadás?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera aptos para a construción do instituto os terreos postos a disposición polo Concello?

Que previsións manexa a Xunta de Galiza para a futura construción do IES en Barbadás?

En concreto, ten prevista a inclusión de partida específicas nos orzamentos de 2025 para a construción do IES de Barbadás?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2024 12:22:43

Cristina Fernández Davila na data 15/10/2024 12:22:58

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2024 12:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de reforzar a plantilla de especialistas nos Equipos de Orientación para cubrir as necesidades do alumnado NEAE que precisan os centros galegos que o están a demandar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación está a provocar que este inicio de curso sexa aínda máis duro que calquera dos últimos quince. A precarización laboral e os recortes no ensino volven caír como unha maza no alumnado, pero sobre todo naquel máis vulnerable e necesitado de apoios e reforzos, o alumnado NEAE.

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Polo tanto é un dereito que ten o alumnado NEAE que a administración educativa garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de profesorado de reforzo e especialistas concretos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiras/os da súa clase.

Son alumnas e alumnos matriculados en distintos centros, etapas e niveis que teñen un denominador común: todas elas e eles están diagnosticados, con informes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

médicos e tamén con informes do Orientador/a do propio Centro escolar que permiten deducir que este alumnado, máis vulnerable, precisa duns apoios concretos e cuantificados de especialistas en Pedagogía Terapéutica (algúns deles/as de xeito preferente), Audición e Linguaxe, ou inclusive necesidade de apoios por parte de Auxiliares Coidadoras/es, para poder avanzar tanto a nivel persoal como educativo.

Hai alumnado cunha gran discapacidade (superior a un 65%), ou que por sí mesmos non son quen de comunicarse e precisan axuda a través de dispositivos electrónicos comunicadores, e as direccións dos centros están a solicitar un PT preferente para cada un deles, pero estes recursos imprescindibles para eles/as son denegados.

Este alumnado, segundo o acordo de hai un ano asinado pola Consellería, debera estar computando por dúas ou tres prazas na súa aula, para controlar así a ratio e dar a posibilidade de que o titor/a poida manexar o grupo e teña tempo para todas e todos. Pero a realidade é que coa súa implantación “progresiva” só se tivo en conta nas aulas de 4º Infantil. O resto de alumnos/as noutros cursos e etapas están sendo discriminados por cuestión de idade a non ter esa mínima ventaxe que foi mal negociada por parte dos asinantes dese vergoñento acordo.

As familias están preocupadas e desesperanzadas xa que miran como as súas fillas e fillos van estar “aparcados” nun centro educativo que non pon os medios materiais nin os recursos de persoal especialista preciso para procurar que avancen este curso escolar.

O BNG xa viña denunciando nos últimos anos a provisionalidade destes postos nos equipos de orientación con contratos interinos, que producían o cambio da persoa de referencia para este alumnado de ano a ano, cos problemas de inseguridade, adaptación, confianza... que tiñan que voltar a xestionar con cada novo curso. Na actualidade aínda é peor esta situación, xa que o alumnado regresa ás súas casas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

frustrados, enfadados e xestionando moi mal estas emocións por non estar ao nivel dos seus compañeiros/as.

Toda a comunidade educativa, que está a manifestarse solidariamente contra esta sabotaxe en todas as comarcas galegas, entende perfectamente que será un ano perdido que, nestas primeiras etapas do ensino, non se volve a recuperar.

Neste contexto, o goberno da Xunta de Galiza, e máis en concreto o Conselleiro de Educación, leva todo o verán neste comezo de curso, como fixo na súa comparecencia no Pleno do Parlamento galego, alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos e máis datos que segundo el, respalda a mellor situación do ensino público nas últimas décadas.

Pero a realidade, segundo demostran todos os casos que levamos defendendo neste Parlamento nos últimos meses, é outra ben diferente. Aulas con ratios máximas e alumnado NEAE entre eles, sen reforzos nas mesmas e sabendo as directivas que o persoal especialista que perden nas súas plantillas merma a calidade educativa do seu centro.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión, se ésta non é efectiva, se non se teñen os recursos precisos para que a atención ao alumnado NEAE non sexa a que cada un e cada unha delas precisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación incorporar os especialistas necesarios para garantir unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado nos centros galegos, sobre todo a aqueles que precisan PT preferentes??
- Vai a Consellaría dotar do material e dispositivos de comunicación necesarios para o alumnado NEAE coa maior dilixencia posible??
- Ten a Consellaría planificado incorporar de xeito estable nos cadros de profesorado e equipos de Orientación dos centros de Galiza, para que sexan un referente para o alumnado NEAE matriculado nos mesmos??
- Vai a aumentar a partida orzamentaria no 2025 para poder asumir este incremento de profesorado e especialistas onde sexa preciso nos centros educativos do País??

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/10/2024 16:41:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 15/10/2024 16:43:00





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

No marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas.”.

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto),





cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (art. 1) ou da valenciana de fins de 2022 (art. 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e redución do uso de combustíbles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafeterías que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego, (hospitais, escolas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 16:58:13
Nº Rexistro: 13452
Data envío: 15/10/2024 16:58:13,275

infantís, colexios, residencias de maiores), se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo de “produto de proximidade”; “produto local”; ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/10/2024 16:49:25

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2024 16:49:35

Paloma Castro Rey na data 15/10/2024 16:49:42

CSV: B6PIS7BDCCKM183MVK4-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46102

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Sergas está a derivar pacientes psiquiátricos menores de 65 anos ás residencias de maiores da Xunta de Galicia, a pesar de que estes centros carecen de persoal especializado, nin médicos nin enfermaría, en enfermidades mentais. Tampouco existen protocolos específicos. A situación é, segundo alertan traballadoras do sector, explosiva.

A convivencia resulta difícil, as instalacións non están adaptadas e carecen de profesionais adecuados para o labor xa que unha residencia de maiores non pode ser alternativa a un hospital psiquiátrico.

Esta situación estalou finalmente na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, unha das maiores residencias de xestión pública da Xunta de Galicia con 284 prazas. O persoal denuncia a situación sustentable pola deterioración das instalacións e o ingreso sen protocolos claros de pacientes psiquiátricos en plantas con anciáns dependentes. A situación, segundo denuncian os traballadores e traballadoras, xa está a provocar conflitos entre residentes e traballadores.

De ningún modo estamos a estigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental, pero debe de ser compatible cos pacientes xeriátricos, que teñen tamén unhas características, necesidades e dependencias diferentes. A chegada de pacientes psiquiátricos ás mesmas plantas, corredores ou



habitacións que anciáns e anciás dependentes con patoloxías propias da idade complica o día a día do centro.

Por tanto, para que esa convivencia sexa posible é necesario que as instalacións sexan adecuadas, pero sobre todo hai que ter protocolos adecuados, débense de impartir aos persoal cursos de aprendizaxe para tratar cos pacientes psiquiátricos e dispor de persoal suficiente para facer fronte á carga de traballo resultante, que non é a mesma para todos os graos de dependencia e debería ser máis alta para os perfís psiquiátricos.

Por contra a Consellería de Política Social limítase a dicir que compaxina a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios remitíndose á creación de unidades psioxeriatricas especializadas, pero que non existen en todas as residencias onde hai enfermos de saúde mental.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros con respecto aos residentes xeriatricos e psioxeriatricos?
2. Dispón a Xunta de Galicia de protocolos de actuación para a atención de enfermos de saúde mental nas residencias xeriatricas?
3. É a dotación de RRHH da Residencia Asistida de maiores de Oleiros suficiente para dar unha atención adecuada aos distintos tipos e características de residentes en función da súa dependencia?

Santiago de Compostela, 15 de outubro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2024 18:26:50
Nº Rexistro: 13459
Data envío: 15/10/2024 18:26:50.191

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/10/2024 18:25:20

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2024 18:25:28

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2024 18:25:36

CSV: BGR1STBDCERHJqB0XnY493
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

46105

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Monserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de falla de profesionais sanitarios e non sanitarios nos centros de saúde de Ribeira e da parroquia de Aguiño, no mesmo concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 15 anos de Goberno, o Partido Popular na Xunta de Galiza dista moito de estar poñendo os medios necesarios para solucionar a situación da Atención Primaria en Galiza, nomeadamente en aspectos como a forte presión que viven os seus profesionais por mor da carga asistencial, a precariedade laboral ou a falla de medios, que continúan a ser impedimento para garantir unha boa atención aos usuarios e usuarias.

Nesta liña, a atención sanitaria que se presta nos centros de saúde do concello de Ribeira non é a acaída dende hai anos, precisamente pola falta de persoal, tanto sanitario como non sanitario.

As reiteradas iniciativas presentadas por este Grupo, tanto no Parlamento como no propio Concello, así como as moitas mobilizacións da cidadanía de Ribeira dan boa conta de anos de precariedade, de queixas e malestar das persoas usuarias pola falta de persoal e, como consecuencia, de agardas inxustificábeis e, en definitiva, dun empeoramento continuado da calidade da atención que xa se ten convertido en crónico.

O centro de saúde de Ribeira atende a unha poboación superior ás 20.000 persoas e debería contar cun total de 14 facultativos, pero na actualidade tan só traballan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10, quedando 4 prazas sen cubrir. Destas catro, dúas non teñen médico/a asignado/a, o que significa que unha persoa cada vez que asiste ao centro de saúde pode ser atendida por un profesional distinto. As outras dúas prazas son vacantes de longa duración -unha delas xubilación- que levan anos sen cubrirse facendo que a atención sanitaria se demore e sobrecargando a outros profesionais.

Tamén existe no Punto de Atención Continuada a falta dun profesional sanitario. A todo isto tamén se lle suma a falta de persoal administrativo e é habitual ver ringleiras de persoas agardando a ser atendidas no posto de administración. Unha situación que non lle é descoñecida á Consellaría e da que o Grupo Parlamentario do BNG xa se fixo eco no Parlamento en diversas iniciativas presentadas dende o ano 2021.

Mais a situación de deterioro que vive a Atención Primaria por mor das políticas aplicadas polo Partido Popular non só afecta ao centro de saúde de Ribeira nese concello. Os recortes e o abandono que sofre a sanidade pública tamén se repiten no caso do centro médico da parroquia de Aguiño onde das dúas prazas de facultativo que existen unha está de baixa e a outra está a piques de se xubilar, sen que a día de hoxe se coñeza se a Consellaría de Sanidade vai cubrir esa praza.

As consecuencias de non cubrir o persoal médico nos centros de saúde provoca demoras na atención de días e mesmo semanas, facendo que as patoloxías dos doentes poidan verse agravadas. E todos estes despropósitos só están a ser paliados pola extraordinaria voluntariedade e dedicación do persoal, que trata de garantir unha atención sanitaria digna á poboación aínda sen o apoio nin a colaboración das autoridades sanitarias nas que recaen as competencias da sanidade pública galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego da precaria situación que vive dende hai anos a atención sanitaria no centro de saúde de Ribeira?

. Que medidas vai tomar para poñer fin á xa cronificada falta de persoal do mesmo?

. Vai cubrir as prazas vacantes que existen no mesmo e repoñer a totalidade do número de prazas asignadas a este centro? De ser así, cando? De non levalo a cabo, por que razón?

. Ten coñecemento a Consellaría de Sanidade da inminente xubilación dun dos dous profesionais médicos do centro de saúde da parroquia de Aguiño? De ser así, ten previsto substituír inmediatamente á persoa que se xubila?

. Cando vai cubrir a outra praza de facultativo dese centro que tamén está sen substitución da baixa do seu titular nestes momentos?

. Considera que diante das circunstancias que se están a dar nos dous centro, os e as pacientes están a recibir a atención sanitaria que lles corresponde?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 16/10/2024 09:32:35

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2024 09:32:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de atender a demanda de profesorado que fai a comunidade educativa do IES Val Miñor en Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Val Miñor de Nigrán ven de mobilizarse para esixir á Consellería de Educación a cobertura dunha praza de un profesor de matemáticas.

A finais de xullo, a piques de rematar o prazo para cargar a petición de profesorado para o curso 2024/2025, a dirección do IES Val Miñor detecta na aplicación unha praza a máis das que figuraban na relación provisional. Ante a dúbida a dirección solicitou información sobre a mesma aos Servizos de Inspección Educativa de Pontevedra e de Vigo, unha solicitude que non foi respondida.

O último día do prazo, ante a dúbida, a dirección do centro carga todas as prazas outorgadas.

Os problemas xorden cando a mediados de agosto comunícase a xubilación dun profesor de inglés, da que non se tivera coñecemento no centro con anterioridade e que como consecuencia non fora solicitada no prazo establecido, e cando non se cubre a praza dun profesor que na actualidade está nunha praza de asesor da consellería e que en anos anteriores fora substituído de oficio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de ter comezado o curso, nun primeiro momento Inspección Educativa comunica que non se van cubrir estas prazas e, logo da oportuna xustificación por parte da dirección do centro, a praza de inglés é cuberta cando o alumnado xa leva perdida máis de unha semana de clases.

Non ocorre o mesmo coa praza do profesor que está desempeñando funcións de asesor na consellería que a día de hoxe segue sen ser cuberta, cando en anos anteriores este profesor fora sempre substituído de oficio.

Indicar que no inicio do curso a Inspectora do centro non mostra ningunha dúbida e tranquiliza á dirección do centro ante o argumento do equipo directivo respecto da adxudicación das prazas. Despois desta conversación o centro confeccionou os horarios e organizou o inicio do curso contando coas dúas prazas que faltaban o que supuxo unha perda de tempo e un grave trastorno ao equipo directivo que ante a resposta de Inspección de que non se ía cubrir as prazas presentou a súa dimisión.

A Xefatura Territorial non aceptou a dimisión do equipo directivo e instouno a que procedera a elaborar novos horarios pois non se ía enviar máis persoal.

A falta do profesor de matemáticas que debería substituír á persoas que está nunha praza de asesor na consellería supón un mingua na calidade do ensino, e iso prexudica ao alumnado e ao profesorado que ve como ten un sobrecarga de traballo que non lle corresponde.

Na actualidade hai profesorado que está dando máis horas de docencia das que lle corresponden, o centro tivo que prescindir de medidas de apoio ao alumnado con necesidades educativas que estaban implantadas en anteriores cursos (agrupamentos de matemáticas en 1º de ESO ou desdobres nalguna materia), reducíronse as horas de atención á biblioteca e está en risco de desaparecer o Club de lectura que funcionaba moi ben.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta evidente a necesidade de dotar ao IES Val Miñor do profesor de matemáticas que precisan para garantir un ensino de calidade. O alumnado de Nigrán debe recibir a docencia a que ten dereito e o profesorado non pode seguir sufrindo as consecuencias dos recortes no ensino público do Goberno do PP.

Por todo o exposto formúlasne as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento o Goberno Galego da falta dun profesor de matemáticas no IES Val Miñor de Nigrán?

- Como valora o Goberno Galego que na actualidade haxa profesorado que está dando máis horas de docencia das que lle corresponden, que o centro teña que prescindir de medidas de apoio ao alumnado con necesidades educativas que estaban implantadas en anteriores cursos, que se reduzan as horas de atención á biblioteca ou que estea en risco de desaparecer o Club de lectura que funcionaba moi ben?

- Considera o Goberno Galego que o alumnado do IES Val Miñor vai recibir un ensino de calidade coa dotación de profesorado co que conta o centro na actualidade?

- Como valora o Goberno Galego o inicio de curso no IES Val Miñor? Que pensa de que unha vez iniciadas as clases non estiveran todos as prazas docentes cubertas e que o alumnado perdera horas de docencia?

- Que consideración lle merece que o equipo directivo tivera que refacer os horarios e reorganizar o inicio do curso pola negativa a cubrir a praza do docente de matemáticas por parte da Inspección Educativa?

- Considera o Goberno Galego necesaria a cobertura da praza de matemáticas no IES Val Miñor de Nigrán, en substitución do profesor que presta servizos como asesor na Consellería de Educación? Pensa que debería cubrirse esta praza con urxencia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 09:36:34

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 09:36:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a asistencia sanitaria no consultorio de Doiras, no Concello de Cervantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2024 desde o Bloque Nacionalista Galego denunciámos o peche do consultorio de Doiras, no Concello de Cervantes. Este centro, que presta asistencia sanitaria a 240 persoas, ficou sen médico logo de que a persoa titular da praza asumise outras responsabilidades.

Ao longo do verán tanto a Xunta de Galiza como o Partido Popular en Cervantes aseguraron que atención médica volvería a Doiras ao rematar o verán, porén, isto non aconteceu.

Ao rematar o mes de setembro o Partido Popular de Cervantes aseguraron que o consultorio reabriría desde o sete de outubro cunha médica ou médico e con servizo de enfermería. Sen embargo isto non aconteceu. Despois a Consellaría de Sanidade anunciou a apertura os martes e venres na segunda semana de outubro, mais o venres desa semana xa non houbo atención médica. A isto súmaselle que a atención dunha médica o martes foi en detrimento do centro de saúde de San Román que contou cunha facultativa menos. Unha situación que parece que a Xunta de Galiza ten intención de repetir. Desta forma non só non se cubre a vacante de Doiras, senón que se reduce a atención médica en San Román.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que a Xunta de Galiza e o PP incumpriron as promesas feitas á veciñanza de Doiras e, en xeral, do Concello de Cervantes. Unha poboación tremendamente prexudicada pola falta de asistencia médica no seu centro de referencia ao verse na obriga de percorrer máis de 20 quilómetros até o lugar de San Román para poder ser atendida por unha persoa facultativa.

Desde o BNG insistimos no dereito da poboación de Doiras e do conxunto da montaña de Lugo a contar cunha asistencia sanitaria digna, próxima e da máxima calidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cando vai cubrir a Xunta de Galiza a praza de médico no consultorio de Doiras?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 10:11:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 10:13:39

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2024 10:14:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da vivenda no concello de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unha década que se entregaron as últimas vivendas públicas construídas pola Xunta de Galiza na cidade de Lugo. Desde entón, toda a política social de vivenda do Goberno galego ficou paralizada.

Nos últimos meses, o Partido Popular anunciou novas construcións que, en todo caso, son vellas promesas. Así, a Xunta de Galiza asegurou no mes de maio de 2024 que construírá máis de catrocentas vivendas no barrio de Garabolos, 146 que levan pendentes desde hai anos xunto cun novo proxecto de 302 pisos que se erguerán, dixeron, en solares que son propiedade da Xunta desde hai máis dunha década.

Pendientes fican tamén as 58 vivendas que inicialmente a Consellaría de Vivenda ía construír no barrio do Castiñeiro e cuxo proxecto se paralizou para procurar outra ubicación logo da oposición veciñal. Con todo, continúa sen elixir o novo emprazamento malia que o Goberno galego conta na actualidade con solares da súa propiedade noutros barrios de Lugo.

Ao longo destes máis de dez anos desde que o Partido Popular volveu gobernar a Xunta de Galiza a construción de vivenda pública paralizouse practicamente por completo. Así, malia os anuncios e promesas dos últimos meses, a Xunta ten pendente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda cumprir con Lugo e dotar a cidade da vivenda pública que merece e, sobre todo, que necesita tendo en conta que existen máis de 1.216 persoas rexistradas como demandantes de vivenda neste concello. En troca, a cidade de Lugo conta con máis de 10.000 vivendas baleiras, segundo os últimos datos, que deberían mobilizarse para alugueiro accesible.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando vai cumprir a Xunta coa cidade de Lugo en materia de vivenda?
- En que prazo de tempo se comezarán a construír as vivendas proxectadas en Garabolos?
- Cantos solares urbanizables ten a Xunta de Galiza no Concello de Lugo e en que ubicación concreta se atopan?
- Por que non proxecta as vivendas pendentes do Castiñeiro noutro predio da súa propiedade?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 10:41:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 10:41:15

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 10:41:34





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Segundo a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga), o cerco é, ademais, a arte de pesca máis sostible medioambientalmente e que redunda directamente na economía do país.

A Organización Mundial da Saúde, que vai no mesmo sentido que os informes emitidos pola propia Axencia Española de Seguridade e Nutrición, recomenda tres ou máis racións semanais de peixe.

O Goberno galego non parece ter interese por buscar solucións de calado para promocionar o consumo do peixe nin para atallar a alarmante situación da caída de produción marisqueira das nosas rías.

O pulo do Goberno galego polo consumo de peixe galego, podería ser moito maior, fomentando o consumo de peixe do cerco ou de proximidade nas contratacións públicas das distintas entidades do sector público autonómico: comedores dos hospitais públicos, comedores escolares ou de residencias de maiores.

Asemade, no marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias





(páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas” .

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (artigo 1) ou da valenciana de fins de 2022 (artigo 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o Dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo





resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha Estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego, nomeadamente o consumo de peixe galego do cerco, nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico, para así contribuír a aumentar o consumo de peixe fresco e favorecer a transición enerxética, así como a redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas dos servizos de comedor dos hospitais públicos, escolares ou residencias de maiores, se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo peixe galego do cerco como “produto de proximidade”, ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 16/10/2024 11:22:37

Paloma Castro Rey na data 16/10/2024 11:22:47

Julio Abalde Alonso na data 16/10/2024 11:22:55





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2024 11:25:34
Nº Rexistro: 13495
Data envío: 16/10/2024 11:25:34.553

Carlos López Font na data 16/10/2024 11:23:04

CSV: BGRISIBP3gWUbfWm2-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

46123

@PSdeG





2. Que orzamento destinará a cubrir a asistencia socio sanitaria e outras prestacións que ten previsto a lei?

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/10/2024 13:30:42

Elena Espinosa Mangana na data 16/10/2024 13:30:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o rescate das autovías autonómicas AG 55 (Coruña- Carballo) e AG 57 (Vigo-Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do luns 14 de outubro tivo coñecemento dun informe sobre o rescate de catro autoestradas en réxame de peaxe en sombra. Á espera de coñecer os detalles da iniciativa, esta decisión constitúe unha rectificación e unha emenda á decisión do goberno da Xunta do PP de promover a construción de infraestruturas e equipamentos polo sistema de “colaboración” público privada e peaxe na sombra, moito máis gravoso para as arcas públicas tal como puxo de manifesto o informe do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro (que cifrou o sobrecusto en 470 millóns) e o informe do Consello de Contas do 26 de outubro de 2023 sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas, relativo á aplicación deste sistema na AG 56 Santiago-Brión; AG 41 do Salnés; AG 11 do Barbanza, AG 31 de Celanova e AG 55 da Costa da Morte.

Estes custos aumentaron dado que no ano 2014 se renegociáronse (requilibráronse) tres das concesión (O Salnés, O Barbanza e Celanova), o que tivo como consecuencia un incremento de 205 millóns nos pagamentos da Xunta ás concesionarias. Froito daquela decisión, agora a Xunta terá que incrementar a contía da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnización polo rescate das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense Celanova e Santiago Brión:

-AG 56 Santiago Brión: pagamento de 95 millóns a Dragados, Extraco e Francisco Gómez e Cia.

-AG 31 Celanova: pagamento de 85 millóns a Copasa e Extraco.

-AG 11 O Barbanza: pagamento de 72 millóns a Itinere e Abanca

-AG 41 O Salnés: pagamento de 45 millóns a Copasa, Puentes e Abanca.

A conclusión de todo este proceso, cando remate, é que o sistema de construción por colaboración público privada foi ruinoso para as arcas públicas e un lastre para os orzamentos en materia de infraestruturas.

En todo caso, á espera de coñecer os informes e estudos relativos aos custos do rescate das catro autovías citadas, temos que lembrar o que dicía o informe do Consello de Contas de outubro de 2023:

*“Na situación actual, coas renegociacións xa feitas, a nosa recomendación é que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, **existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros. (...).***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega de Infraestruturas debe analizar a revisión dos incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. En todo caso, e como consecuencia da dita revisión, a partir do ano 2032 debería deixar completamente sen efecto nas autovías do Salnés e do Barbanza os incrementos de tarifa do 38% e 35,5%, respectivamente”.

Mais a decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha discriminación para as comarcas que sofren autovías de peaxe de titularidade da Xunta, a Coruña-Bergantiños (AG 55) e Vigo-Val Miñor (AG 57), unha situación que supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competitividade destas zonas, nas que as citadas autovías constitúen eixos vitais de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta iniciar os trámites para o rescate das autovías AG 55 A Coruña-Carballo e AG 57 Vigo Val Miñor, de maneira que se poida facer efectivo no ano 2025?

Fixo a Xunta algún estudo sobre o custo económico deste rescate?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recoñece a Xunta que foi moi gravoso para as arcas públicas a utilización do sistema de colaboración público privada para a construción de infraestruturas?

Vai o goberno galego revisar os incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos, tal como recomendou o Consello de Contas?

Cal é o impacto económico da renegociación das concesión no custo do rescate das autovías AG 56, AG 31, AG 11 e AG 41?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Daniel Pérez López

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/10/2024 13:31:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/10/2024 13:32:05

Daniel Pérez López na data 16/10/2024 13:32:15

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 13:32:25

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 13:32:35

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 13:32:44

Iria Taibo Corsanego na data 16/10/2024 13:32:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os contratos da Xunta de Galiza coa mercantil Gallaecia Patentes y Marcas S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes constituíuse a iniciativa do grupo parlamentar do BNG a comisión de investigación sobre a contratación do executivo galego nos últimos anos, e parte do obxecto da comisión que se vai a estudar refírese aos procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.

Este día pasado, a través dunha publicación xornalística saíu á palestra que a Xunta de Galiza repartiu, en tan só sete anos, a cantidade total de 782.666 euros a través de 272 contratos menores, coa sociedade Gallaecia Patentes e Marcas SL, cuxo administrador é Joaquín Cuíña Barja, o irmán da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, Beatriz Cuíña Barja, número dous do presidente Alfonso Rueda, e persoa que leva ocupando altos cargos na Administración galega desde o primeiro goberno de Alberto Núñez Feijóo. De feito, o seu irmán leva gañando contratos “a dedo” de até 24 organismos dependentes da Xunta desde 2017, cando Feijóo aínda era presidente.

A maioría dos obxectos destes contratos fan referencia a solicitudes e renovacións de marcas e a súa tramitación na oficina española de marcas e patentes. Entre outras e gran parte dos contratos foron encargados pola Axencia Turismo de Galicia, organismo adscrito funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galiza e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orgánicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que a súa Secretaria Xeral é Beatriz Cuíña, irmá do administrador da empresa agraciada.

O Partido Popular posúe un Código ético e de conducta, no que no capítulo 3.5, que regula as pautas específicas de conductas respecto da contratación con terceiros, establece que “O Partido Popular non contratará a provedores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que coñecidamente ostenten a condición de funcionario público ou que teñan algún vínculo persoal, familiar e/ou de relación comercial con algún integrante do Partido”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Era consciente o goberno galego das relacións familiares entre o a empresa Gallaecia Patentes y Marcas S.L e a secretaria Xeral de presidencia, Beatriz Cuíña Barja?

- Considera o goberno galego que debiera absterse de contratar sen concorrencia competitiva mediante un contrato menor?

-Considera o goberno galego que existiu favoritismo na contratación fraudulenta da Xunta con Gallaecia Patentes e Marcas SL?

-Considera o goberno galego vulnerado o código ético do partido político que representan?

-Que opinión lle merece que nos últimos sete anos a contratación de servizos para a solicitude e tramitación de rexistros de marcas se realizara nun 82% para a empresa Gallaecia Patentes y Marcas S.L, namentres que o 18 % restante fora para contratar con outras cinco mercantís dedicadas a esta actividade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Existe algún informe da intervención da consellería reparando a contratación destes servizos?

- Que medidas vai adoptar o goberno galego cos cargos públicos que vulneraron o código ético do seu partido político?

-Vai o goberno galego a modificar a xestión administrativa cos contratos menores e a utilizar os procedementos de contratación adecuados respectando os principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade, de concorrência competitiva, de transparencia no procedemento, de non discriminación e igualdade de trato entre os potenciais candidatos?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/10/2024 13:36:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/10/2024 13:39:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as promesas incumpridas da Xunta de Galiza de impulsar Lugo como referente cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2019 o daquela conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciou a bombo e prato un plan da Xunta para impulsar Lugo como referente cultural. Entre as ideas do goberno galego para conseguir tal obxectivo aseguraron que:

1. A Xunta impulsaría a creación dun hotel-parador no Cuartel de San Fernando, botando por terra os compromisos históricos coa cidade e con ese edificio adquirido polo Concello de Lugo co obxectivo de crear nel un Museo Galaico-Romano ou da Romanización no que albergar parte fundamental dos restos arqueolóxicos atopados na cidade e que actualmente están gardados en distintas dependencias.
2. A creación no Pazo de Dona Urraca, no barrio da Tinería, dunha sede do CGAC, a primeira ubicada fóra de Compostela onde se atopa este centro museístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nada diso aconteceu. Máis ao contrario, lonxe de apostar por Lugo como referente cultural –en palabras do PP na Xunta-- o Goberno galego non cumpriu as súas promesas nin tampouco colabora co Concello en eventos culturais fundamentais para a cidade, a comezar pola Festas de San Froilán, ás que apenas achega 25.000 euros.

A Xunta leva anos incumprindo con Lugo, facendo anuncios que non chegan nunca a materializarse e mesmo cambiando de plans e proxectos dun ano a outro. A modo de exemplo, no mes de setembro de 2024 o mesmo goberno do PP na Xunta anunciou un concurso de ideas para ver que facer co Pazo de Dona Urraca. Non ía ser unha sede do CGAC?

A veciñanza de Lugo ten dereito a que o Goberno galego cumpra as súas promesas e sobre todo invista na cidade, tamén en políticas culturais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non cumpriu a Xunta de Galiza ningunha das promesas feitas en 2019 cando anunciou un Plan de impulso de Lugo como referente cultural?
- Por que continúa a Xunta de Galiza sen querer implicarse na creación do Museo Galaico-Romano ou Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando?
- Cando a Xunta anunciou unha sede do CGAC no Pazo de Dona Urraca sabía que era mentira e que non ía cumprir?
- Que plans ten a Xunta de Galiza para o Pazo de Dona Urraca sendo que é un edificio da súa propiedade desde hai máis dunha década?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non inviste o Goberno galego no principal evento cultural de Lugo como son as festas do San Froilan?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 16:34:39

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/10/2024 16:35:14

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2024 16:35:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de reforzar o persoal especialista no Equipo de Orientación para cubrir as necesidades do alumnado NEAE do CEIP As Veigas de Ponteareas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a situación do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e a falta de recursos de especialistas no CEIP As Veigas do concello de Ponteareas, que garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de apoios e reforzos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiras/os da súa clase.

Son alumnas e alumnos matriculados en distintos cursos e niveis que teñen un denominador común: todas elas e eles están diagnosticados, con informes médicos e tamén con informes da Orientadora do propio Centro escolar que permiten deducir que este alumnado máis vulnerable precisa duns apoios concretos e cuantificados de especialistas en Pedagogía Terapéutica (varios deles de xeito preferente), Audición e Linguaxe, ou inclusive necesidade de apoios por parte de Auxiliares Coidadoras/es, para poder avanzar tanto a nivel persoal como educativo.

Hai cinco nenos e nenas que por si mesmos non son quen de comunicarse e precisan axuda a través de dispositivos electrónicos comunicadores, pero só unha delas dispón deste medio imprescindible para o seu desenvolvemento nas clases e no centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero en total serían 6 os casos de alumnado que precisarían un PT preferente para cada un deles, pero o centro tan só ten concedido 1 para todo o centro.

No curso 2023/24, o CEIP tiña autorizados o Plan Proa+ e tamén o Acompaña, polo tanto dispuña de 2 especialistas a maiores de apoio ao alumnado NEAE dentro das aulas. Este curso o programa Acompaña desaparece e ao centro non lle concederon o

PROA +, polo que conta con dúas mestras de PT menos que o curso pasado a pesar de que na convocatoria do PROA+ quedou acreditado que é un centro cunha porcentaxe de alumnado vulnerable superior ao 30%.

Este curso 24/25, cunha porcentaxe maior de alumnado con Necesidades Específicas, As Veigas dispón de menos efectivos: 1 PT, 1 PT preferente, 1 AL e 1 AL compartido co CEIP Fermín Bouza Brey. Totalmente insuficientes para todos os que precisan PT preferentes as 5 horas lectivas cada día, canto máis para o resto de alumnado NEAE que a duras penas vanlle dedicar unha hora á semana dun especialista (PT ou AL).

Dende a dirección do centro levan reclamado os efectivos necesarios dende o verán para atender debidamente a este alumnado NEAE, e vista a insensibilidade da Consellaría cara aos máis vulnerables, son agora as nais e pais das afectadas as que deciden facer a reclamación ante todas as instancias educativas posibles, e non descartan futuras mobilizacións de cara a conseguir garantir os dereitos constitucionais das súas fillas e fillos, aos que se lle está negando a posibilidade de avanzar neste curso escolar. Un ano perdido que, nestas primeiras etapas do ensino, non se volve a recuperar, pero sobre todo as familias cheas de desesperanza ven como estes pequenos e pequenas están frustradas e desmotivadas por non poder seguir as clases como as demais compañeiras/os.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, o goberno da Xunta de Galiza, e máis en concreto o Conselleiro de Educación, leva todo o verán neste comezo de curso, como fixo na súa comparecencia no Pleno do Parlamento galego, alardeando de ter contratado o maior número de profesorado e especialistas da historia. Sacando peito de datos e máis datos que, segundo el, amosan que o ensino público está na mellor situación das últimas décadas.

Pero a realidade, segundo demostra un caso máis, como é o CEIP As Veigas, e outros moitos en todo o País, é outra ben diferente. Aulas con ratios máximas e alumnado NEAE entre eles, sen reforzos nas mesmas e sabendo as directivas que o persoal especialista que perden no seu cadro de persoal mingua a calidade educativa do seu centro.

Como fan sempre, deixan de lado e sen recursos ao alumnado máis vulnerable e que máis o precisa.

A comunidade educativa está demandando que se solvente esta situación surrealista que afecta á atención e inclusión do alumnado no concello de Ponteareas. Non queren que a súa escola se vexa prexudicada coas medidas de recortes que aplica ano tras ano a Consellaría de Educación, en lugar de dotar de maiores e mellores recursos aos centros e ao alumnado.

Nun momento onde o material tecnolóxico e dixital abunda en todas as escolas, resulta curioso que non se conte con algo tan básico como o profesorado necesario para impartir as distintas materias e para dar o apoio imprescindible e pautado ao alumnado NEAE, algúns deles cunha gran discapacidade.

De pouco importa ter en Galiza un 94% de inclusión, se esta non é efectiva, se non se teñen os recursos precisos para que a atención ao alumnado NEAE non sexa a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que cada un e cada unha delas precisa. Ao final convertemos aos centros educativos en
simples garderías de alumnado con NEAE.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación incorporar os especialistas necesarios para garantir unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado no CEIP, sobre todo a aqueles que precisan PT preferentes?
- Vai a Consellaría dotar do material e dispositivos de comunicación necesarios para o alumnado NEAE coa maior dilixencia posible?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 16:50:49

Ariadna Fernández González na data 16/10/2024 16:50:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do CEIP da Pobra do Brollón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil e Primaria da Pobra do Brollón adoece dunha situación ben mellorable, tal e como este grupo parlamentar ten constatado após tratar o tema co Anpa. Na actualidade, segundo puidemos constatar, falta un mestre desde o inicio de curso para desdobrar dous ciclos: 3º con 4º e 5º con 6º de primaria. A día de hoxe, 1º e 2º de primaria están agrupados con 14 alumnas e alumnos, mentres que 3º e 4º teñen 8 alumnas, e 5º e 6º suman 7. En total, hai 16 alumnos entre 3º, 4º, 5º e 6º que comparten horas de galego, música, educación física e relixión.

Desde a Anpa, manteñan a esperanza de que se lles enviase o profesional que precisan, esperanza que, infelizmente, xa perderon dada a situación. A conxuntura actual ten provocado que haxa familias que decidan quitar as súas crianzas do colexio e hai outras tantas familias que están a ponderar se facer o propio.

O apoio ao rural galego e ás zonas máis castigadas demograficamente do país, tamén pasa por garantir unha calidade educativa suficiente en todos e cada un dos centros de ensino de Galiza; o CEIP da Pobra do Brollón non merece menos que calquera outro centro. É por iso que desde o BNG reclamamos que se garanta a dotación dun profesional máis para o CEIP da Pobra do Brollón.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre o Goberno galego que a calidade educativa está garantida a día de hoxe no CEIP da Pobra do Brollón?
- Por que se nega a Xunta a enviar un novo profesional ao CEIP da Pobra do Brollón dada a necesidade que o centro ten?
- Cal é a planificación de futuro da Xunta de Galiza para o CEIP da Pobra do Brollón?
- Que resposta dá o Goberno galego ás familias que están a pensar sacar as súas crianzas deste centro por causa das eivas constatadas?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/10/2024 17:50:04

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 17:50:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do CEIP Xosé Luís Taboada, na Barrela (concello de Carballedo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Infantil de Primaria Xosé Luís Taboada, localizado na capital do concello de Carballedo, na Barrela, vén sufrindo nos últimos anos unha redución no número de alumnado, coincidente coa perda de poboación do Concello e do rural galego en xeral. O feito de que haxa poucas rapazas e rapaces no centro non deber ser, porén, escusa para deixar de dotar de profesorado suficiente ao mesmo.

Nos últimos tempos, desde o BNG puidemos constatar que neste centro hai unha aula mixta que agrupa 4º, 5º e 6º de primaria, con 16 alumnos en total, incluíndo un alumno de incorporación tardía en 5º. En 4º curso hai tres alumnas diagnosticadas con TDAH, polo que sería imperiosamente necesario desdobrar esa aula para garantir unha mellor atención ás súas necesidades.

É urxente dotar do profesorado necesario este centro para garantir a calidade educativa e non deixar morrer un centro que leva dando servizo ao concello de Carballedo durante décadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o Goberno galego que a calidade educativa está garantida a día de hoxe no CEIP Xosé Luís Taboada, da Barrela, en Carballedo?

- Por que non cre a Xunta de Galiza que hai que desdobrar a aula de 4º de primaria dadas as necesidades educativas constatadas?

- Cal é a planificación de futuro da Xunta de Galiza para o CEIP Xosé Luís Taboada?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 16/10/2024 18:06:31

Cristina Fernández Davila na data 16/10/2024 18:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o vertido do buque Toconao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro de 2023, o barco Toconao, de bandeira liberiana, perdeu seis contentores cargados con diversos materiais fronte ás costas portuguesas. Como consecuencia deste feito, as praias e as costas galegas víronse moi afectadas pola vertedura de pellets de plástico.

Logo dunha fase de inacción e de minimización do problema, con declaracións pouco acertadas e con derivación das responsabilidades cara os concellos e o goberno central, a Xunta mobilizou medios humanos e materiais para facerlle fronte á marea plástica.

A Consellaría de medio ambiente fixo avaliacións da cantidade de pellets recollidos e dos medios mobilizados pola Xunta.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal foi o importe total que supuxo para a Xunta de Galiza e os seus entes e organismos públicos a retirada e tratamento de pellets plásticos do vertido do buque Toconao?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que accións se tomaron contra o armador ou o posuidor da carga para recuperar estes gastos?

Que medidas impulsou a Xunta diante doutras administracións para previr e evitar no futuro novos vertidos deste tipo fronte ás costas galegas?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 12:18:53

Rosana Pérez Fernández na data 17/10/2024 12:23:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o colapso do servizo de Urxencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis, o servizo de Urxencias do CHUS está a sufrir as consecuencias do deterioro da sanidade pública orquestado polo Partido Popular. Os colapsos neste servizo son frecuentes, con pacientes amoreadas nos corredores mentres outras agardan horas para poderen ter unha cama de hospitalización despois de que lles fose asignada.

A asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS denunciou que este luns 14 de outubro ás 19h eran 31 pacientes en padiolas e cadeiras de rodas as que estaba nos corredores de acceso e contiguos ao servizo; ao mesmo tempo 25 pacientes co ingreso asinado agardaban por unha cama en planta.

Mais durante este mesmo mes de outubro xa tiveron lugar máis colapsos. O 7 de outubro ás 18h, 11 pacientes graves en cadeiras de rodas e padiolas estaban colocadas nos corredores de acceso agardando a ser atendidas nas zonas de traballo. A esa mesma hora, 30 pacientes co ingreso asinado agardaban a ser hospitalizadas.

Esta situación, ademais da obvia vulneración de dereitos que supón para as pacientes que se atopan nesta situación, impacta sobre o persoal do servizo, traballando nunha situación de sobrecarga constante e sen poder realizar correctamente o seu traballo pola falta de medios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O colapso do servizo de Urxencias do CHUS non é un feito illado, senón que se produce de xeito sistemático e permite ver as costuras dun sistema sanitario posto contra as cordas. A mala xestión realizada coas camas hospitalarias, a inaccesibilidade da Atención Primaria ou as listas de espera dos servizos hospitalarios son algunhas das causas que explican esta situación. Ás portas dun previsible incremento das asistencias a urxencias e ingresos motivados por patoloxías respiratorias coma a gripe agudízanse as alertas acerca das consecuencias que se producirán.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego das situacións de colapso que se producen no servizo de urxencias de xeito sistemático?
- Que valoración fai da vulneración de dereitos que supón que pacientes agarden nos corredores para poderen ser atendidas?
- Considera o goberno galego que os ingresos desde o servizo de urxencias, unha vez indicados por persoal facultativo, deben de producirse de xeito áxil? Por que motivo pacientes agardan durante horas para poderen ter a cama que lles corresponde?
- Por que non están operativas todas as camas existentes no CHUS?
- Cales son as medidas previstas para evitar que se sigan producindo estes colapsos no servizo de Urxencias?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/10/2024 12:41:42

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 12:44:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as previsións de construción dun novo centro de saúde no concello de Poio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción dun novo centro de saúde que substitúa o anticuado e saturado de Anafáns é unha demanda histórica da corporación e da veciñanza de Poio. Para satisfacer esta vella aspiración, o concello de Poio mercou a comezos de 2023 uns terreos na antiga canteira da Graña, que permitirían non só construír o centro de saúde senón outros moitos equipamentos necesarios para a veciñanza.

Daquela o alcalde mantivo un encontro co conselleiro de sanidade e co xerente do SERGAS na que lles informou da dispoñibilidade da parcela para facer o centro de saúde, de acordo cos informes dos técnicos municipais.

No mes de maio de 2023 persoal técnico do SERGAS e do Concello visitaron os terreos, e os representantes da Xunta quedaron en definir cal ía ser a localización concreta do centro de saúde dentro do terreo para facer a segregación do predio, recibir o terreo e facer o concello a tramitación urbanística correspondente.

Logo do cambio de goberno no Concello en xuño de 2023, este proxecto quedou paralizado por razóns partidistas. Ningún dos compromisos asumidos polas partes en maio de 2023 tivo continuidade e máis de quince meses despois os terreos están convertidos nun vertedoiro e nun almacén de materiais de obras do concello.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta asinar un convenio co concello de Poio que inclúa a recepción dos terreos da canteira da Graña, a participación da Axencia Galega de Infraestruturas para mellorar os accesos e a dotación dos medios necesarios para a construción do novo centro de saúde no prazo máis breve posible?

Vai a Xunta dotar unha partida nos orzamentos de 2025 para a redacción do proxecto, co obxecto de poder licitar as obras nesa anualidade?

Prevé o goberno galego a apertura dun proceso de diálogo co concellos, cos grupos políticos e coa veciñanza en relación cos usos futuros do actual centro de saúde de Anafáns?

Ten previsto o SERGAS manter a actividade asistencial nos centros de saúde de Combarro e Raxó?

Santiago de Compostela, 17 de outubro 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 12:52:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 12:52:13





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións chegou a un acordo en materia de pensións, xunto coas organizacións patronais CEOE, CEPYME, e as sindicais CCOO e UXT.

Entre outros aspectos, acordouse unha nova regulación da xubilación parcial e de xubilación activa para facela máis atractiva e mellorar a compatibilidade de emprego e pensión.

Neste ámbito mellórase a xubilación demorada coa posibilidade de recibir incentivo adicional por cada seis meses de demora a partir do segundo ano e coa súa compatibilidade coa xubilación activa.

Díxose que este acordo é de gran relevancia para os pensionistas de hoxe e do futuro e para os desafíos do noso mercado de traballo, xa que acaba coa dicotomía entre traballador e pensionista e adáptase ás necesidades de cada persoa.

Goberno de España e interlocutores sociais lograron un punto de entendemento nos avances para a regulación das modalidades de compatibilidade de traballo e pensión, en concreto, no que se refire á xubilación activa e a xubilación parcial.

En definitiva é unha mellora do tránsito do traballo á xubilación.





Con estas medidas, búscase que os traballadores poidan realizar unha saída do mercado de traballo máis progresiva e flexible, en liña cos países da nosa contorna, máis adaptada ás condicións e situacións de cada persoa traballadora.

E unha gran novidade é que a xubilación anticipada parcial se pode aplicar ao persoal estatutario.

A xubilación anticipada total ou parcial era unha posibilidade que ata a data non era concedida ao persoal estatutario. E por mor deste acordo é posible. E parece razoable que non existan discrepancias entre diferentes comunidades autónomas.

Ademais das vantaxes que poida ter para o traballador, consideramos que pode axudar tamén a resolver a situación de carencia de profesionais médicos. Os facultativos de Atención Primaria, médicos de Familia e pediatras, adscritos ao Sistema Nacional de Saúde con nomeamento estatutario ou funcionario poderán continuar desempeñando as súas funcións durante a prórroga no servizo activo e, simultaneamente acceder á xubilación percibindo o 75 % do importe da pensión de xubilación.

E xa non é que poidan ser diferentes os criterios entre comunidades autónomas, senón que todo parece indicar que a aplicación é desigual nas diferentes áreas sanitarias de Galicia.

Ademais das vantaxes que poida ter para o traballador, consideramos que pode axudar tamén a resolver a situación de carencia de profesionais médicos porque quizais máis profesionais se animasen a continuar un pouco máis nas condicións de xubilación mencionadas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2024 12:59:54
Nº Rexistro: 13564
Data envío: 17/10/2024 12:59:54.964

Por todo iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai aplicar a Xunta de Galicia os acordos entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e organizacións patronais e sindicais de xubilación parcial ao persoal estatutario médico?
2. Vai aplicar a Xunta de Galicia os acordos entre Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e organizacións patronais e sindicais de xubilación activa ao persoal estatutario médico?

Parlamento de Galicia, 16 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/10/2024 12:47:57

Silvia Longueira Castro na data 17/10/2024 12:48:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Cristina Fernández Davila, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os proxectos eólicos nos concellos da Lama, Fornelos, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A administración autonómica está a tramitar os proxectos eólicos

-Edreira 1, de 8,4MW e 2 aeroxeradores (no concello de A Lama)

-Ampliación de Edreira 1, de 16,8 MW e 4 aeroxeradores (no concello de A Lama).

-Coto de Eiras, de 48 MW e 10 aeroxeradores (nos concellos de Fornelos de Montes e Mondariz).

E as infraestruturas de transformación e evacuación destes parques eólicos até a SET Pazos de Borbén.

Na zona na que se pretenden instalar estes proxectos están en estudo diferentes espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e outros hábitats de interese prioritario. Dada a importancia ambiental, o goberno galego debería proceder á súa protección cautelar e preventiva, suspendendo todos os proxectos industriais que poderían dar lugar a unha perda irreparable para o patrimonio natural e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

biodiversidade. Ademais, neste ámbito existen diversas especies ameazadas e en perigo de extinción, que non están correctamente avaliadas no estudo de impacto ambiental.

Na zona na que se pretenden implantar os proxectos de referencia existen numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suido: chozos, sesteiros, foxos do lobo... Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, técnica de construción que figura incluída no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial. Dado o carácter único deste conxunto etnográfico, debería ser obxecto dunha protección específica e diferenciada como Bens de Interese Cultural na modalidade de paisaxe cultural. Ademais, resulta necesario proceder a un estudo exhaustivo e a unha catalogación completa do patrimonio arqueolóxico (nomeadamente mámoas e petróglifos), para evitar a afección a estes bens.

Tamén é preciso levar a cabo estudo exhaustivo e protección dos camiños históricos que atravesan a zona (camiños vreeiros, camiño dos arrieiros...) para a súa recuperación, divulgación e posta en valor. Tanto os proxectos obxecto das presentes alegacións, como outros en tramitación, poderían causar danos irreversibles neste valioso patrimonio cultural.

As infraestruturas dos proxectos eólicos Edreira I, ampliación de Edreira I, Coto das Eiras e as infraestruturas de transformación e evacuación, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora.

O proxecto Coto de Eiras e a liña de evacuación tamén terían un forte impacto visual nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico Traspíelas, Río Barragán e río Oitavén.



Os proxectos en tramitación teñen unha forte incidencia na rede hídrica, en humidaís de interese e nos acuíferos que abastecen as captacións de auga para abastecemento humano. Na documentación dos proxectos non se avalía correctamente a afección aos recursos hídricos.

As grandes dimensións das infraestruturas proxectadas e a súa proximidade a núcleos habitados terá efectos negativos na saúde a causa dos ruídos, dos efectos luminosos e do pestanexo de sombras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os proxectos eólicos en tramitación terán unha incidencia negativa en actividades económicas tradicionais como os proxectos agrogandeiros e forestais, que están sendo potenciados e reactivados como parte dunha estratexia de dinamización e recuperación do rural.

Tamén haberá unha incidencia negativa en actividades turísticas, que teñen un grande potencial de crecemento na zona polos seus atractivos paisaxísticos, culturais e de lecer. A implantación masiva de proxectos industriais eólicos crea un efecto disuasorio neste sentido, e pode repercutir na paralización de proxectos de dinamización turística.

Estes proxectos industriais de produción de enerxías renovábeis xerarán grandes beneficios para as empresas promotoras, e terán unha repercusión mínima no territorio afectado.

O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona supera a capacidade de acollida do territorio. Nun radio de 25 km xa existen 17 parques eólicos en funcionamento, que suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores). No estudo de impacto ambiental non se fai unha correcta avaliación do impacto sinérxico e acumulativo desta enorme cantidade de proxectos.

Por último, estamos diante dunha fragmentación dun único proxecto, de 73,2 MW, promovido polo mesmo grupo empresarial, que debería tramitarse como tal, co seu correspondente estudo de impacto ambiental conxunto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta levar a cabo as medidas de protección do patrimonio natural, cultural, da paisaxe da serra do Suido?

Á luz dos informes e estudos dos que dispón o goberno galego, vai desbotar os proxectos eólicos en tramitación (Edreira I, Edreira I ampliación, Coto de Eiras e infraestruturas de evacuación e transformación) que afectan negativamente aos concellos de A Lama, Fornelos, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén?

Considera o goberno galego que os proxectos eólicos en tramitación (Edreira I, Edreira I ampliación, Coto de Eiras e infraestruturas de evacuación e transformación) constitúen un caso de fragmentación fraudulenta de proxectos de deberían tramitarse de maneira conxunta?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/10/2024 13:32:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 17/10/2024 13:32:53

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 13:33:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos sobre o índice de risco de pobreza e exclusión social de Galiza deixan ver que o 25,8% da nosa poboación infantil se atopa en risco de pobreza, chegando a 93400 menores sufrindo esta situación no noso país. Así mesmo, a pobreza severa galega foi a que máis medrou do estado español, chegando a un 10,3% da poboación, datos que evidencian a falla de acción ou a súa insuficiencia por parte do goberno galego. En Galiza unhas 60000 persoas ao mes comen grazas aos bancos de alimentos, dependendo directamente da entrega de alimentos, unha cifra que aumenta no noso país, medrando nun ano as demandas nun 50%, de xeito que a evolución no noso país é preocupante.

A renda real sufriu unha perda evidente en Galiza, onde aumentan os fogares cun ingreso menor do 40% da renda mediana dispoñible, e o 45% das familias reconece chegar a fin de mes con dificultades. No noso país o 55,2% das familias galegas non se contabilizan como familias en risco de pobreza, sen embargo sofren privación de material severa, onde manter a casa a unha temperatura adecuada non é posible, onde non teñen capacidade para consumir carne ou peixe cada dous días ou non poden gozar de vacacións unha semana ao ano.

Nun informe actual sobre hábitos alimentarios de xente nova entre os 6 e os 18 anos conclúe que máis da metade dos nenos, nenas e adolescentes de fogares con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escasos recursos estiveron preocupados pola falla de algúns alimentos. O 75% dos nenos e nenas en situación de vulnerabilidade social sofre dificultades para acceder a alimentos que lle son beneficiosos para a súa saúde, ou simplemente para acceder a alimentos de xeito regular. Ese informe revela que un 27% deses menores foron durmir con fame e o 11% deles confesou que pasaran alomenos un día e unha noite enteira sen consumir ningún alimento. Deste xeito temos un 29% destes menores están actualmente nunha situación de inseguridade alimentaria severa, datos reveladores do estado de desatención destes menores por parte da administración.

O problema non só é o da falla de alimentos, tamén temos que ter en conta a chamada “fame oculta”, que se refire á falla de equilibrio nutricional. Os casos de obesidade derivados dunha baixa calidade alimentaria nos fogares con menos ingresos duplícase en comparación coas familias onde non existe este risco de pobreza ou carencia de material severa, de xeito que non é de estrañar que un de cada tres menores de entre 6 e 18 anos sufran obesidade. Este tipo de alimentación durante a infancia, onde os valores nutricionais son escasos, está moi relacionada cun posible desenvolvemento de enfermidades, tales como diabetes ou enfermidades cardiovasculares. Nestas idades, segundo responsables de pediatría, é moi importante darlle importancia á saúde nutricional, considerándoo un período crítico para un correcto desenvolvemento.

Recentemente, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas e Nutricionistas fixo un chamamento para ofrecer pratos máis saudables nos centros de ensino. É aí onde comen case a metade dos nenos e nenas, segundo o Ministerio de Consumo nun informe de 2023, chegando ao 40% das crianzas as que non comen nos seus fogares por motivos, entre outros, de conciliación familiar. É por iso que os comedores escolares son de vital importancia na alimentación dos menores, así coma da calidade desta alimentación. No caso de Galiza, dietistas-nutricionistas do SERGAS declararon que os menús escolares galegos teñen moito marxe de mellora, con necesidade de aumentar alimentos coma a froita, verdura, legumes e peixe, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo. A mellora destes aspectos serían de especial importancia á hora de aforrar en canto a problemas de saúde derivados dunha alimentación desequilibrada nas crianzas e garantirían a achega nutricional adecuada para todas e todos, favorecendo a calidade na alimentación de todas aquelas crianzas que se atopan en risco de pobreza e exclusión social, aqueles vítimas da pobreza severa e da pobreza de material severa, que acada porcentaxes moi elevados da poboación galega.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Prevé a Xunta de Galiza modificar para o curso 2025/26 os menús das escolas infantís e centros de ensino para que todos os nenos reciban as racións recomendadas de peixe e carne semanais, priorizando os produtos de proximidade?

. Que medidas se tomarán por parte da Xunta de Galiza para garantir que os menores accedan as racións de peixe e carne recomendadas?

. Prevé a Xunta de Galiza realizar estudos sobre a “fame oculta” nos menores de idade?

. Que solucións aportará a Xunta de Galiza para reverter a tendencia que declaran os bancos de alimentos que aseguran que as demandas de alimentos por parte da poboación en risco aumentan diariamente?

. Considera a Consellería de Política Social que o investimento para reverter a pobreza severa son abondos e están tendo o efecto desexado?

. A raíz dos datos de consumo de peixe por parte das familias, que revelan un decrecemento moi intenso na última década, considera a Xunta de Galiza que se están a desenvolver as medidas precisas para reverter esa situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:17:21

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:23:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o servizo de pediatría nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei na provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei comparten unha mesma pediatra que vai rotando polos centros de saúde. Así pasa consulta dous días á semana en Cospeito a 318 crianzas entre 0 e 14 anos segundo os datos do IGE; dous días en Castro de Rei, con 440 nenas e nenos e un día, o venres, en Outeiro de Rei, con 621 nenas e nenos.

Actualmente, estes tres municipios quedaron sen pediatra ao non cubrir o SERGAS a baixa laboral da persoa titular. Esta situación fai que as nenas e nenos sexan atendidos por médicos de familia, non pediatras, ou que se vexan obrigadas as familias a acudir ás urxencias pediátricas do HULA.

Esta situación non acontece por vez primeira, xa en xullo de 2023 o G.P. do Bloque Nacionalista Galego trasladou ao Parlamento a ausencia de pediatra nestes concellos e os prexuízos que supuña para as nenas e nenos destes municipios rurais.

De igual maneira, a falta de pediatras non é exclusiva nin dos concellos do rural nin do interior de Galiza, lamentablemente. De feito, a Asociación de Pediatría sitúa en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis de 11.000 as nenas e nenos sen pediatra asignado e, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) para 2021, último ano con cifras, o 61,9% dos municipios galegos non dispoñen de pediatría, prestando este servizo noutros 43 municipios persoal médico sen titulación nin formación axeitada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cando vai cubrir a Xunta de Galiza a praza de pediatra nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2024 17:34:06

Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/10/2024 17:34:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2024 17:34:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación do PLAN MEGA pola Consellaría de Educación, como medio de agochar os recortes de profesorado e especialistas nos centros educativos galegos utilizando fondos europeos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro o PP na Xunta de Galiza aprobaba no Consello de Goberno, a proposta da Consellaría de Educación, o Plan de Mellora Educativa PLAN MEGA con varios obxectivos, segundo o executivo galego:

- Reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo.
- impulsar medidas específicas de atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro.
- Mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose.
- Promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que Rueda vendía en rolda de prensa nada máis rematar o Consello sobre este Plan era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Visto así, parece un gran gran Plan para solventar todos os problemas que ten o ensino na actualidade, pero nada máis lonxe. Porque se os centros galegos están sen os efectivos de docentes e especialistas que precisan é porque a mesma Consellaría que agora recorre a este Plan conseguido a través de Fondos Europeos, dous meses antes deste Consello de Goberno negaba a todos os centros escolares os efectivos de persoal que precisaban e solicitaban.

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento aos obxectivos antes enumerados. Proxectos como:

- **Promociona** (apoio, participación e promoción do alumnado NEAE),
- **PROA+** (reforzo, orientación e apoio),
- reforzo da competencia lectora,
- reforzo da competencia matemática,
- apoio educativo para o alumnado estranxeiro e
- impulso de centros referentes.

Os Programas Promociona e Proa+, serían polo tanto os que estarían destinados a unha maior e mellor atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero este Plan Mega da Consellaría de Educación non supón unha innovación nin un suplemento nos recursos necesarios para mellorar a atención do alumnado máis vulnerable e con necesidades específicas, xa que inclúe programas xa existentes, desbotando tamén outros que funcionaban positivamente e eran moi valorados polos centros educativos, como é o Proxecto “Acompaña” finalizado en xuño.

O PP na Xunta, acadou máis de 18 millóns de euros de fondos europeos e do Ministerio para xustificar o Plan Mega co que trata de compensar a custe 0 os recortes de profesorado e especialistas previos e serviu para asinar un acordo cos sindicatos minoritarios que a mesma Consellaría está disposta agora a incumprir. Tratan de usar estes cartos para cubrir necesidades ordinarias dos centros escolares e non como apoio e reforzo a maiores para este alumnado NEAE.

Os efectivos do Programa Proa+ acaban de ser asignados, defraudando a numerosos centros que tiñan postas moitas esperanzas neste apoio especializado e que non acadaron nin unha soa PT ou AL, mais outros programas como os reforzos en competencia matemática e lectora ou Escola 4.0 ou Benestar están aínda sen desenvolver despois de máis dun mes de iniciado o curso ou dende o 1 de setembro, data de inicio da vixencia dos fondos.

Mentres o Conselleiro de Educación e o Presidente da Xunta anunciaban por todo o alto este Plan Mega de “Mellora Educativa”, as direccións dos centros foron obrigadas a reunirse coas ANPAs e coas as familias para informarlles da situación tan precaria que terían neste curso escolar por falta do profesorado e especialistas necesarios para a atención ao alumnado, sendo o máis afectado o alumnado NEAE.

E neste contexto, utilizaron o Programa Promociona para cubrir a falta de profesorado, casos escandalosos nos centros afectados, mais cunha contratación precaria e prexudicial para este persoal. Docentes que estarían destinados a apoio e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforzo do alumnado máis vulnerable, están a realizar nos centros funcións estruturais e ordinarias, como titores/as nas aulas por exemplo.

As contratacións deste persoal docente produce unha discriminación laboral clara, por incorporarse ao curso tan só por 10 meses, ata o 30 de xuño, sen tempo a poder elaborar informes, estatísticas e a preparación de material para o seguinte curso. Cunha necesidade imperiosa de profesorado e especialistas nos centros, un porcentaxe elevado dos e das docentes son incorporadas á media xornada, tan só 4 horas sen compartir con outra escola.

Polo tanto á comunidade educativa acaba de convocar unha gran mobilización en Santiago para o vindeiro día 26, porque entende que non é de recibo que mentres os centros e o seu alumnado carecen dos docentes e especialistas precisos o Conselleiro e o Presidente da Xunta non deixan a propaganda e de gabarse de ser o curso que conta con maior número de profesorado.

Organizacións que conforman a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, CIG-Ensino, ANPAS Galegas, ERGUER, Asociación Socio-Pedagóxica Galega /AS-PG), queren pór de manifesto que a situación do ensino público non fixo máis que deteriorarse nos últimos anos con menos docentes, máis materias afíns e docentes compartidos por varios centros, menos especialistas para a atención á diversidade, máis burocracia e menos recursos públicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación incorporar os especialistas necesarios para garantir unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado nos centros galegos, sobre todo a aqueles que precisan PT preferentes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Porque non se contrataron os efectivos incluídos no Plan Mega con data 1 de setembro, cando se habilitaron os fondos europeos?
- Como vai a distribuír a Consellería os máis de 18 millóns de euros entre os diferentes Programas incluídos no Plan Mega?
- Porque non se teñen impulsado aínda todos os programas incluídos no Plan Mega?
- Vai a aumentar a partida orzamentaria no 2025 para poder asumir o incremento de profesorado e especialistas onde sexa preciso nos centros educativos do País para garantir os dereitos de todo o alumnado, tamén aquel con NEAE?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:39:40

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:41:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de especialistas de Pedagogía Terapéutica no CEIP de Mondariz Balneario para atender ao alumnado NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Dirección Territorial de Educación en Pontevedra a demanda da comunidade educativa do CEIP de Mondariz Balneario para resolver as carencias dotacionais de especialistas en Pedagogía Terapéutica que afectan á atención do alumnado máis vulnerable.

Dende o comezo do curso, as familias son conscientes da falta de efectivos que proporcionen ás súas fillas e fillos un apoio e reforzo para poder seguir as clases lectivas en igualdade de condicións que o resto do alumnado.

Por outra parte, un dos alumnos NEAE ten unha discapacidade do 70%, polo tanto debe ter garantido o dereito de poder contar durante todo o curso dunha PT preferente que acompañe a este neno durante as 5 horas na súa aula e que facilite o seguimento das distintas materias.

O CEIP de Mondariz Balneario é unha escola que está incrementando o número de alumnado ano a ano, debido entre outras cousas á súa situación nunha vila cun grande patrimonio cultural e natural e que harmoniza á perfección coa contorna rural. Neste intre, a falta dos recursos docentes precisos pode limitar que esta matrícula poda seguir incrementándose.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A dirección do centro, tiña esperanza de que co PLAN+ chegasen os efectivos precisos de PT segundo anunciaba en prensa o Conselleiro de Educación coa incorporación de 400 docentes a “maiores” repartidos en distintos programas. A resolución provisional dos efectivos PROA+ saíron estes días e deixounos perplexas, xa que non tiñan ningún asignado.

Isto parece ir en contra da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, que establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Queda claro pois, que a comunidade educativa é consciente da restrición de dereitos realizada ano tras ano pola Consellería de Educación ao alumnado galego que sufren todos os centros educativos e consideran que a escola de Mondariz Balneario non pode ser usada como gardería para estes nenos e nenas que máis precisan de atención, de apoio e reforzos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Consellaría de Educación completar o cadro docente de especialistas de Pedagogía Terapéutica, que posibilite unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado NEAE matriculado no CEIP, sobre todo tendo en conta o alumno cunha discapacidade dun 70% que precisa un PT preferente?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González


Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/10/2024 17:55:57

Ariadna Fernández González na data 17/10/2024 17:56:45





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

